



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 24 de SETEMBRO de 2020(873/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e catro de outubro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(730).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 17 de setembro e extraordinaria e urxente do 18 de setembro de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(731).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS (RELACIÓN Nº 8/2020). EXPTE. 13082/111.**

Dáse conta do informe-proposta de data 21/09/2020, asinado polo letrado-xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

Relación XGL nº 8/2020

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Contencioso. Expediente nº 12029/111

Providencia do 22 de xullo de 2020

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo

Casación 6354/2019

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Acordo da X.G.L. do 10/08/2017 denegación resolución contrato concesión do SP para redacción, proxecto, construción e xestión de tres aparcadoiros públicos na Avda. Castelao, Genaro de la Fuente e Rosalía de Castro

Expte(s): 636-449

Contía: (Indeterminada)

Inadmite o recurso de casación municipal por carencia de interese casacional obxectivo, con custas de oficio taxadas.

O departamento de Contratación debe coñecer o resolto.

Proc. Orixe RCA 328/2017 PO Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, sentenza nº 36 do 06/02/2019 comunicada na XGL do 29/03/2019.

Apelación 7039/2019, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, sentenza nº 155 do 07/06/2019 comunicada na XGL do 18/07/2019

2.- Social. Expediente nº 12251/111

Sentenza nº 225 do 23 de xullo de 2020

Xulgado do Social (Reforzo) nº 2 de Vigo

Ordinario: 540/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: reclamación de cantidades por diferenzas salariais e pagamento de horas extras,

Esta sentenza desestima a demanda e absolve ao Concello do pretendido (conforme a sentenza do TSXG, Sala do Social do 14/05/2013 considera vixente e aplicable o acordo-marco do Plan de Emprego)

O departamento de Persoal e o Servizo de Emprego deben coñecer o resolto.

3.- Social. Expediente nº 12278/111

Sentenza do 23 de xullo de 2020

TSX Galicia, Sala do Social

Suplicación 5460/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: demanda en materia de incumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e reclamación de danos e prexuízos.

Desestima o recurso da demandante contra a sentenza de instancia que é confirmada.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto (e o de Seguridade-Policía Municipal).

Proc. Orixe 248/2019, Xulgado do Social nº 2 de Vigo, sentenza nº 403 do 16/09/2019, desestimatoria, comunicada na XGL do 10/10/2019



## Concello de Vigo

4.- Social. Expediente nº 12334/111

Sentenza nº 265 do 27 de xullo de 2020

Xulgado do Social nº 5 de Vigo

Ordinario: 860/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: reclamación do dereito a ser declarada como persoal laboral temporal indefinido, non fixo, do Concello de Vigo

Expte(s): 34511-220

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda.

O departamento de Persoal e o de Educación-EMAO deben coñecer o resolto (así como tomar as medidas necesarias para evitar a prolongación no tempo destas situacións de interinidade, e adecuar as prazas ao tempo efectivo de traballo requirido suxeito ao réxime xeral de control horario; ningún "plan de estudos" pode modificar o establecido normativamente con carácter xeral en relación co tempo de traballo real, esixible e retribuído).

5.- Contencioso. Expediente nº 12429/111

Sentenza nº 119 do 16 de xullo de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: sanción por infracción de tráfico.

Expte(s): 2019/38355

Esta sentenza, firme, desestima o recurso

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

6.- Social. Expediente nº 12568/111

Sentenza do 29 de xullo de 2020

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 847/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: recoñecemento de dereitos e cantidades fronte ao Concello de Vigo, derivados do contrato de traballo temporal no marco do plan municipal de emprego, para a inserción laboral "Mulleres Vítimas Violencia de Xénero" ano 2018

Esta sentenza, que non é firme, pero contra a que só cabe a interposición de recurso de Casación en unificación da doutrina, estima o recurso e condena ao Concello ao aboamento das cantidades correspondentes ás diferenzas salariais.

A sentenza rexeita a modificación dos feitos xa declarados probados, pero conclúe que existe identidade de funcións entre unha persoa traballadora temporal e unha persoa traballadora indefinida que realice a mesma función. En calquera caso nega que existise diferenza de trato con respecto á empregada por razón de xénero e condición da mesma, senón que o debate é con respecto ao vínculo contractual.

O Servizo de Emprego e Participación Cidadá debe valorar con carácter xeral as posibles repercusións xurídicas deste criterio xurisprudencial, e executar a sentenza.

7.- Contencioso. Expediente nº 12577/111  
Sentenza nº 118 do 23 de xullo de 2020  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 352/2019  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: resolución do 04/09/2019 ditada en expediente sancionador.  
Expte(s): 2019/15319

Esta sentenza, firme, desestima o recurso con custas taxadas de oficio  
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 12669/111  
Decreto nº 56 do 23 de xullo de 2020  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 46/2020  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: recoñecemento do dereito a percibir os complementos de nocturnidade, festividade e xornadas de dispoñibilidade durante os períodos de baixa por IT por mor dun accidente de traballo.  
Expte(s): 31505/220

Acepta o desistimento do demandante.  
O departamento de Persoal (e o de Seguridade-Policía Municipal) deben coñecer o resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 12677/111  
Sentenza nº 145 do 7 de xullo de 2020  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 51/2020  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: resolución do Concello de Vigo que acorda impoñer sanción pola comisión dunha infracción de tráfico.  
Expte(s): 2018/31058

Esta sentenza que é firme, estima o recurso e anula a resolución recorrida, condenando á devolución tamén da taxa por retirada do vehículo máis os xuros.

A resolución considera que a UTE solicitante da autorización para a ocupación do dominio público se extralimitou na ocupación do espazo. Polo tanto, e ante a ausencia dunha prohibición de estacionamento, decae a tipicidade, e procede a anulación da sanción.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto e executar a sentenza.

10.- Contencioso. Expediente nº 12682/111  
Sentenza nº 143 do 7 de xullo de 2020  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 56/2020  
Demandante/Recorrente: Particular



## Concello de Vigo

Obxecto: acordo do TEA do 12/11/2019 desestimatorio da reclamación formulada contra desestimación do recurso de reposición presentado contra dilixencia de embargo.

Expte(s): 40528/700 e 4913/550

Esta sentenza, que é firme por contía, estima parcialmente a demanda do actor, atendendo aos alegatos dos defectos de notificación e de prescrición.

Xa no informe elaborado pola Recadación Executiva, revisados os expedientes con anterioridade á vista, acordouse iniciar de oficio un expediente de devolución.

No resto dos extremos, a sentenza aprecia prescrición con respecto a algunha das relacións que se recollen nese informe, polo que procede comprobar aqueles que se anulan e os que a sentenza declara válidos.

Na parte dispositiva se indica que declara axustada a dereito a dilixencia de embargo no relativo á taxa do lixo 2012, o IBI 2014, o lixo 2015 e o lixo 2018.

A Recadación Executiva e o TEAC deben coñecer do resolto a fin de executar a sentenza.

11.- Contencioso. Expediente nº 12707/111

Sentenza nº 157 do 31 de agosto de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 63/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do 26/04/2019 desestimatoria das alegacións formuladas contra sanción de data 20/06/2018.

Expte(s): 0188659827

Esta sentenza, que é firme, estima o recurso e anula a resolución con devolución do ingresado e as costas de oficio.

A sentenza considera non probado o feito que xustifique que a sanción non se lle puido notificar no momento por parte do axente, o que vicia o procedemento. Ao non ser válida a denuncia que inicio o procedemento, a resolución carece de sustento xurídico e debe anularse.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto e proceder á execución da sentenza.

12.- Contencioso. Expediente nº 12720/111

Sentenza nº 115 do 23 de xullo de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 71/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución de expediente sancionador, notificada o 11/02/2020.

Expte(s): 2019/81247

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación deben coñecer o resolto.

13.- Contencioso. Expediente nº 12731/111

Sentenza nº 147 do 7 de xullo de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 57/2020

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: desestimación da reclamación económica administrativa contra desestimación r. reposición contra dilixencia de embargo.

Expte(s): 4953/550C

Esta sentenza desestimatoria, firme, impón as custas á demandante.

A resolución considera que os razoamentos do TEAC son correctos e axustada a dereito a actuación administrativa anterior, desbotando a existencia da prescrición, como se alegaba pola parte actora.

Porque a notificación (en prazo e no domicilio correcto) da dilixencia de embargo interrompe a prescrición, e polo tanto, o acto impugnado é correcto.

O TEAC debe coñecer do resolto.

14.- Contencioso. Expediente nº 12734/111

Sentenza nº 134 do 28 de xullo de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 78/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación da reclamación económica administrativa contra desestimación presunta das solicitudes de anulación de autoliquidacións de IIVTNU.

Expte(s): 4993/550, 4996/550 e 4998/550

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso e anula as resolucións do TEAC do Concello de Vigo, desestimatorias das reclamacións económico-administrativas presentadas contra denegación das solicitudes de rectificación de autoliquidacións e devolucións de ingresos indebidos practicadas no imposto do incremento do valor dos inmobles de natureza urbana, con respecto ás fincas e nos expedientes sinalados na súa parte dispositiva. Sen imposición de custas.

A sentenza estima parcialmente a demanda con base, no informe pericial de parte, xunto coa documental aportada polo Concello, ao concluír que con respecto a dúas das fincas existiu unha minusvalía, e na 2962108ZH houbo plusvalía suxeita a tributación.

A Administración de Tributos debe coñecer do resolto e executar a sentenza.

15.- Contencioso. Expediente nº 12737/111

Sentenza nº 126 do 30 de xullo de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 83/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimento da reclamación económico-administrativa, contra desestimación do recurso de reposición da solicitude de rectificación de autoliquidación de IIVTNU.

Expte(s): 4180/550

Esta sentenza, firme (por contía) estima o recurso, anula o acto recorrido e obriga á devolución (como ingreso indebido) da autoliquidación polo terro da rúa Curros (no así polo da Travesía da r. Cantabria) o 11/04/2016, con custas taxadas de oficio.



## Concello de Vigo

O departamento de Ingresos-IIVTNU e a Inspección de Tributos deben executar o resolto (devolución de ingresos indebidos)

16.- Contencioso. Expediente nº 12749/111

Decreto nº 16 do 29 de xullo de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 73/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial por danos nun vehículo na Estrada da Garrida-Valadares.

Expte(s): 5921/243

Acepta o desistimento do demandante (recoñecemento extraxudicial pola concesionaria do servizo de augas).

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

17.- Contencioso. Expediente nº 12752/111

Sentenza nº 117 do 23 de xullo de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 94/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución sancionadora ditada o 03/02/2020, con imposición de multa de 200 euros.

Expte(s): 2019/70807

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto

18.- Contencioso. Expediente nº 12833/111

Sentenza nº 155 do 31 de agosto de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 124/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación por silencio administrativo da reclamación de RPA polos danos ocasionados ao seu vehículo cando accedía ao seu domicilio no barrio histórico, zona de acceso restrinxido e controlado mediante semáforos conectado a mecanismo de pivotes.

Expte(s): 5872/243

Esta sentenza desestima o recurso interposto polo actor, contra a resolución administrativa que desestima a reclamación por danos no seu vehículo ao acceder ao barrio histórico accionando o dispositivo de control de accesos.

Non se acredita nexo causal, posto que a contratista aportou información sobre a inexistencia de avarías no sistema, que funcionaba correctamente, e a secuencia de acceso. O comportamento do conductor do vehículo, apreciable na gravación de video presentada pola contratista desbota calquera mal funcionamento do servizo. O que se aprecia, pola

contra, é un guiado errático do vehículo que provoca activacións innecesarias do sistema de control de accesos.

O Servizo de Patrimonio-responsabilidade patrimonial debe coñecer do resolto.

19.- Contencioso. Expediente nº 12859/111

Decreto nº 17 do 17 de agosto de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 99/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación por silencio administrativo da reclamación de RPA polos danos causados ao seu vehículo por unha tapa de rexistro sita na rúa Baixada á Salgueira nº 72

Acepta o desistimento do demandante (que foi indemnizado pola concesionaria do Servizo de Augas).

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

20.- Contencioso. Expediente nº 12861/111

Decreto nº 58 do 11 de agosto de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 144/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución denegatoria presunta da reclamación de RPA polos danos sufridos no seu vehículo por unha tapa de rexistro de saneamento sita na rúa Fonte Escura

Ten por desistida á actora.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**I.** Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

**II.** Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

**III.** Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no





## Concello de Vigo

caso desta administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(732).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS AUXILIARES PARA A POSTA EN MARCHA E APERTURA DA SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA DE NAVIA. EXPTE. 23976/332.**

Visto o informe de fiscalización do 21/09/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 18/09/2020, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia (23.976-332)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia (23.976-332)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 27 de febreiro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para a posta en marcha da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia.*

*2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas (PPT) de data 08/01/2020, redactado pola xefa do Servizo de Educación do Concello de Vigo e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 12/02/2020, redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia.*

*3º.- Aprobar o gasto por importe de 79.917,21 euros IVE incluído ( 32.693,40 € IVE incluído na anualidade de 2020; 39.958.60 € IVE incluído na anualidade de 2021 e 7.265,20 € para a anualidade de 2022) para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3260.22.799.15 "Sala Lectura de Navia". O valor estimado do contrato estipúlase en 178.327,66 €*

*4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de agosto de 2020 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de xullo de 2020, de ELEROC SERVICIOS S.L (OSGA) por exceder o prezo unitario ofertado o prezo previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP).*

*Segundo.- Excluir deste procedemento a AMIL LAGO SERVICOS GENERALES S.L, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola Xefa de servizo de Educación de data 11 de agosto de 2020.*

*Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de navia na seguinte orde descendente:*

	Licitadores	Puntuación
1	INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO	93,30



## Concello de Vigo

	<i>Licitadores</i>	<i>Puntuación</i>
2	ATLANTIC PONTE 2000 S.L.U	90,94
3	SERVICIOS GALLEGOS DE MINUSVÁLIDOS, S.L	81,17
4	EULEN CEE, S.A.	78,69
5	SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U	77,14
6	COMBINA SOCIAL S.L	71,18
7	GRUPO SIFU GALICIA, S.L.	45,54
8	DIMOBA SERVICIOS, S.L.	25,17
9	PRINTES SECURITY ADVICE S L	12,41

*Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO (B82992744), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L., o día 20 de agosto de 2020, que presenta a documentación requirida o 2 de setembro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 8 de setembro de 2020, revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade, que a documentación era correcta agás o importe da garantía depositada. Dado que o importe da garantía depositada se correspondía co importe esixido na notificación da resolución de clasificación, a Mesa entendeu que o erro puido ser inducido por esta Administración, polo que se concedeu un prazo de tres días ao licitador para que puidese completar a garantía depositada.

Con data do 14 de setembro de 2020 INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L. presentou a documentación requirida.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 18 de setembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INTEGRA MANTEMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INTEGRA MANTEMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor do 1 de xullo de 2020 (e informe complementario do 9 de xullo) e das proposicións avaliábeis mediante fórmula do 12 de agosto de 2020.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón das seguintes exclusións:*
  - *Exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 24 de xullo de 2020 de ELEROC SERVICIOS S.L (OSGA) por exceder o prezo unitario ofertado o prezo previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP).*
  - *Exclusión acordada por resolución do 19 de agosto de 2020 da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), de AMIL LAGO SERVICOS GENERALES S.L, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado pola xefa de servizo de Educación do 11 de agosto de 2020.*
2. *Adxudicar a INTEGRA MANTEMENTO, XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L. (B-27.715.879) o procedemento*



## Concello de Vigo

*aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia (23.976-332) por un prezo total de 70.106,93 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.167,32 euros e un prezo unitario da bolsa de horas de 12,11 euros/hora, sendo a cota correspondente ao IVE de 2,10 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(733).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO” EXPTE. 495/441.**

Visto o informe de fiscalización do 21/09/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 18/09/2020, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto, dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras de “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO” (495-441)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto, dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras de “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO” (495-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 21 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO”.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 20.03.2020.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Xefa do Servizo de Contratación en data 22.04.2020.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CEN MIL CENTO CUARENTA E CINCO EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (100.145,05 eur), sendo o importe correspondente ao IVE de 17.380,55 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.619.00.09 (C. DEP. 2ª ANUAL. IGREXA BEADE-GARRIDA, TRAMO REGATO).*

*Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:*

2020	45.065,27 €
2021	55.079,78 €
TOTAL	100.145,05 €

*Quinto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 122,22 %.*

*Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente, unha vez finalizado o Estado de Alarma, declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 27 de agosto de 2020 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos en data 18 e 19 de agosto de 2020 respectivamente:*

1. PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L



## Concello de Vigo

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto, dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras de "HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO" (495-441) na seguinte orde descendente:*

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.	65,95
2	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.	65,91
3	ICEACSA CONSULTORES SLU	63,50
4	GOC, S.A	63,40
5	GRUSAMAR INGENIERIA Y CONSULTING, S.L.U	56,10
6	GALAICONTROL S.L.	54,06
7	NOEGA INGENIEROS- SL	46,63

*Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L., o día 1 de setembro de 2020, que presenta a documentación requirida os días 8 e 14 de setembro de 2020, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 14 de setembro de 2020, revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. para que puidese completar a solvencia técnica acreditada.

Con data do 15 de setembro de 2020 o licitador presentou a documentación requirida.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 18 de setembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 3 de agosto de 2020 e do informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de datas 18 e 19 de agosto de 2020.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión deste procedemento de PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos en data 18 e 19 de agosto de 2020 respectivamente.*
2. *Adxudicar a INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. (B-36.983.906) o procedemento aberto, dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras de “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO” (495-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 81.638,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.168,58 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(734).- REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DA PARTE VARIABLE DO CONTRATO DOS “SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZO PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE”. EXPTE. 6450/241.**

Dáse conta do informe-proposta de data 21/09/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:





## Concello de Vigo

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSF).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Orde SND/458/2020, de 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do plan para a transición hacia unha nova normalidade.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 4 de xuño de 2019, acordou adxudicar a FCC AQUALIA, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnacios e instalacións dependentes da Concellería de Deporte (2.496-611). Dito contrato se formalizou na data 27 de xuño de 2019.

**Segundo.-** En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acordase o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º), relacionando no seu Anexo as principais instalacións afectadas, sen perxuízo da súa actualización na web municipal.

En resolución da mesma data ampliase o acordo a “todas as áreas de xogo infantil e parques biosaudables, zonas de ocio, tempo libre e deportivas” (apartado 2º) e “as instalacións de AQA Vigo Florida, AQA Vigo Barreiro e MQA Navia, na súa condición de complexos de titularidade municipal”.

**Terceiro.-** Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.

**Cuarto.-** Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Quinto.-** O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

**Sexto.-** O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dos apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

**Sétimo.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do 9 de abril de 2020, acordou o seguinte:

*“1º.- Declarar a imposibilidade parcial de execución do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnacios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente nº 2496-611) formalizado con “FCC AQUALIA, S.A” como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 e, en consecuencia prodúcese:*

*- A suspensión total da parte variable do contrato afectando ás actividades docentes: monitores, profesores e coordinadores.*



## Concello de Vigo

- A suspensión parcial da parte fixa do contrato afectando ós servizos de recepcionistas, socorrismo e ao 50 % do servizo de limpeza.

Continúase coa prestación dos servizos de dirección, mantemento técnico, subministros enerxéticos e o 50% do servizo de limpeza vinculados ás instalacións públicas.

2º.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, excepto a suspensión parcial do servizo de limpeza que terá efectos desde o 2 de abril de 2020, datas nas que se produciu a situacións de feitos que impiden a súa prestación e ata que poidan reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión."

**Octavo.-** O Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo establece, no seu artigo 3, a posible adopción de medidas de progresión/regresión na desescalada polo Ministro de Sanidade, a proposta, no seu caso, das comunidades autónomas e, á vista da evolución de indicadores.

**Noveno.-** Mediante resolución da Alcaldía de data 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo noveno paquete de medidas do Covid-19, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

**Décimo.-** Orde SND/458/2020, de 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restriccións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do plan para a transición cara a unha nova normalidade.

**Undécimo.-** En data 11 de xuño de 2020, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte :

*"1º.- Reanudar a execución da parte fixa do contrato dos "SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVICIOS PARA IMPARTIR ENSEÑANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE" (expte: 2496-611) afectando ós servizos de recepcionistas, socorrismo e ao 50 % do servizo de limpeza, o luns 15 de xuño de 2020, manténdose a suspensión total da parte variable do contrato afectando ás actividades docentes: monitores, profesores e coordinadores."*

**Duodécimo.-** En data 18 de setembro de 2020, o director técnico de deportes informa o seguinte:

*" ASUNTO: REANUDACIÓN DO SERVIZO SUSPENDIDO, PARTE VARIABLE, DO CONTRATO, " SERVICIOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVICIOS PARA IMPARTIR ENSEÑANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE (EXPTE: 2496-611). FCC. AQUALIA S.A.", SUSPENDIDA NO EXPDT.6450-241*

### **LEXISLACIÓN APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- *Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)*
- *Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.*
- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSF).*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).*
- *Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e sucesivas prórrogas*
- *Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).*
- *Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.*
- *Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.*
- *Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.*
- *Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.*
- *Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.*
- *Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.*
- *R.D 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma, artigo 3 de medidas de progresión/regresión na desescalada polo Ministro de Sanidade a vista da evolución de indicadores.*
- *Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo paquete de medidas do Covid-19, ínstase no su apartado primeiro, ás concellerías Ddas. De Goberno a que procedan a adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.*
- *Orde SND/458/2020, de 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do plan para a transición hacia unha nova normalidade*

#### **ANTECEDENTES:**

1.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril, se declara a IMPOSIBILIDADE PARCIAL DE EXECUCIÓN DO CONTRATO, "SERVICIOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVICIOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE (EXPTE: 2496-611). FCC. AQUALIA S.A."

En dito acordo apróbase:

1º.- Declarar a imposibilidade parcial de execución do contrato dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da concellería de deporte (expediente no 2496-611) formalizado con "FCC AQUALIA, S.A" como consecuencia



## Concello de Vigo

das medidas adoptadas polas autoridades competentes durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 e, en consecuencia prodúcese:

- A suspensión total da parte variable do contrato afectando ás actividades docentes: monitores, profesores e coordinadores
- A suspensión parcial da parte fixa do contrato afectando ós servizos de recepcionistas, socorrismo e ao 50 % do servizo de limpeza.

2.- Con cata 11 de xuño de 2020 a Xunta de Goberno Local acordou:

REANUDAR O SERVIZO NA PARTE SUSPENDIDA DA PARTE FIXA DO CONTRATO, “SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSEÑANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE (EXPTE:2496-611). FCC. AQUALIA S.A.”, SUSPENDIDA NO EXPDT.6450-241 que afectaban ós servizos de recepcionistas e socorrismo e o 50% do servizo de limpeza dende o luns 15 de xuño incluído.

### **OBJECTO DO CONTRATO DURACION E FORMALIZACION**

**1.- O obxecto do contrato recollido no PPT e no PCAP , punto 2.A das FEC é o seguinte.**

A prestación de servizos:

- Técnico-deportivos e docentes de monitores e profesores para impartir as ensinanzas e actividades deportivas nas piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e o ximnasios das Travesas e O Berbés.
- Servizos de mantemento das máquinas de actividade físico-deportiva dos citados ximnasios.
- Complementarios necesarios para o funcionamento das instalacións das citadas piscinas: de limpeza, conservación, mantemento e vixilancia das instalacións; mantemento das instalacións técnicas de produción de calor; atención e control dos usuarios e servizos de socorrismo.

**2.- Duración e formalización do contrato entrada en vigor e desenvolvemento.**

- O contrato ten unha duración de 2 anos mais dúas prórrogas dun ano.
- O contrato formalízase o 27 de xuño de 2019, entrando en vigor o 1 de xullo de 2019.
- O contrato desenvólvese a través dunha parte fixa ou termo fixo e unha parte variable: A parte fixa engloba todos os servizos de dirección, xestión de persoal, mantemento técnico, limpeza, socorrismo, recepcionistas e subministros enerxéticos. A parte variable engloba a parte de actividades docentes en piscinas e ximnasios, que afecta a monitores, profesores e coordinadores.

### **REANUDACIÓN SERVIZO**

**3- Necesidade de reanudar o servizo da parte variable do contrato recollida no acordo da Xunta de Goberno do día 9 de abril relativo ó punto 1 apartado primeiro.**

.- A suspensión total da parte variable do contrato afectando ás actividades docentes: monitores, profesores e coordinadores

Atendendo a orde SND 458/220, proponse ó levantamento da suspensión recollida no punto 1 apartado primeiro, o considerarse que se dan as condicións para a prestación do servizo atendendo as disposicións recollidas en dita orde.

Os postos de Coordinadores reanudaranse dende o día 25 de setembro. Os profesores e monitores reanudaranse dende o día 1 de outubro inclusive.

Polo exposto proponse ó servizo de contratación:

**1.- REANUDAR O SERVIZO SUSPENDIDO, PARTE VARIABLE, DO CONTRATO“  
SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS,**

**LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE (EXPTE: 2496-611).FCC. AQUALIA S.A.”, SUSPENDIDA NO EXPDT.6450-241, coa seguinte consideración:**

*Os postos de Coordinadores reanudaranse dende o día 25 de setembro. Os profesores e monitores reanudaranse dende o día 1 de outubro inclusive.”*

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

-I-

**REANUDACIÓN DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS NOS QUE SE DECLAROU A IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUCENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19**

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

O artigo 10.3 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, suspende a apertura ao público dos museos, arquivos, bibliotecas, monumentos, así como dos locais e establecementos no que se desenvolvan espectáculos públicos, actividades deportivas e de ocio indicados no anexo do devandito Real Decreto.

Consonte as resolucións da alcaldía de data 12 de marzo de 2020, acordase o peche ao público de todas as instalacións municipais relacionando no seu Anexo as principais instalacións afectadas, sen perxuízo da súa actualización na web municipal.

O Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, no seu artigo 3 establece o seguinte:

*“En aplicación del Plan para la desescalada de las medidas extraordinarias adoptadas para hacer frente a la pandemia de COVID-19, aprobado por el Consejo de Ministros en su reunión e28 de abril de 2020, el Ministro de Sanidad, a propuesta, en su caso, de las comunidades autónomas y de las ciudades de Ceuta y Melilla, y a la vista de la evolución de los indicadores sanitarios, epidemiológicos, sociales, económicos y de movilidad, podrá acordar, en el ámbito de su competencia, la progresión de las medidas aplicables en un determinado ámbito territorial, sin perjuicio de las habilitaciones conferidas al resto de autoridades delegadas competentes. La regresión de las medidas hasta las previstas en el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, se hará, en su caso, siguiendo el mismo procedimiento. (...)”.*



## Concello de Vigo

A Orde SND/458/2020, de 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional no seu artigo 33 e a súa disposición final segunda apartado cuarto se establecen as medidas relativas á apertura de instalacións deportivas ao aire libre, pechadas e centros deportivos.

Dito artigo 33 establece que: *“ En las instalaciones deportivas al aire libre a las que se refiere el artículo 41 de la Orden SND/399/2020, de 9 de mayo, se podrá realizar actividad deportiva en grupos de hasta veinte personas, sin contacto físico, y siempre que no se supere el cincuenta por ciento del aforo máximo permitido. A estos efectos, será de aplicación el régimen de acceso, turnos y limpieza establecido en el artículo 41 de la Orden SND/399/2020, de 9 de mayo. No obstante, los deportistas podrán acceder a las instalaciones acompañados de una persona distinta de su entrenador. 2. En las instalaciones y centros deportivos a los que se refiere el artículo 42 de la Orden SND/399/2020, de 16 de mayo, así como en el artículo 42 de la Orden SND/414/2020, de 16 de mayo, se podrá realizar actividad deportiva en grupos de hasta veinte personas, sin contacto físico y siempre que no se supere el cincuenta por ciento del aforo máximo permitido. A estos efectos, será de aplicación el régimen de acceso, turnos y limpieza establecido en el artículo 42 de la Orden SND/399/2020, de 9 de mayo, y en el artículo 42 de la Orden SND/414/2020, de 16 de mayo. No obstante, los deportistas podrán acceder a las instalaciones acompañados de una persona distinta de su entrenador. 3. Siempre que sea posible, durante la práctica de la actividad deportiva a la que se refiere este artículo deberá mantenerse una distancia de seguridad de dos metros. 4. No será necesaria la concertación de cita previa para la realización de las actividades deportivas en las instalaciones y centros a las que se refiere este artículo. 5. Queda permitida la utilización de los vestuarios y zonas de duchas. A tal efecto, se estará a lo dispuesto en el artículo 6.5.”*

E na disposición final segunda apartado cuarto se sinala que: *“ Se modifica el apartado 4 del artículo 42, que queda redactado como sigue: «4. En las instalaciones deportivas cubiertas, se podrá permitir la práctica deportiva individual o aquellas prácticas que se puedan desarrollar por un máximo de dos personas en el caso de modalidades así practicadas, con la excepción de las modalidades practicadas por parejas, siempre sin contacto físico, manteniendo las debidas medidas de seguridad y protección, y en todo caso la distancia social de seguridad de dos metros. Asimismo, se respetará el límite del treinta por ciento de capacidad de aforo de uso deportivo en cada instalación, tanto en lo relativo al acceso, como durante la propia práctica, habilitándose un sistema de acceso que evite la acumulación de personas y que cumpla con las medidas de seguridad y protección sanitaria.”*

Mediante resolución de alcaldía de data 11 de maio de 2020, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

O servizo xestor, informa da necesidade de reanudar o servizo da parte variable do contrato o día 25 de setembro de 2020 os postos de coordinadores e o día 1 de outubro de 2020 os profesores e monitores, toda vez que se dan as condicións para a prestación do servizo establecidas na Orde SND/458/2020, de 30 de maio.

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar a reanudación da execución da parte variable do contrato dos *“servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de travesas, lavadores, teis e valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnacios e instalacións dependentes da concellería de deporte”* (expte: 2496-611) o día 25 de setembro de 2020 os postos de coordinadores e o día 1 de outubro de 2020 os profesores e monitores

-II-

## COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

### ACORDO

*“1º.- Reanudar a execución da parte variable do contrato dos “SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTE” (expte: 2496-611) o día 25 de setembro de 2020 os postos de coordinadores e o día 1 de outubro de 2020 os profesores e monitores.”*

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(735).- PROPOSTA DE ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE REVOGACIÓN E PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE DA ASOCIACIÓN “ATENEO MUSICAL DE BEMBRIVE”. EXPTE. 9396/320.**

Dáse conta do informe-proposta do 15/09/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá (Resolución de 23/10/19), e polo concelleiro-delegado de Área, que dí o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 19 de decembro de 2019, acordou aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación ATENEO Musical de Bembrive" (CIF.- G36784197), mediante a colaboración do Concello no financiamento das obras de mellora da aula da Banda de Música, necesarias para o desenvolvemento das súas actividades e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, conceder á referida entidade, unha subvención de **10.000,00 €** (dez mil euros) (expte. 8983-320).

O convenio asinouse con data 20/12/2019.

II. A entidade beneficiaria achegou con datas 20 e 23 de decembro de 2019 (Expte. 9346-320) a xustificación documental da subvención outorgada.

III. En cumprimento co disposto **Pacto segundo apartado 3** do texto do convenio entre o Concello de Vigo e a entidade Ateneo Musical de Bembrive, con data 14/01/2020 solicitouse





## Concello de Vigo

do departamento de Licenzas, o informe de conformidade segundo as obras subvencionadas cumpren con todos os requisitos necesarios para a súa legalidade urbanística.

IV. Con data 20/01/2020 a técnica de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, emite o seguinte informe:

***“En resposta á dilixencia recibida na oficina de Licenzas da XMU a 16/01/2020 dende a Concellería de Participación Cidadá solicitando informe de conformidade respecto a obra tramitada baixo o número de expediente 99840/421, a técnica de admón Xeral da Oficina de Licenzas emite o seguinte***

### **INFORME**

*Na data 17/04/2019, ten entrada no rexistro Web da XMU (cod sol. W337939-3221) comunicación previa de obras para a instalación de sistema de renovación de aire en aulas de música situadas no semisoto do Centro Cultural Helios de Bembrive. (expte 99840-421).*

*No exercizo das facultades de control posterior da comunicación a arquitecta municipal solicita o 06/11/2019 informe da oficina de Patrimonio Municipal por figurar a edificación con titularidade municipal segundo os datos consultados na aplicación informática. Na data de hoxe non foi recibido o informe solicitado.*

*Consultada a xestión informática de expedientes da XMU, conséntase que en data 15/12/2019 (expte 102759/421) ten entrada no rexistro web (cod sol. W404843-4116) nova Comunicación Previa de Obras de adaptación para legalizar o cambio de uso das aulas situadas no semisoto da edificación obxecto da comunicación anterior (expediente 99840/421) e que inclúe novamente a instalación do sistema de renovación de aire.*

*Mediante notificación 13885-2019 enviada o 19/12/2019 comunícase ao interesado que a comunicación non constitúe título habilitante e requíreselle para a emenda da documentación e requisitos aplicables. Dita notificación consta efectivamente recibida a 23/12/2019, sen que na data de hoxe conste atendido dito requirimento, polo que a **comunicación presentada non constitúe título habilitante para a actuación comunicada.***

*O que se informa aos efectos oportunos.”*

V. En cumprimento dos compromisos asumidos no **Pacto segundo apartado 3** do texto do convenio entre o Concello de Vigo e a entidade Ateneo Musical de Bembrive e logo do informe do 20/01/2020 do departamento de Licenzas da Xerencia Municipal que conclúe que a **comunicación presentada non constitúe título habilitante para a actuación comunicada**, con data 27/01/2020, procedeuse á incoación de expediente nº 9396-320 de revogación da subvención outorgada por non *dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades subvencionadas*, dando traslado do dito informe e outorgando un Trámite de Audiencia á entidade para que nun prazo de 10 días poidese formular as alegacións e achegar os documentos e xustificacións que estimase pertinentes.

VI. Con data 11/03/2020 a entidade achega escrito de alegacións (COD. SOLICITUDE: W424297-8016) na que, en síntese, manifesta ter achegado a documentación solicitada pola Xerencia Municipal de Urbanismo en data 23/01/2020 (COD. SOLICITUDE: W412327-3449), polo que insta a que se comprobe o expte 102759/421 ao obxecto de verificar o anterior e proceder ao arquivo do presente expte. 9396-320 de revogación ou perda do dereito ao cobro.

VII. Mediante oficio asinado o 16/03/2020 solicítase informe á Xerencia Municipal de Urbanismo en relación ca documentación presentada pola citada entidade, en expediente 102759/421, indicando se a Comunicación Previa é de conformidade.

VIII. Con data 03/09/2020 a técnica de administración xeral da Oficina de Licenzas da Xerencia Municipal de Urbanismo emite informe co seguinte tenor literal:

*"Á vista da solicitude de informe por parte do Departamento de participación cidadá, relativa á documentación presentada pola entidade ATENEO MUSICAL DE BEMBRIVE, expediente 102759/421, de Comunicación previa de obras de adaptación de locais, esta oficina comunícalle que examinada a documentación achegada e consonte á verificación técnica da arquitecta municipal de data 2/07/2020 e o informe sobre proxecto do laboratorio municipal de data 30/07/2020, ésta se adecúa ao ordenamento xurídico e ás prescricións da Ordenanza municipal de tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa publicada no BOP nº 235 de 9 de decembro de 2013 e anexos modificados por resolucións da vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo de datas 20/01/2014, 6/03/2014 e 12/11/2015 (BOP PO do 05/01/2016) e do 15/03/2019 (BOP PO do 29/05/2019) e BOP nº 142 do 27/07/2020."*

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I.- Perda do dereito ao cobro:**

Dacordo co disposto no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e no artigo 89 do seu Regulamento, producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37. A tal efecto, a letra f) sinala como unha destas causas: *o incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao xeito en que se teñan que acadar os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención; e a letra i) engade: nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.*

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o establecido no artigo 42 da LXS.

**II. Conforme ao Pacto Primeiro** do convenio, a entidade "Ateneo Musical de Bembrive" comprométese a colaborar coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:



## Concello de Vigo

*“3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades subvencionadas.”*

**III. Conforme ao Pacto Décimo terceiro.**- A realización da obra subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a obra subvencionada.

En cumprimento dos compromisos asumidos no **Pacto segundo apartado 3** do texto do convenio entre o Concello de Vigo e a entidade Ateneo Musical de Bembrive e logo do informe do 03/09/2020 do departamento de Licenzas da Xerencia Municipal de Urbanismo que conclúe que *examinada a documentación* achegada e consonte á verificación técnica da arquitecta municipal de data 2/07/2020 e o informe sobre proxecto do laboratorio municipal de data 30/07/2020, ésta se adecúa ao ordenamento xurídico e ás prescricións da Ordenanza municipal de tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa publicada no BOP nº 235 de 9 de decembro de 2013 e anexos modificados por resolucións da vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo de datas 20/01/2014, 6/03/2014 e 12/11/2015 (BOP PO do 05/01/2016) e do 15/03/2019 (BOP PO do 29/05/2019) e BOP nº 142 do 27/07/2020, a comunicación presentada constitúe título habilitante para a actuación comunicada, polo que resulta procedente archivar o presente expediente de revogación da subvención outorgada por *dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades subvencionadas*, e continuar ca tramitación do expediente 9346-320 de xustificación documental da subvención outorgada para o pago do convenio.

O acordo que determine o arquivo do presente expediente de revogación da subvención, adoptarase pola Xunta de Goberno Local, logo da instrución practicada segundo consta nos antecedentes, tendo sido notificada a incoación á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e dacordo co presente informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

De conformidade coas competencias delegadas mediante resolución da Alcaldía-Presidencia do 17/08/2020 ao concelleiro de Participación Cidadá e Festas, resulta procedente formular a seguinte

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO:** Declarar que non procede a perda do dereito ao cobro da subvención outorgada para o fomento das actividades da entidade mediante o financiamento das obras de acondicionamento da aula da banda de música da "**Asociación ATENEO Musical de Bembrive**" (CIF.- **G36784197**), xa que consonte co informe do 03/09/2020 do departamento de Licenzas da Xerencia Municipal que conclúe que *examinada a documentación* achegada e consonte á verificación técnica da arquitecta municipal de data 2/07/2020 e o informe sobre proxecto do laboratorio municipal de data 30/07/2020, ésta se adecúa ao ordenamento xurídico e ás prescricións da Ordenanza municipal de tramitación das

licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa; polo que a comunicación presentada constitúe título habilitante para a actuación comunicada, e a entidade dispón dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades subvencionadas establecida no Pacto Primeiro, apartado 3 do convenio.

**SEGUNDO:** Continuar ca tramitación do expediente 9346-320 de xustificación documental da subvención outorgada para o pago do convenio.

**TERCEIRO:** Arquivar o presente expediente de revogación e perda do dereito ao cobro da subvención nº 9396/320.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo á entidade interesada no expediente e á Intervención Xeral para coñecemento e efectos oportunos.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(736).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO “PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA TABOADA LEAL, ENTRE A RÚA VENEZUELA E RÚA RONDA DE DON BOSCO”. EXPTE. 542/441.**

Visto o informe xurídico do 21/08/2020 e o informe de fiscalización do 28/08/2020, dáse conta do informe-proposta do 18/09/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

A vista do informe de fiscalización emitido pola Intervención Xeral en data 28.08.2020, no que fiscaliza de conformidade indicando a seguinte observación: “Polo Servizo Xestor deberá correxirse a aplicación presupostaria na proposta, esta é 1532-619.00.05” emítese informe proposta coas correccións observadas:

INFORME PROPOSTA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA TABOADA LEAL, ENTRE A RÚA VENEZUELA E RÚA RONDA DON BOSCO”.



## Concello de Vigo

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 17.07.2020 pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras redactan memoria técnica das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TABOADA LEAL, ENTRE A RÚA VENEZUELA E RÚA RONDA DON BOSCO".

**Segundo.-** Con data 17 de xullo de 2020 o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, resolveu a iniciación do expediente para a elaboración, solicitude e aprobación de ser o caso por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun convenio de colaboración para a execución da actuación de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TABOADA LEAL, ENTRE A RÚA VENEZUELA E RÚA RONDA DON BOSCO".

**Terceiro.-** Con data 21 de xullo de 2020 a Técnica de Xestión, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redactan a Memoria Xustificativa do devandito convenio. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan ao Convenio estímense conformes ao interese público municipal. Ademais, se constata a suficiencia das achegas comprometidas á finalidade do mesmo así como o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**Cuarto.-** O Xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais con data 21 de agosto de 2020 emite informe xurídico concluíndo que non existe inconvinte legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio entre o Concello e a Diputación para a execución das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TABOADA LEAL, ENTRE A RÚA VENEZUELA E RÚA RONDA DON BOSCO".

### FUNDAMENTOS

#### 1.- Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (en adiante, TRRL)
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

## **II.- Convenio**

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector Público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ó seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencions, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art.199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto do convenio é establecer e concretar o réxime de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Vigo para o financiamento da execución do proxecto de obras de humanización da rúa Taboada Leal, entre a Rúa Venezuela e a Rúa Ronda de Don Bosco.

En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no mesmo. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución das mesmas.

O Concello de Vigo asume as seguintes obrigas fundamentais: financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista na memoria e no proxecto técnico, redactar e aprobar o correspondente proxecto técnico, debendo enviar un exemplar do proxecto aprobado á Deputación Provincial, licitar o correspondente proxecto técnico que conforma a actuación obxecto deste convenio, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico, contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas, levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura viaria obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas, destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.

## **III.-Procedemento e competencia**

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Orde de inicio, Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

No orzamento do ano 2020, aprobado polo Pleno Municipal figura crédito adecuado e suficiente para a anualidade do ano 2020 na aplicación orzamentaria 1532.619.0005.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.



## Concello de Vigo

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra “b” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

### **PROPOSTA**

**Primeiro.-** Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TABOADA LEAL, ENTRE A RÚA VENEZUELA E A RÚA RONDA DE DON BOSCO", transcrito como Anexo.

**Segundo.-** Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do citado convenio que se anexa.

**Terceiro.-** Asumir as obrigas económicas do convenio nos termos do mesmo. Trátase dun gasto plurianual, coa seguinte distribución de anualidades para o Concello de Vigo: exercicio 2020- setenta mil euros (70.000 euros); exercicio 2021- douscentos cuarenta e catro mil euros (244.000 euros euros).

Para a súa financiación, aplicaranse os créditos do orzamento do ano 2020, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.619.0005. A anualidade do ano 2021 debe ser incorporada nos orzamentos do citado ano.

**Cuarto.-** Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

**Quinto.-** Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA TABOADA LEAL, ENTRE A RÚA VENEZUELA E RÚA RONDA DON BOSCO”.

No Pazo Provincial, de \_\_\_\_ de 2020

S.ord. 24/09/2020

## REUNIDOS

Dunha parte, D<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D<sup>a</sup> María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

## EXPOÑEN

**I.-** A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

**II.-** A Deputación Provincial de Pontevedra nos orzamentos do ano 2020 contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Vigo.

**III.-** O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos nas vías públicas, tanto na zona rural como no casco urbano, pretende levar a cabo a "HUMANIZACIÓN DA RÚA TABOADA LEAL, ENTRE A RÚA VENEZUELA E RÚA RONDA DON BOSCO", co obxectivo de levar a cabo a rehabilitación total dos servizos urbanos existentes co fin de favorecer e facilitar o tránsito e estancia dos peóns e vehículos non contaminantes e a priorización destes fronte ao tráfico rodado, mellorar a seguridade viaria do tramo, acadar a accesibilidade universal e a renovación e mellora dos servizos urbanos.

**IV.-** Que o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.





## Concello de Vigo

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto na súa planificación a mellora á transformación sostible da infraestrutura viaria dos concellos da provincia.

**V.-** Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**VI.-** Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o disfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo aos seguintes:

### PACTOS

#### PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

1- É obxecto deste convenio, establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para desenvolver a actuación de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TABOADA LEAL, ENTRE A RÚA VENEZUELA E RÚA RONDA DON BOSCO".

2.- O investimento vinculado ao presente convenio será definido no correspondente proxecto técnico que concretará as actuacións a realizar de acordo coa memoria técnica valorada realizada polo técnicos municipais de data 17 de xullo de 2020, que se achega como anexo ao presente convenio, e que ten por obxecto definir e valorar sucintamente as actuacións co fin de executar correctamente as obras de HUMANIZACIÓN DA RÚA TABOADA LEAL, ENTRE A RÚA VENEZUELA E RÚA RONDA DON BOSCO.

3.- Para o desenvolvemento do investimento proposto, na devandita memoria técnica que ten carácter xustificativo do alcance tanto técnico como económico da actuación a desenvolver, faise a seguinte estimación para a execución das obras propostas:

Orzamento Estimado Execución Material	392.557,78 €
Gastos Xerais 13%	51.032,51 €
Beneficio Industrial 6%	23.553,47 €
IVE 21%	98.100,19 €

Orzamento Estimado Execución por contrata	565.243,95 €
Custes estimados asociados á obra	28.756,05 €
Asistencia técnica á dirección de obra (aprox. 4% do PEM +IVE)	
Coordinación de seguridade e saúde (aprox. 2% do PEM +IVE)	
<b>ESTIMADO TOTAL CON IVE</b>	<b>594.000,00 €</b>

## SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de “CINCOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL EUROS” (594.000,00 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde e a asistencia técnica á dirección da obra, e serán distribuídos entre ambas administración de acordo cos seguintes importes:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos no obxecto deste convenio, a contía de DOUSCENTOS OITENTA MIL EUROS (280.000,00 €).

O financiamento comprometido pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter de achega definitiva á execución do convenio, consonte á táboa que se inxire a continuación:

Investimento	Exercicio 2020	Exercicio 2021	Total
<b>HUMANIZACIÓN DA RÚA TABOADA LEAL, ENTRE A RÚA VENEZUELA E RÚA RONDA DON BOSCO</b>	280.000,00 €	0,00 €	280.000,00 €

O pagamento do importe referido á anualidade 2020 se realizará contra a aplicación 20/942.9420.762.14 destinada ao financiamento dos convenios cos concellos de Vigo e Pontevedra.

Pola súa banda, o Concello de Vigo obrígase a achegar ate un máximo de TRESCENTOS CATORCE MIL EUROS (314.000,00 €), desagregados da forma seguinte:

Investimento	Exercicio 2020	Exercicio 2021	Total
<b>HUMANIZACIÓN DA RÚA TABOADA LEAL, ENTRE A RÚA VENEZUELA E RÚA RONDA DON BOSCO</b>	70.000,00 €	244.000,00 €	314.000,00 €

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos da aplicación 1532.619.00.05. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do concello do ano 2021.



## Concello de Vigo

### TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e dos contratos a que o presente convenio se refire e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar durante o ano 2020 e 2021, de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo:

	<b>Exercicio 2020</b>	<b>Exercicio 2021</b>	<b>Total</b>
Deputación de Pontevedra	280.000,00 €	0,00 €	280.000,00 €
Concello de Vigo	70.000,00 €	244.000,00 €	314.000,00 €
<b>TOTAL CONVENIO</b>	<b>350.000,00 €</b>	<b>244.000,00 €</b>	<b>594.000,00 €</b>

Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución dos ditos contratos, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.

2.- Aprobado que sexa o proxecto das obras obxecto deste convenio, o Concello de Vigo remitirá copia do mesmo á Deputación Provincial para o seu coñecemento.

3.- Licitado e formalizado o contrato de obras para a execución do investimento ao que se refire o pacto primeiro, remitirase copia do mesmo á Deputación Provincial e comunicarse a esta, data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante desta. A copia da acta que se levante será remitida á Deputación Provincial coa primeira certificación de obra que expida o director da mesma.

4.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción desta, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.

5.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

6.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente

convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por convinte, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

#### **CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras contempladas na memoria técnica, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- a) Contrato de adxudicación da obra.
- b) Acta de comprobación do replanteo.
- c) Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- d) Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- e) Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.
- f) Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo coa finalización das obras para a liquidación final das actuacións deberá ser aportada a seguinte documentación:

- a) Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- b) Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- c) Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

#### **QUINTO.- MODIFICACIÓN DO PROXECTO**

As partes asinantes do convenio, comprométese á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación do proxecto do investimento obxecto deste convenio.



## Concello de Vigo

O obxecto do convenio é establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para desenvolver a actuación de humanización da rúa Hispanidade entre a rúa Pintor Colmeiro e a rúa Zamora.

En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a financiar a execución das obras obxecto do convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no mesmo. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución das mesmas.

O Concello de Vigo asume as seguintes obrigas fundamentais: financiar a execución das obras obxecto do convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no mesmo; a tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista na memoria e no proxecto técnico; redactar e aprobar o correspondente proxecto técnico, debendo enviar un exemplar do proxecto aprobado á Deputación Provincial; licitar o correspondente proxecto técnico que conforma a actuación obxecto deste convenio; executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico; contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde; obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas; levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura viaria obxecto do convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade dende o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas; e, destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.

## **III.- Procedemento e competencia**

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Orde de inicio, Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

No orzamento do ano 2020, aprobado polo Pleno Municipal figura crédito adecuado e suficiente para a anualidade do ano 2020 na aplicación orzamentaria 1532.619.00.16.



## Concello de Vigo

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

### **PROPOSTA**

**Primeiro.-** Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución das obras de "HUMANIZACIÓN RÚA HISPANIDADE TRAMO ENTRE AVDA. ZAMORA E A RÚA PINTOR COLMEIRO", transcrito como Anexo.

**Segundo.-** Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscrición do citado convenio que se anexa.

**Terceiro.-** Asumir as obrigas económicas do convenio nos termos do mesmo. Trátase dun gasto plurianual, coa seguinte distribución de anualidades para o Concello de Vigo:

- Exercicio 2020: Cento sesenta mil euros (160.000 euros).
- Exercicio 2021: Dez mil cincocentos euros (10.500 euros).

Para o seu financiamento, aplicaranse os créditos do orzamento do ano 2020, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.619.00.16. A anualidade do ano 2021 debe ser incorporada nos orzamentos do citado ano.

**Cuarto.-** Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

**Quinto.-** Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA HISPANIDADE ENTRE A RÚA PINTOR COLMEIRO E A RÚA ZAMORA”.

No Pazo Provincial, de \_\_\_\_ de 2020

### REUNIDOS

Dunha parte, D<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D<sup>a</sup> María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

### EXPOÑEN

**I.-** A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

**II.-** A Deputación Provincial de Pontevedra nos orzamentos do ano 2020 contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Vigo.

**III.-** O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos nas vías públicas, tanto na zona rural como no casco urbano, pretende levar a cabo a “HUMANIZACIÓN DA RÚA HISPANIDADE ENTRE A RÚA PINTOR COLMEIRO E A RÚA ZAMORA”, co obxectivo de levar a cabo a rehabilitación total dos servizos urbanos existentes co fin de favorecer e facilitar o tránsito e estancia dos peóns e vehículos non contaminantes e a priorización destes fronte ao tráfico rodado, mellorar a seguridade viaria do tramo, acadar a accesibilidade universal e a renovación e mellora dos servizos urbanos.

**IV.-** Que o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local





## Concello de Vigo

encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto na súa planificación a mellora á transformación sostible da infraestrutura viaria dos concellos da provincia.

**V.-** Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**VI.-** Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o disfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo aos seguintes:

### PACTOS

#### **PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO**

**1.-** É obxecto deste convenio, establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para desenvolver a actuación de "HUMANIZACIÓN DA RÚA HISPANIDADE ENTRE A RÚA PINTOR COLMEIRO E A RÚA ZAMORA".

**2.-** O investimento vinculado ao presente convenio será definido no correspondente proxecto técnico que concretará as actuacións a realizar de acordo coa memoria técnica valorada realizada polo técnicos municipais de data 17 de xullo de 2020, que se achega como anexo ao presente convenio, e que ten por obxecto definir e valorar sucintamente as actuacións co fin de executar correctamente as obras de humanización da rúa Hispanidade entre a rúa Pintor Colmeiro e a rúa Zamora.

**3.-** Para o desenvolvemento do investimento proposto, na devandita memoria técnica que ten carácter xustificativo do alcance tanto técnico como económico da actuación a desenvolver, faise a seguinte estimación para a execución das obras propostas:

Orzamento Estimado Execución Material	535.854,72 €
Gastos Xerais 13%	69.661,11 €
Beneficio Industrial 6%	32.151,28 €
IVE 21%	133.910,09 €
Orzamento Estimado Execución por contrata	771.577,20 €
Custes estimados asociados á obra	38.922,80 €

Asistencia técnica á dirección de obra (aprox. 4% do PEM +IVE)	
Coordinación de seguridade e saúde (aprox. 2% do PEM +IVE)	
<b>ESTIMADO TOTAL CON IVE</b>	<b>810.500,00 €</b>

## SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de “OITOCENTOS DEZ MIL CINCOCENTOS EUROS” (810.500,00 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde e a asistencia técnica á dirección da obra, e serán distribuídos entre ambas administración de acordo cos seguintes importes:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos no obxecto deste convenio, a contía de SEISCENTOS CORENTA MIL EUROS (640.000,00 €).

O financiamento comprometido pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter de achega definitiva á execución do convenio, consonte á táboa que se inxire a continuación:

Investimento	Exercicio 2020	Exercicio 2021	Total
<b>HUMANIZACIÓN DA RÚA HISPANIDADE ENTRE A RÚA PINTOR COLMEIRO E A RÚA ZAMORA</b>	640.000,00 €	0,00 €	640.000,00 €

O pagamento do importe referido á anualidade 2020 se realizará contra a aplicación 20/942.9420.762.14 destinada ao financiamento dos convenios cos concellos de Vigo e Pontevedra.

Pola súa banda, o Concello de Vigo obrígase a achegar ate un máximo de CENTO SETENTA MIL CINCOCENTOS EUROS (170.500,00 €), desagregados da forma seguinte:

Investimento	Exercicio 2020	Exercicio 2021	Total
<b>HUMANIZACIÓN DA RÚA HISPANIDADE ENTRE A RÚA PINTOR COLMEIRO E A RÚA ZAMORA</b>	160.000,00 €	10.500,00 €	170.500,00 €

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos da aplicación 1532.619.00.16. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do concello do ano 2021.

## TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e dos contratos a que o presente convenio se refire e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar durante o ano 2020 e 2021, de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo:



## Concello de Vigo

	<b>Exercicio 2020</b>	<b>Exercicio 2021</b>	<b>Total</b>
Deputación de Pontevedra	640.000,00 €	0,00 €	640.000,00 €
Concello de Vigo	160.000,00 €	10.500,00 €	170.500,00 €
<b>TOTAL CONVENIO</b>	<b>800.000,00 €</b>	<b>10.500,00 €</b>	<b>810.500,00 €</b>

Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución dos ditos contratos, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.

2.- Aprobado que sexa o proxecto das obras obxecto deste convenio, o Concello de Vigo remitirá copia do mesmo á Deputación Provincial para o seu coñecemento.

3.- Licitado e formalizado o contrato de obras para a execución do investimento ao que se refire o pacto primeiro, remitirase copia do mesmo á Deputación Provincial e comunicarse a esta, data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante desta. A copia da acta que se levante será remitida á Deputación Provincial coa primeira certificación de obra que expida o director da mesma.

4.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción desta, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.

5.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

6.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por convinte, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

### **CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras contempladas na memoria técnica, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- a) Contrato de adxudicación da obra.
- b) Acta de comprobación do replanteo.
- c) Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- d) Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- e) Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.
- f) Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo coa finalización das obras para a liquidación final das actuacións deberá ser aportada a seguinte documentación:

- a) Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- b) Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- c) Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

## **QUINTO.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO**

As partes asinantes do convenio, comprométense á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación do proxecto do investimento obxecto deste convenio.

Así mesmo, calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas, que obrigue a unha modificación do proxecto derivada das necesidades de execución dos proxectos contratados e implique mais gasto será asumida polo Concello de Vigo, do cal dará conta a comisión de seguimento. Así mesmo as baixas producidas nas fases de licitación serán de aplicación á achega comprometida polo Concello de Vigo

Calquera modificación sobre o ámbito das actuacións previstas inicialmente e sempre dentro dos importes máximos a aportar por cada administración deberá dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, previo informe e proposta da comisión de seguimento.



## Concello de Vigo

Se finalmente, a execución das obras previstas tiveran un custe inferior ao indicado na adxudicación do contrato, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

### SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- a) Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista na memoria e no proxecto técnico.
- b) Redactar e aprobar o correspondente proxecto técnico, debendo enviar un exemplar do proxecto aprobado á Deputación Provincial.
- c) Licitar o correspondente proxecto técnico que conforma a actuación obxecto deste convenio.
- d) Executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.
- e) Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- f) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- g) Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- h) Levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura viaria obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
- i) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- j) Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- k) Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- a) Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución das mesmas.
- b) Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

## **SÉTIMO.- PUBLICIDADE**

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

## **OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS**

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

## **NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS**

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.



## Concello de Vigo

### **DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- a) A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- b) A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- c) A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- d) A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.
- e) A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

### **DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA**

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución dos contratos a que o mesmo se refire, fixándose en todo caso un prazo de límite de execución de catro anos, contados desde a súa sinatura.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes asinantes, no caso de que non se rematasen as obras obxecto do mesmo.

### **DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o

convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

### **DÉCIMO TERCEIRO- RÉXIME XURÍDICO**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

### **10(739).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “CUBRICIÓN DO PATIO DO CEIP PINTOR LAXEIRO”. EXPTE. 4238/443.**

Visto o informe de fiscalización do 16/09/2020, dáse conta do informe-proposta do 15/09/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe dos Servizos-Xurídicos de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 27.04.2018 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto de cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro a favor da empresa Emilio Estévez Fernández (36046197E).

II.- O Arquitecto Emilio Estévez Fernández presenta borrador do proxecto “Cubrición do Patio do CEIP Pintor Laxeiro”, cun orzamento base de licitación máis IVE de 185.140,08 euros.

III.- Á vista da entrega da documentación presentada por parte do equipo redactor do proxecto, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 09.05.2019, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.





## Concello de Vigo

IV.- A actuación desenrolae nunha propiedade municipal inscrita no inventario municipal co n.º de ben 69 , e dispón de fronte a rúa García Lorca co n.º 18, consistindo as obra a executar as que se enumeran a seguir:

- Previamente procederáse o desmonte de peches e valados, así como o traslado das árbores existentes a un lugar que se determinará.
  
- Precederáse a efectuar a escavación para a execución de pozos, zapatas e vigas riostras, así como canalización de augas, posterior recheo de pozos de formigón HM-20/P/40/I para apoio de zapatas, formación de zapatas e vigas riostras de formigón armado HA-25/B20/IIa, coas correspondentes armaduras segundo determina o proxecto, execución de pilares de formigón armado de sección circular de formigón HA-30/B/20/IIIa, e reposición da soleira de formigón demolida previamente de 10 cm., de espesor.
  
- Posterior colocación de estrutura metálica conformando complementado os pilares de formigón ata completar a altura indicada en proxecto a base perfiles ocos acabados en quente, posterior perfilaría laminada de aceiro en quente S 275 JR, para formación de vigas e correas con unións soldadas, ambas perfilaría preparada en taller e subministrada con dúas mans de imprimación, así como p.p. de pezas metálicas de anclaxes, todas elas para ser soldadas en obra.
  
- Posterior formación a base chapa tipo panel Sandwich, montados in situ con dobre capa de aceiro con acabado prelacado e manta illante de lan de roca, cos seus elementos de remate tanto de cumbreiras como laterais. Colocación de canalón e baixantes de recollidas de augas e canalización a arquetas previstas.
  
- Instalación de luminaria led, segundo descrición de proxecto. Reposición de peches das vallas metálicas e madeira existentes, con reforzo no peche co exterior a base de perfilaría de aceiro galvanizado, e recuberto no interior a base de pranchas de plimetracilato en cores, anclado sobre ditos reforzos. Pavimento a base de pezas de caucho EPMD continuo con absorción de impactos. Remates finais a base de tratamento de protección na estrutura metálica a base pinturas tipo epoxi ou similar e elementos de protección antigolpes na parte inferior dos pilares, así como conexión de recollida de augas e canalización a arquetas existentes.

▪  
O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES meses.

V.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite informe en data 04.09.2020 indicando o seguinte:

“No aspecto urbanístico a edificación atopase dentro de ámbito dun planeamento secundario, xa desenrolado no cal no se modifica o uso existente, sendo as obras propostas de tapado de patio infantil non contraditorias coas ordenanzas de aplicación, con respecto a I.O.P., non altera a calificación do PXOM/93.

### CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8

de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## ACORDO

Aprobar o proxecto de "CUBRICIÓN DO PATIO DO CEIP PINTOR LAXEIRO", redactado polo Arquitecto Emilio Estévez Fernández cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO OITENTA E CINCO MIL CENTO CORENTA EUROS CON OITO CÉNTIMOS (185.140,08 EUROS) e sinatura dixital de data 22 de xullo de 2020.



**Concello de Vigo**

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(740).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A “IMPERMEABILIZACIÓN DAS CUBERTAS DO EDIFICIO DO CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES”. EXPTE. 4791/443.**

Visto o informe de fiscalización do 18/09/2020, dáse conta do informe-proposta do 18/09/2020, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe dos Servizos-Xurídicos de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- Por parte da Concellería de Participación Cidadá remítese en data 13 de agosto de 2020, para a súa tramitación, “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A IMPERMEABILIZACIÓN DAS CUBERTAS DO EDIFICIO DO CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo e cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO VINTE MIL CINCOCENTOS OITENTA EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (120.580,37 €).

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 09.09.2020, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 18.06.2019 e 26.06.2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- A actuación desenrólase na rúa Camiño do Pedregal n.º 6, no edificio de centro cívico e socio-cultural, incluído no Inventario Municipal de Bens, epigrafe I de bens inmobles e ficha nº 266 , consistindo as obras a executar as que se enumeran a seguir.

- Prevese unha nova execución da impermeabilización das cubertas planas non transitables existentes para o cal precederá inicialmente a retirada da capa de grava existente e acopio en espazos que non impidan a execución dos traballos, retirada de illamentos e impermeabilización existente, limpeza de soporte e axustes de pendentes, posterior colocación de lamina de betún, capa separadora de polipropileno e posterior reutilización de illamento térmico existente, coa correspondente reposición de pranchas danadas. Recolocación de grava con achega de novo material si fose necesario
- Demolición de soleiras de formigón existente na formación de bancadas e formación de pendentes para a corrección das mesmas, construción de casetas de protección, sobre borde perimetral de ladrillo con conseguinte tratamento exterior de

impermeabilización, e colocación de casetas de lamas de aceiro galvanizado con portas de acceso a maquinaria, ancladas a base de ladrillo e coa súa correspondente cuberta do mesmo material. Posterior reposición de verteugas deteriorados, e pinturas de acabado.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 8 semanas.

**IV.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 10.09.2020 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

*A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca una zona de solo de núcleo rural, pendente no seu conxunto do desenrolo urbanístico, pero a zona sobre a que se actúa esta recollido polas ordenanzas 3.1, 3.2 y 3.3, ordenanzas de zonas verdes, deportivas e culturais. Tendo en conta que se trata de obras de conservación e mantemento sen alteración de usos nin volumetría, son obras axustadas a normativa urbanística.*

**CONCLUSIÓN:**

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*Tendo en conta as determinacións que fixa o art. 233.2 desta lei, os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria, coa correspondente descrición, Prego de prescricións técnicas, Estudio de Seguridade e Saúde, Xustificación de tratamento de residuos, Planos e Presuposto.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”*

## **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.-** A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei



## Concello de Vigo

de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.-** O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta do informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal.

**IV.-** A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

Aprobar o **“PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA IMPERMEABILIZACIÓN DAS CUBERTAS DO EDIFICIO DO CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES”**, redactado polos Arquitectos Municipais Juan L. Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO VINTE MIL CINCOCENTOS OITENTA EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (120.580,37 €), e sinatura dixital de datas 27 e 28 de xullo de 2020.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(741).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA PRIMEIRA TRAVESÍA DE GUIXAR-TEIS”. EXPTE. 4063/443.**

Visto o informe de fiscalización do 21/09/2020, dáse conta do informe-proposta do 18/09/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe dos Servizos-Xurídicos de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES DE FEITO

I- Preséntase o proxecto de **“CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA PRIMEIRA TRAVESÍA DE GUIXAR - TEIS”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D.

Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CORENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (45.538,57 €) e data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.

II.- A actuación desenvólvese na Primeira Travesía de Guixar - Teis, e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir;

- Construción dunha beirarrúa para o tránsito peonil na marxe esquerda.
- As obras, consistirán na execución dunha beirarrúa de baldosa dun ancho medio de 1,50 metros, nunha lonxitude aproximada de 115 metros.
- Dispoñerase canalización de pluviais baixo a beirarrúa, formada por un colector de diámetro 315 mm, sumidoiros e pozos de rexistro, separados estes elementos unha distancia máxima de 30 m. A instalación de iluminación exterior, dispoñerase unha canalización de 0,40 m de ancho por 0,50 m de profundidade, coas correspondentes cimentacións para báculos e arquetas.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DOUS MESES) 2 meses.

III.- En relación a supervisión do proxecto "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA PRIMEIRA TRAVESÍA DE GUIXAR - TEIS" a Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 26 de decembro de 2018 informe sinalando o seguinte:

*Xa que a contía do proxecto é inferior a 500.000 €, e non afecta á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra, este informe ten carácter facultativo. Art. 235 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014".*

*Os custos unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.*

IV.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 20 de decembro de 2018 en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado na mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.



## Concello de Vigo

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria para a contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contido no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

III.- En relación a supervisión do proxecto “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO DA BREA - BEADE”, a Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 19 de decembro de 2018 informe sinalando o seguinte:

Xa que a contía do proxecto é inferior a 500.000 €, e non afecta á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra, este informe ten carácter facultativo. Art. 235 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014”.

Os custos unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento





## Concello de Vigo

xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

IV.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 19 de decembro de 2018 en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado na mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria para a contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contido no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

Aprobar o proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO DA BREA – BEADE”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTO VINTE E SEIS MIL OITOCENTOS OITENTA E UN EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (226.881,13 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(751).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA COSTA DA GÁNDARA ”. EXPTE. 4027/443.**

Visto o informe de fiscalización do 21/09/2020, dáse conta do informe-proposta do 18/09/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe dos Servizos-Xurídicos de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- Preséntase o proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA COSTA DA GÁNDARA”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (162.522,14 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018.

II.- A actuación desenvólvese na rúa Costa da Gándara, e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir;

– Construción dunha beirarrúa para o tránsito peonil na rúa Costa da Gándara na marxe esquerda. As obras, consistirán na execución dunha beirarrúa de formigón dun ancho medio de 1,50 metros, nunha lonxitude aproximada de 430 metros.

– Dispoñerase canalización de pluviais baixo a beirarrúa, formada por un colector de diámetro 315 mm, sumidoiros e pozos de rexistro, separados estes elementos unha distancia máxima de 30 m. A instalación de iluminación exterior, dispoñerase unha canalización de 0,40 m de ancho por 0,50 m de profundidade, coas correspondentes cimentacións para báculos e arquetas.

– Será necesaria a colocación dunha varanda de 45 m de lonxitude.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES) 3 meses.

III.- En relación a supervisión do proxecto“CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA COSTA DA GÁNDARA”, a Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 18 de decembro de 2018 informe sinalando o seguinte:

Xa que a contía do proxecto é inferior a 500.000 €, e non afecta á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra, este informe ten carácter facultativo. Art. 235 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014”.

Os custos unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da



## Concello de Vigo

Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

IV.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 18 de decembro de 2018 en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado na mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria para a contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contido no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### ACORDO

Aprobar o proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA COSTA DA GÁNDARA”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (162.522,14 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(752).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. GARCÍA BARBÓN, ENTRE A RÚA ROSALÍA DE CASTRO E RÚA ISAAC PERAL”. EXPTE. 3801/443.**

Visto o informe de fiscalización do 21/09/2020, dáse conta do informe-proposta do 21/09/2020, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe dos Servizos-Xurídicos de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 05.07.2017 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción dun proxecto de humanización da rúa García Barbón, entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Isaac Peral a prol da empresa FRAGA, G. QUIJADA, PORTOLÉS Y ASOCIADOS, S.L.P..

**II.-** Os Arquitectos Salvador Fraga Rivas, Manuel Portolés Sanjuan y Fco. Javier Garcia-Quijada presentan borrador do proxecto "HUMANIZACIÓN DA AVDA. GARCÍA BARBÓN, ENTRE A RÚA ROSALÍA DE CASTRO E A RÚA ISAAC PERAL".

**III.-** O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 08.05.2018, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 10.05.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** A actuación se desenrola na rúa García Barbón entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Isaac Peral que consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir.

- Previamente procederase a retirada do mobiliario existente, así como arboredo que resulte afectada pola ubicación e procederase a protección dp arboredo, a continuación efectuarase a correspondente demolición dos pavimentos existente.
- Unha vez efectuadas as demolicións procederase a efectuar a escavación de gabias para a renovación das redes de abastecemento en ambos marxes a base de tubaxe de fundición dúctil Ø 100 m, asentado sobre cama de area, cos seus correspondentes elementos especiais de conexión, rede de rego, coa súa correspondente tubaxe arquetas e elementos electrónicos de regulación. Tamén se contempla a renovación dos colectores de saneamento e rede de pluviais cos Ø de tubaxe de PVC, definidos no proxecto, cos seus correspondentes sumidoiros, pozos e arquetas de conexión, así como as conexións coas redes existentes. Como tamén as conexións cos edificios existentes. A continuación procederase ao recheo das correspondentes gabias a base de material de préstamo seleccionado, estendido e compactado en capas de 20 cm., de espesor con grado de compactación do 95%, para efectuar as canalizacións de redes soterrados de alumado público e semaforización, e canalización da rede de subministro eléctrico, segundo os esquemas do proxecto, así como a comprobación de estado do resto de redes existentes na rúa. Durante a fase das escavacións no proxecto prevese o correspondente control arqueolóxico.



## Concello de Vigo

- Unha vez confeccionada a explanada no seu conxunto, procederase a efectuar a pavimentación, diferenciado no tipo de pavimentación entre beirarrúas, estas a base de formigón en masa HM-20 de 10 cm, de espesor e acabado con baldosa de granito gris Alba de 6 cm, de espesor. Diferenciado o tipo de granito nas zonas de paso de peóns. Así mesmo entre calzada e beirarrúa colocarase o bordillo formado por pezas de granito flameado sobre soleira de formigón, efectuando pezas especiais nos encontros en esquinas e paso de peóns. Na zona de rodadura previo reposición de zona firmes nas gabias a base de Formigón en masa HM-20 de 20 cm de espesor efectuarase o correspondente fresado capa de rego de adherencia e posterior mezcla bituminosa en quente ac16 surf 50/70 en capa de rodadura cun espesor de 5 cm.
- Posterior finalización a base de dotación de xardinaría, farois de alumado público, elementos de protección, decorativo, mobiliario , semaforización e sinalización correspondente.
- Na conexión coa rúa Callao, prevese previa demolición da escaleira existente a construción dunha nova a base lousas de Formigón armado apoiadas sobre muro de formigón armado de nova construción e zona de recheo compactada acabado a base de huella e contrahuella de granito, con forrado de eucalipto perimetralmente, e varanda a base de pes de aceiro galvanizado e acabado en vidro laminar.
- Tratamento de zona de xardín no encontro coa rúa Isaac Peral a base de sendas de pavimento de formigón coloreado, con pérgolas decorativas a base perfilería metálica galvanizada, apoiada sobre zapatas de formigón armado, segundo deseño determinado no proxecto, e zona de cuberta a base de tramex, e cuberta de policarbonado, xerando zonas de espaxamento ao aire libre.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DEZ) 10 meses.

**V.-** Consta no expediente administrativo de referencia, resolución da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, de data 18.10.2018, autorizando á execución das obras proxectadas por tratarse dunha actuación no ámbito de protección do xacemento arqueolóxico de Pontevedra Areal (GA36057083), agás no ámbito da rotonda de Isaac Peral que inclúe o traslado do monumento a García Barbón, xa que non está xustificada a intervención sobre este elemento que conta con protección integral no PXOM, condicionada o cumprimento das seguintes condicións:

*“Con respecto dos acabados empregados, deberanse eliminar os elementos de deseño rematados en aceiro inoxidable e substituílos por outros de cor lisa, mate e sen brillos. Dentro da área obxecto de afección, deberán realizarse antes do inicio das obras unhas sondaxes valorativas mecánicas e posterior control arqueolóxico de tódalas accións que comporten algún movemento de terra, polo que deberá presentarse un proxecto de sondaxes valorativas previas e control arqueolóxico para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural”.*

**VI.-** Unha vez realizada a intervención arqueolóxica na fase de sondaxes, autorizada mediante resolución delegada de data 08.03.2019 da Dirección Xeral de Patrimonio, en data 25.10.2019 recíbese resolución favorable da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, no que pon de manifesto que debe de continuar o control arqueolóxico, unha vez que se inicien as obras, condicionada o cumprimento das seguintes condicións:

- “1. O arqueólogo director deberá comunicar coa suficiente antelación, á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo e ó Servizo de Arqueoloxía municipal, a data de inicio da II Fase da intervención arqueolóxica. O remate da mesma deberá ser comunicado ó día seguinte.*
- 2. De documentarse restos arqueolóxicos en posición primaria informarase, de contado, ós devanditos servizos patrimoniais, para determinar as medidas a adoptar.*
- 3. Ó remate da segunda fase da intervención, a de control arqueolóxico, e nun prazo máximo de dez (10) días, deberá remitirse un informe valorativo cos resultados da mesma*
- 4. No prazo máximo de seis (6) meses, dende o remate da actuación arqueolóxica, entregárase a memoria técnica.*
- 5. Os diferentes informes e memoria conterán a documentación escrita e gráfica necesaria para una correcta valoración dos traballos realizados e dos seus resultados; incluíndo unha descrición detallada e obxectiva das diferentes unidades estratigráficas rexistradas nas dúas -2- fases da intervención. Acompañárase copia desta documentación tamén en soporte dixital.*
- 6. Xa que no informe valorativo da primeira fase da intervención (sondaxes mecánicas), non se sinala o motivo de non acadar o substrato natural, tal e como se especificaba na resolución correspondente. Cómpre que na memoria técnica da intervención sexa xustificada dita decisión.”*

**VII.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite informe en data 18.09.2020 indicando o seguinte:

*“A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca una zona de solo urbano consolidado, sendo obras de reposición de servizos urbanísticos e reposicións de pavimentacións .Dentro do ámbito de actuación atopase ubicado un elemento arquitectónico catalogado, o mesmo dispón dun informe da consellería de cultura de data 17/10/2018 no que pon de manifesto que non se pode trasladar dito elemento catalogado, o que segundo o proxecto actual non se efectúa dito traslado, polo que tendo en conta a instrución da consellería de cultura de data 8/11/2017, as obras propostas non actúan sobre dito elemento, polo tanto segundo dita a instrución non e necesario informe a o respecto, simplemente comunica as mesmas. No que corresponde a área de respecto do xacemento consta resolución favorable da Consellería de cultura de data 25/10/2019, no que pon de manifesto que debe de continuar o control arqueolóxico, unha vez que se inicien as obras. Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.*

**CONCLUSIÓN:**

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do*



## Concello de Vigo

*contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."*

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RUA GARCIA BARBON ENTRE ROSALIA DE CASTRO E ISAAC PERAL", redactado polos Arquitectos Salvador Fraga Rivas, Manuel Portolés Sanjuan y Fco. Javier Garcia-Quijada cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS CENTO NOVENTA E SETE MIL CORENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (2.197.043,98 €) e data Xullo de 2020.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(753).- BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO ESPECÍFICO DE MÉRITOS PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE XEFE/A DE DISCIPLINA URBANÍSTICA DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 275/417.**

Visto o informe de fiscalización de data 3/09/2020, dáse conta do informe-proposta do 27/08/2020, do secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Asunto. Bases Reguladoras do Concurso Especifico de Méritos para a provisión do posto de traballo Xefe/a de Disciplina Urbanística na Xerencia Municipal de Urbanismo. (Expdte. 245/417).

Lexislación aplicable.

LBRL Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

RIPEPPT. Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo o que se aproba o Regulamento xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado.

EXMU. Estatutos Xerencia Municipal de Urbanismo. (BOP. 6.10.2010)

Antecedentes. Mediante Dilixencia de data 19.08.20202 o xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo no uso das atribucións sinaladas no artigos 12.1.a) e 12.1.f) dos Estatutos da XMU remite á Secretaría da XMU o Expediente 275/417 o obxecto da elaboración das Bases que deben rexer no concurso específico para a provisión do posto de Xefa/e de Disciplina Urbanística; cumprimentando a encomenda emítese o seguinte,

### **INFORME – PROPOSTA**

I. Na Relación de Postos de Traballo da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 16.01.2020 e publicada no BOP nº 21 de data 31.01.2020 consta vacante o seguinte posto de traballo

Código: 423.01





## Concello de Vigo

Denominación: Xefe/a de Disciplina Urbanística.  
Grupo-Subgrupo: A/A1  
Escala: Administración Xeral.  
Subescala: Técnico Superior.  
Nivel Complemento Destino: 28.  
Complemento Específico: 650. (24.198,58 €)  
Tipo de posto: Singularizado.  
Método de Provisión: Concurso de Méritos Específico.

II. Corresponde á Xunta de Goberno Local, de conformidade co sinalado no artigo 127.1.h) da LBRL, aprobar as Bases das convocatorias de provisión de postos de traballo.

III. Na redacción das Bases que se adxuntan no Anexo a esta proposta de acordo se ten observado a normativa de aplicación, en especial, o RIPEPPT, de aplicación supletoria o réxime local segundo determina o seu artigo 1.3.

IV. Conforme o exposto se propón á Xunta de Goberno Local previa a súa fiscalización pola Intervención xeral e previa audiencia da Xunta de Persoal da XMU a adopción do seguinte acordo.

PRMEIRO. Convocar concurso específico de méritos para a provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Disciplina Urbanística que se atopa vacante na Relación de Postos de Traballo da xerencia municipal de Urbanismo.

SEGUNDO. Aprobar as Bases específicas que rexerán na convocatoria que constan no Anexo a este acordo.

TERCEIRO. O prazo de presentación de solicitudes por parte dos funcionarios interesados no procedemento de provisión será de quince días hábiles contados a partir do seguinte o de publicación do extracto do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

CUARTO. O presente pon fin á vía administrativa, contra o mesmo cabe interpor recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados de Vigo no prazo de dous meses sen prexuízo da interposición de recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Con data 10/09/2020 o secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo emite informe de rectificación de erros das bases reguladoras do concurso.

O Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 15/09/2020, acorda elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ANEXO

### BASES REGULADORAS CONCURSO ESPECÍFICO DE MÉRITOS PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DISCIPLINA URBANÍSTICA CONCELLO DE VIGO XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

#### **PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.**

1. As presentes Bases, de conformidade coa Relación de Postos de Traballo (RPT) da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 16.01.2020 e publicada no BOP nº 21 de data 31.01.2020, regulan o concurso específico de méritos para a provisión do seguinte posto de traballo,

Código: 423.01

Denominación: Xefe/a de Disciplina Urbanística.

Grupo-Subgrupo: A/A1

Escala: Administración Xeral.

Subescala: Técnico Superior.

Nivel Complemento Destino: 28.

Complemento Específico: 650. (24.198,58 €)

Tipo de posto: Singularizado.

Localización: Xerencia Municipal de Urbanismo.

#### **SEGUNDA. Descrición do posto de traballo.**

Son funcións correspondentes o posto de traballo as seguintes:

- Execución da actuación municipal en materia de disciplina urbanística co fin de acadar a correcta aplicación e observancia do PXOU e demais normativa urbanística vixente.
- Prestar aos órganos superiores, Vicepresidencia e Xerencia XMU, o debido asesoramento técnico e xurídico.
- Propoñer á Vicepresidencia e a Xerencia da XMU a planificación anual e os distintos programas relativos á actividade e obxectivos do Servizo.
- Responsabilidade na consecución dos obxectivos asignados o Servizo e na execución e desenvolvemento dos correspondentes programas vixiando o seu exacto cumprimento.
- Xestionar os servizos comúns do Servizo e a eficiente utilización dos medios e recursos materiais, económicos e persoais que asinados.
- Inspeccionar as distintas unidades administrativas dependentes do Servizo e adoptar as medidas oportunas para asegurar a súa eficacia impartindo as Instrucións que procedan.
- Sinalar aos órganos superiores, Vicepresidencia e Xerencia da XMU, as necesidades económicas do Servizo para cada exercicio e propoñelas aos órganos competentes para a súa aprobación no orzamento.
- Propoñer aos órganos superiores, Vicepresidencia e Xerencia da XMU, as medidas organizativas que sexan procedentes.
- Propoñer aos órganos superiores as decisións relacionadas cos postos de traballo dependentes do Servizo.
- Coordinar o persoal administrativo ou laboral adscrito ao Servizo, sen prexuízo das funcións que neste ámbito correspondan a órganos superiores, Vicepresidencia e Xerencia XMU.



## Concello de Vigo

- Representar administrativamente o Servizo na relación con organismos públicos, persoas xurídicas diversas e empresas, servizos ou persoas en xeral.

### **TERCEIRA. Normativa aplicable.**

O presente concurso específico de méritos rexerese polas presentes Bases. No non previsto nelas aplicarase o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; no Regulamento xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; na Lei 2/2015, de 19 de abril, do Empregado Público de Galicia; na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; así como a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico Común das Administracións Públicas e demais disposicións que sexan de aplicación.

### **CUARTA. Publicación da convocatoria.**

1. As presentes Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Edictos do Concello (electrónico e físico) e na páxina web municipal, [www.vigo.org](http://www.vigo.org)
2. Os sucesivos anuncios derivados do desenvolvemento da convocatoria publicaranse no taboleiro de edictos (electrónico e físico) do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org)

### **QUINTA. Requisitos para participar na convocatoria.**

1. Requisitos dos aspirantes.

Poderán participar no concurso os funcionarios de carreira do Concello de Vigo ou do organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser funcionario de carreira, calquera que sexa a súa situación administrativa, excepto os suspensos en firme mentres dure a suspensión.
- Ocupar praza na plantilla de funcionarios do Grupo A, Subgrupo A1 da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica.
- Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Licenciado en Dereito; Licenciado en Ciencias Políticas; Licenciado en Económicas ou Empresariais, Intendente ou Actuario mercantil.
- Ter unha antigüidade mínima de tres anos no posto de traballo de destino definitivo agás aqueles funcionarios que o obtiveran en virtude de adscrición coma consecuencia da adquisición da condición de funcionario do Concello de Vigo ou da Xerencia Municipal de Urbanismo (funcionarios de novo ingreso).

Poderán presentar solicitudes os funcionarios que desempeñen o seu posto de traballo en virtude de nomeamento provisional calquera que sexa o tempo que leven desenvolvendo o posto.

2. Os requisitos esixidos posuírsanse polos aspirantes no día no que conclúa o prazo de presentación de solicitudes.

#### **SEXTA. Forma, prazo e lugar de presentación de solicitudes.**

*1. Forma de presentación:* As solicitudes para a participación no concurso, cumprimentadas e asinadas, presentaranse segundo modelo do ANEXO I destas Bases.

A presentación da solicitude de participación no concurso específico supón a declaración de que son certos os datos consignados na mesma e de que se reúnen todos os requisitos esixidos. Os interesados comproméntense a acreditar documentalmente, finalizada a valoración de méritos, os datos que fagan constar na solicitude.

Á solicitude de participación acompañarase a seguinte documentación:

A. Algún dos seguintes Títulos: Licenciado en Dereito; Licenciado en Ciencias Políticas; Licenciado en Económicas ou Empresariais, Intendente ou Actuario mercantil.

Acreditarase mediante fotocopia simple do documento que serva de proba e xustificación.

B. Relación de méritos alegados para a súa valoración.

Acreditaranse mediante fotocopia simple dos documentos que sirvan de proba e xustificación. Os méritos aportaranse: (i) numerados. (ii) diferenciados por apartados na orde prevista na Base Novena.

Non serán valorados os méritos non documentados na forma mencionada; a Comisión de Valoración solicitará ampliación de documentación se considera que un mérito non se atopa acreditado.

C. Memoria sobre o posto de traballo (conforme ao disposto na Base Novena. Fase Segunda: Méritos Específicos. Letra A).

Concluída a valoración o aspirante proposto para a provisión do posto presentará os documentos orixinais ou compulsados a fin de proceder a súa comprobación nos términos previstos na Base Décimo Primeira.

*2. Prazo de presentación:* Quince días hábiles contados a partir do seguinte o de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia; esta publicación anunciarase na páxina web municipal e no Tabloiro de Edictos.

*3. Lugar de presentación:* No Rexistro Xeral da Xerencia do Urbanismo do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015.



## Concello de Vigo

### **SÉTIMA. Admisión de aspirantes.**

1. Concluído o prazo de presentación de solicitudes a Vicepresidencia da XMU, mediante Resolución, aprobará o listado provisional de aspirantes admitidos e excluídos, neste suposto especificarase a causa de exclusión; contra a Resolución poderase presentar reclamación no prazo de 10 días hábiles; as reclamacións, se as houbera, serán resoltas na Resolución da Vicepresidencia na que se aproben as listas definitivas que será obxecto de publicación na páxina web municipal e no Taboleiro de Edictos. Os aspirantes que, no prazo sinalado, no subsanaran o defecto que motivou a súa exclusión ou no presentaren reclamación xustificando o seu dereito de inclusión na relación de admitidos, serán excluídos do proceso. É insubsanable a presentación da solicitude fora do prazo.

2. No suposto de non presentarse reclamacións o listado provisional entenderase definitivo; esta circunstancia farase constar na Resolución de aprobación do listado provisional.

3. Na mesma Resolución na que se faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos constará:

- Composición da Comisión de Valoración.

- Lugar, data e hora de constitución da Comisión de Valoración para a valoración dos méritos da Primeira Fase (Méritos Xerais) e da Segunda (Méritos Específicos) e para a exposición e defensa polos participantes da Memoria sobre o posto de traballo (Méritos Específicos. Letra A).

### **OITAVA. Comisión de Valoración.**

1. A Comisión de Valoración integrarase polos seguintes membros:

Presidente: Un funcionario de carreira que preste os seus servizos na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

Vocais:

Dous funcionarios de carreira que presten os seus servizos na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

Dous funcionarios de carreira de entre os que presten os seus servizos no Concello ou na Xerencia Municipal de Urbanismo designados conforme a proposta que realice a Xunta de Persoal da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Secretario: O secretario da XMU, ou funcionario en quen delegue.

2. A Comisión será designada mediante Resolución da Vicepresidencia da XMU; os seus membros pertencerán a Corpos ou Escalas do grupo de titulación esixido para o posto convocado; as designacións axustaranse ao principio de composición equilibrada de mulleres e homes. Designaranse membros suplentes que, no seu caso, substitúan aos titulares.

3. A Comisión de Valoración non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de mais da metade dos seus membros, titulares ou suplentes (3); en todo caso estarán presentes o presidente e o secretario.

4. O réxime xurídico aplicable á Comisión de Valoración axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro. Os membros da Comisión absteranse de formar parte da mesma cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da mesma Lei.

5. A Comisión queda facultada para resolver as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas Bases e para adoptar os acordos necesarios para a boa orde do procedemento.

6. A Comisión de Valoración poderá requirir dos concursantes, en calquera momento do procedemento, a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. Caso de constatare que algún dos concursantes non reúne un ou varios dos requisitos, a Comisión, previa audiencia do interesado, emitirá proposta de exclusión dirixida á Vicepresidencia da XMU.

A Comisión recabará dos interesados as aclaracións ou a achega da documentación adicional que considere necesaria para a comprobación dos méritos alegados.

7. Contra os actos de trámite da Comisión que decidan directa o indirectamente sobre o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos e intereses lexítimos e que non poñan fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Vicepresidencia da XMU.

Contra os demais actos de trámite os interesados poderán presentar ante a Comisión as alegacións, reclamacións e/ou subsanacións de documentación que estimen pertinente no prazo de dez días a contar desde o seguinte á data da publicación.

#### **NOVENA. Baremo de méritos (100,00 puntos).**

1. O Concurso específico de méritos, no que poderá obterse un máximo de 100,00 puntos, consta de dous Fases.

- Fase Primeira. Máximo 50,00 puntos. Valoraranse os méritos xerais (antigüidade, grado persoal consolidado, traballo desenvolvido e cursos de formación ou perfeccionamento superados).

- Fase Segunda. Máximo 50,00 puntos. Valoraranse os méritos específicos axeitados ás características do posto de traballo.

Consideraranse os méritos alegados e obtidos antes de finalizar o prazo de presentación de solicitudes para participar no Concurso.

#### **FASE PRIMEIRA: MÉRITOS XERAIS**

*A. Antigüidade (Máximo: 20,00 puntos)*



## Concello de Vigo

1. Servizos prestados na Administración Local no mesmo Grupo de titulación ao do posto obxecto de convocatoria: 0,80 puntos ano completo e 0,066 mes completo. Non computan períodos inferiores o mes.

Servizos prestados en calquera Administración Pública no mesmo Grupo de titulación ao do posto obxecto da convocatoria: 0,70 puntos ano completo e 0,058 mes completo. Non computan períodos inferiores o mes.

Servizos prestados na Administración Local nun Grupo de titulación inferior o que pertence ao posto obxecto da convocatoria: 0,60 ano completo e 0,050 mes completo. Non computan períodos inferiores o mes.

Servizos prestado en calquera Administración Pública nun Grupo de titulación inferior ao que posto obxecto da convocatoria: 0,50 ano completo e 0,042 mes completo. Non computan períodos inferiores o mes.

Computaranse os servizos recoñecidos ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2. Acreditación antigüidade no Concello de Vigo ou na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo: Informe emitido, previa petición polos interesados, conforme o Anexo II destas Bases pola persoa responsable da Área de Recursos Humanos do Concello de Vigo (ou funcionario no que delegue) ou pola persoa responsable do Servizo de Asuntos Xerais da XMU (ou funcionario no que delegue).

3. Acreditación antigüidade noutra Administración Local ou noutras Administracións Públicas: Certificación expedida pola Administración correspondente.

### *B. Grado persoal consolidado. (Máximo: 10,00 puntos)*

1. Posesión dun grado persoal consolidado de superior nivel ao do posto ofertado: 10,00 puntos

Posesión dun grado persoal consolidado do mesmo nivel ao do posto ofertado: 5,00 puntos

Posesión dun grado persoal consolidado inferior en non mais de catro niveis ao nivel do posto ofertado: 3,00 puntos

2. Acreditación: Informe emitido, previa petición polos interesados, conforme o Anexo II destas Bases pola persoa responsable da Área de Recursos Humanos do Concello de Vigo (ou funcionario no que delegue) ou pola persoa responsable do Servizo de Asuntos Xerais da XMU (ou funcionario no que delegue).

### *C. Valoración do traballo desenvolvido (Máximo: 10,00 puntos)*

1. Desempeño de postos de traballo no Concello de Vigo ou na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo de nivel de Complemento de Destino igual ou superior ao do posto convocado cando estiveran adscritos á área funcional de urbanismo: 0,20 puntos/mes.

Desempeño de postos de traballo noutras Administracións Públicas de nivel de Complemento de Destino igual ou superior ao do posto convocado cando estiveran adscritos á área funcional de urbanismo: 0,15 puntos/mes.

Desempeño de postos de traballo no Concello de Vigo ou na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo inferiores en no mais de catro niveis de Complemento de Destino ao nivel de Complemento do posto convocado cando estiveran adscritos á área funcional de urbanismo: 0,10 puntos/mes.

Desempeño de postos de traballo noutras Administracións Públicas inferiores en non mais de catro niveis de Complemento de Destino ao nivel de Complemento do posto convocado cando estiveran adscritos á área funcional de urbanismo: 0,05 puntos/mes.

Os efectos destas bases enténdese por “área funcional de urbanismo” tanto o desempeño de funcións correspondentes á xestión administrativa urbanística (tramitación de licencias, autorizacións, ordes de execución, expedientes de ruina, expropiacións, convenios urbanísticos, redacción de ordenanzas e regulamentos en materia urbanística, disciplina urbanística, expedientes sancionadores e similares) como a correspondente a aspectos técnicos urbanísticos (seguimento e redacción de planeamento urbanístico, xestión e tramitación do planeamento urbanístico, seguimento de proxectos de urbanización, rehabilitación urbana, patrimonio histórico, avaliación ambiental e medio ambiente e similares)

2. Aos funcionarios en Comisión de Servizos valoraranse o nivel de Complemento de Destino do seu posto de orixe.

3. O tempo de traballo desenvolvido mediante adscrición provisional, desempeño accidental e outros nomeamentos non definitivos reducirase á carta parte das valoracións sinaladas no apartado 1.

4. Acreditación do traballo desenvolvido no Concello de Vigo ou na Xerencia Municipal de Urbanismo: Informe emitido, previa petición dos interesados, conforme o Anexo II destas Bases pola persoa responsable da Área de Recursos Humanos do Concello de Vigo (ou funcionario no que delegue) ou pola persoa responsable do Servizo de Asuntos Xerais da XMU (ou funcionario no que delegue). O informe especificará o carácter dos postos desempeñados distinguindo entre, (i) “desempeño definitivo” (nomeamento e adscrición consecuencia da obtención da condición de funcionario; nomeamento e adscrición obtido mediante concurso de traslados ou nomeamento e adscrición obtido consecuencia de libre designación) e, (ii) “desempeño non definitivo” (nomeamentos e adscricións provisionais, accidentais e similares)

5. Acreditación do traballo desenvolvido noutras Administracións Públicas: Certificación expedida pola Administración correspondente, que incluíra un apartado describindo as principais funcións do posto certificado. O certificado especificará o carácter dos postos desempeñados distinguindo entre (i) “desempeño definitivo” (nomeamento e adscrición consecuencia da obtención da condición de funcionario; nomeamento e adscrición mediante concurso de traslados ou nomeamento e adscrición consecuencia de libre designación) e, (ii) “desempeño non definitivo” (nomeamentos e adscricións provisionais, accidentais e similares)





## Concello de Vigo

### *D. Curso de formación e perfeccionamento. (Máximo: 10,00 puntos)*

1. Valorarase a participación e asistencia como alumno en cursos de formación e perfeccionamento recibidos e acreditados nos últimos dez anos desde a data de publicación da convocatoria no BOP sobre materias directamente relacionadas coas funcións encomendadas o posto obxecto de concurso.

En todo caso, as accións formativas han de ser organizadas por:

- Administracións Públicas (nos términos da Lei 40/2015).
- Universidades (públicas ou privadas).
- Institutos ou Escolas Oficiais das Administracións Públicas.
- Colexios Profesionais.
- Organizacións Sindicais.
- Institucións privadas cando contén coa colaboración ou homologación (a acción formativa) dunha Administración ou institución de Dereito Público.

Estarán incluídas as accións formativas (cursos) impartidas no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP).

Non se valorarán:

- Cursos sobre materias que non garden relación directa coas funcións propias do posto.
- Cursos pertencentes a titulacións académicas.
- Cursos de doutorado.
- Cursos derivados de procesos selectivos cuxa realización sexa requisito para o acceso a un corpo ou escala de funcionario ou persoal laboral.
- Sucesivas edicións dun mesmo curso.
- Cursos non cuantificados por horas. De expresarse en créditos os interesados acreditarán, en debida forma, a súa correspondencia con horas.
- A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares.
- Cursos de duración inferior a 25 horas.

2. Ademais das materias correspondentes a “área funcional de urbanismo”, enténdese que son materias directamente relacionadas coas funcións encomendadas o posto as seguintes:

- Constitución e Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Réxime Local (organización e funcionamento).
- Procedemento administrativo común.
- Réxime xurídico do Sector Público.
- Réxime xurídico do Emprego Público.
- Contratos do Sector Público.
- Seguridade e saúde laboral.
- Medio Ambiente.
- Igualdade de xénero.
- Atención o cidadá.
- Transparencia e bó goberno.
- Protección de datos persoais.
- Administración Electrónica.

- Informática a nivel de usuario: internet, correo electrónico, procesador de textos, folia de cálculo, bases de datos, diseño de presentacións.

3. A valoración dos cursos realizarase conforme a seguinte escala:

Mais de 200 horas: 0,60 puntos.

Mais de 100 horas: 0,30 puntos.

De 81 a 100 horas: 0,25 puntos.

De 61 a 80 horas : 0,20 puntos.

De 41 a 60 horas : 0,15 puntos.

De 25 a 40 horas : 0,10 puntos.

4. Acreditación. Mediante a presentación do título, diploma ou certificación expedida pola Administración, Universidade, Organismo ou Institución que houbera impartido o curso de formación ou perfeccionamento, ou que resulte competente para a súa expedición. Non valoraranse as accións formativas impartidas por entidades privadas distintas ás enunciadas. Os títulos, diplomas ou certificacións conterán a seguinte información:

- Órgano ou entidade que o ten impartido.
- Denominación do curso.
- Materia do curso.
- Número de horas de duración ou créditos con correspondencia en horas.
- Data de realización.

## FASE SEGUNDA: MÉRITOS ESPECÍFICOS

### *A. Memoria sobre o posto de traballo (Máximo: 25,00 puntos)*

1. Os funcionarios participantes no concurso elaborarán e expoñerán unha Memoria sobre o posto de traballo que terá como obxecto:

– Análise das funcións do posto de traballo así como das condicións e dos medios necesarios para o seu desempeño considerando o contido das funcións detalladas na Base Segunda desta convocatoria.

– Formular propostas específicas de organización do Servizo diferenciando as funcións técnicas e administrativas asignadas ao persoal adscrito ao mesmo.

– Propostas innovadoras e achegas persoais orientadas á mellora organizativa e de funcionamento do Servizo.

2. A Memoria presentarase xunto á solicitude de participación no concurso (Base Sexta) e axustarase ás seguintes características:

Extensión mínima: 5 páxinas.

Extensión máxima: 10 páxinas.

Interliñado: 1,5.

Letra: Times New Roman.

Tamaño da letra: 12.



## Concello de Vigo

Marxes superior, inferior, dereito e esquerdo: 2,40 cms.

Paxinación: o final de cada páxina.

Impresión: dous caras.

3. Sinalarase a data e a hora da exposición da Memoria ante a Comisión de Valoración. O tempo de exposición da Memoria non será superior a 20 minutos. Finalizada a exposición, e con carácter previo a súa cualificación, os membros da Comisión formularán aos participantes as preguntas e/ou aclaracións que consideren oportunas acerca do seu contido, así como sobre calquera dos aspectos desenvolvidos na exposición.

No acto de exposición e defensa da Memoria os candidatos poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (1 páxina).

4. A través da Memoria e da súa exposición oral polos aspirantes a Comisión valorará, entre outros, os seguintes aspectos:

- Estrutura formal e claridade. Contido.
- Análise das tarefas do posto de traballo e de as súas condicións e medios.
- Propostas na mellora organizativa e de funcionamento do Servizo.
- Propostas de organización con diferenciación das funcións técnicas e administrativas do persoal adscrito o Servizo.

A valoración da Memoria e da súa exposición efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da Comisión de Valoración. Non computarán nin a máxima nin a mínima ou unha das que aparezan repetidas.

As puntuacións outorgadas, así como a valoración final, reflectiranse na Acta da sesión.

5. A orde de actuación dos candidatos iniciarase alfabeticamente comenzando o concursante cuxo primeiro apelido comece pola letra que resulte no sorteo anual realizado pola Secretaría de Estado para a Administración Pública, artigo 17 R.D. 364/1995.

### *B. Estudos axeitados para o desempeño do posto (Máximo: 20,00 puntos)*

1. Titulación universitaria de Doutor con programa de doutorado relacionado con algunha das titulacións esixidas para participar no procedemento de provisión. Máximo: 15,00 puntos.

Con premio extraordinario: 15 puntos.

Con sobresaínte: 10 puntos.

Con outras puntuacións: 5 puntos.

2. Diploma de Técnico Urbanista ou curso superior de Técnico de Urbanismo expedido polo Instituto Nacional de Administración Pública, pola Escola Galega de Administración Pública ou outra entidade pública equivalente: 10,00 puntos.

3. Máster Oficial acreditado pola Axencia Nacional de Evaluación da Calidade e Acreditación (ANECA) relacionado con algunha das titulacións esixidas para participar no procedemento de provisión: 10,00 puntos

4. Outra titulación universitaria de entre as incluídas na Base Sexta, non aportada como requisito de acceso: 5,00 puntos.

5. Titulacións acreditativas de coñecementos de idiomas atendendo aos niveis establecidos no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), aos niveis equivalentes para idiomas non incluídos dentro do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER). Nivel C2: 8,00 puntos; Nivel C1: 6,00 puntos; Nivel B2: 4,00 puntos; Nivel B1: 2,00 puntos; Nivel A2: 1,00 punto

6. Acreditación estudos: Mediante achega do título ou diploma ou resguardo de ter satisfeito os dereitos para a súa expedición ou mediante certificación expedida pola Secretaría da Universidade ou Administración Pública correspondente.

Non valoraranse titulacións imprescindibles para a consecución doutras de nivel superior.

7. Acreditación coñecementos de idiomas: Mediante a presentación de título, diploma ou certificación expedida pola Administración, Organismo, Institución, Escola Oficial ou entidade pública/privada acreditada, nos termos previstos na normativa de aplicación. A valoración dos títulos de nivel superior exclúe a valoración dos títulos de nivel inferior necesarios para a obtención de aqueles.

### *C. Publicacións (Máximo: 5,00 puntos)*

1. Pola publicación de traballos científicos e de investigación relacionados directamente cos cometidos inherentes o posto de traballo.

Libro completo: 5,00 puntos

Capítulo de libro: 2,00 puntos

Artículo en revistas: 1,00 punto

2. Acreditación: Mediante a presentación de exemplar da publicación (con ISBN o ISSN) ou de fotocopia completa de dita publicación con compulsa das páxinas acreditativas da autoría e do ISBN ou ISSN. Respecto da autoría, só valoraranse os tres primeiros autores. Non valorarase os traballos cando o autor forme parte dun grupo colaborativo de mais de tres autores e non se acredite a orde da autoría.

### **DÉCIMA. Puntuacións mínimas.**

Para obter a adxudicación do posto de traballo é necesario que os concursantes alcancen as seguintes puntuacións mínimas:

Primeira Fase (méritos xerais): 15,00 puntos.

Segunda Fase (méritos específicos): 10,00 puntos.

Eliminaranse os concursantes que non alcancen as puntuacións mínimas.



## Concello de Vigo

### **DÉCIMO PRIMEIRA. Acreditación de méritos.**

1. Os méritos alegados polos concursantes conforme ao baremo da Base Novena presentaranse xunto á solicitude de participación no proceso selectivo nos términos previstos no apartado 2 da Base Sexta.

2. A forma de acreditar os méritos é a establecida na Base Novena.

### **DÉCIMO SEGUNDA. Resolución do concurso de méritos.**

1. A Comisión de Valoración, valorados os méritos da primeira e da segunda fase, adoptará os acordos que se citan que publicaranse no Taboleiro do Concello (electrónico e físico) e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org)

- Puntuacións individualizadas asignadas aos concursantes en cada un dos méritos das dúas fases e no total de cada fase.

- Puntuación final do concurso obtida da suma das puntuacións das dúas fases.

- Proposta de nomeamento provisional á Presidencia da XMU para o posto de Xefe/a de Disciplina Urbanística que recaerá a favor do concursante que tivera obtido a maior puntuación sumados os resultados finais das dúas fases. A proposta será razoada con referencia ao cumprimento das Bases da convocatoria e demais normas de aplicación. Quedará acreditado no Expediente a observancia do procedemento e a valoración dos méritos dos concursantes.

2. No caso de empate nas puntuacións acudirase á puntuación outorgada na fase de méritos xerais segundo a seguinte orde: grado consolidado; valoración do traballo desenvolvido; cursos; antigüidade.

3. Os participantes no procedemento no prazo dos dez días hábiles seguintes ao de publicación do acordo poderán consultar o Expediente e alegar e xustificar ante a Comisión de Valoración o que estimen conveniente sobre os resultados das valoracións. As alegacións ou reclamacións resolveranse no prazo de cinco días pola Comisión que realizará proposta definitiva á Presidencia da XMU.

4. A proposta provisional terá carácter de definitiva se non se presentaren polos concursantes escritos de alegacións ou reclamacións.

5. No prazo de 20 días, a contar desde o seguinte a aquel en que sexa público o anuncio do nome do concursante proposto provisionalmente para a provisión del posto de traballo, o funcionario proposto presentará na dependencia de servizos xerais da XMU os documentos orixinais, ou copias compulsadas, dos méritos presentados coa solicitude de participación, e valorados no Concurso a fin de proceder a súa comprobación, compulsada e validación.

Se no prazo indicado non achegara dicha documentación, será excluído do procedemento.

6. A Presidencia da XMU no prazo máximo de tres meses contados desde o día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e previa a presentación da docu-

mentación mencionada no apartado anterior, resolverá motivadamente o Concurso en base á proposta da Comisión de Valoración e acordará a súa adscrición ao posto de traballo de Xefe/a de Disciplina Urbanística. A Resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro do Concello (electrónico e físico) e na páxina web municipal.

A Resolución pon fin á vía administrativ, contra a mesma cabe interpor recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados de Vigo no prazo de dous meses sen prexuízo da interposición de recurso potestativo de reposición ante a Presidencia no prazo dun mes, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

8. O destino adxudicado será irrenunciable salvo que antes de finalizar o prazo para a toma de posesión se obtivera outro destino mediante convocatoria pública.

#### **DÉCIMA TERCEIRA. Toma de posesión.**

1. O concursante a quen lle sexa adxudicado o posto incorporarase ao mesmo no prazo de 3 días hábiles a contar desde o seguinte ao de cese que deberá efectuarse, a súa vez, dentro dos 3 días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no Boletín Oficial da Provincia.

2. O cómputo dos prazos de toma de posesión iníciarase cando finalicen os permisos ou licenzas que haxan sido concedidos aos interesados, salvo que por causas xustificadas o órgano convocante acorde suspender o desfrute dos mesmos.

#### **DÉCIMO CUARTA. Remoción do posto de traballo.**

O funcionario que acceda o posto de traballo poderá ser removido do mesmo por causas sobrevenidas derivadas da alteración do contido do posto realizadas a través da RPT cando modifiquen os supostos que serviron de base á convocatoria, ou por falta de capacidade para o seu desempeño manifestada por un rendemento insuficiente que non comporte inhihición e impida realizar con eficacia as funcións atribuídas o mesmo.

#### **DÉCIMO QUINTA. Recursos.**

O acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación das presentes Bases que pon fin á vía administrativ, cabe interpor recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados de Vigo no prazo de dous meses sen prexuízo da interposición de recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

### **ANEXO I**

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO ESPECÍFICO DE MÉRITOS CONVOCADO POLO CONCELLO DE VIGO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE XEFE/A DE DISCIPLINA URBANÍSTICA NA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA, TÉCNICO SUPERIOR.



## Concello de Vigo

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_ e domicilio en, \_\_\_\_\_, rúa  
\_\_\_\_\_, C.P. \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_ e correo electróni-  
co \_\_\_\_\_

### EXPOÑO

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na Base Sexta das Bases Reguladoras do concurso de méritos específico para a provisión por funcionario/a de carreira do posto de traballo XEFE/A DE DISCIPLINA URBANÍSTICA encadrado na Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica de conformidade coa Relación de Postos de Traballo e segundo convocatoria inserta no Boletín Of. Prov. núm. \_\_\_\_\_, de data \_\_\_\_\_

Que acepto na súa totalidade e me someto as Bases Reguladoras do concurso específico de méritos.

Que adxunto a documentación sinalada na Base Sexta, (i) Fotocopia simple do Título de Licenciado en \_\_\_\_\_; (ii) Fotocopia simple dos documentos que serven como proba para a acreditación e xustificación dos méritos que se alegan para a súa valoración e, (iii) Memoria sobre o Posto de Traballo de Xefe/a de Disciplina Urbanística.

### SOLICITO

Ser admitido no procedemento convocado para a provisión, por funcionario de carreira, mediante o sistema de Concurso Específico de Méritos para o posto de traballo de Xefe/a de Disciplina Urbanística encadrado na Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica.

Data e sinatura

Sr. Alcalde do Concello de Vigo

## ANEXO II

INFORME DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS DO CONCELLO DE VIGO OU DO SERVIZO DE ASUNTOS XERAIS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO.

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ no desempeño de  
mi posto de \_\_\_\_\_

**INFORMO.** Que no Expediente existente nesta dependencia o funcionario/a de carreira D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_ pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, ten acreditado nesta Administración os seguintes extremos:

Antigüidade no Grupo de Titulación A1: \_\_\_\_ anos e \_\_\_\_ meses

Antigüidade en Grupos de Titulación inferior A1: \_\_\_\_ anos e \_\_\_\_ meses

Grado Persoal consolidado: Nivel \_\_\_\_

Postos traballo desempeñados Nivel Duración Definitivo/non definitivo

1.

2.

3.

4.

5.

E para que xurda efectos no procedemento convocado para a provisión por funcionario de carreira mediante o sistema de Concurso Específico de Méritos do posto de traballo de XEFE/A DE DISCIPLINA URBANÍSTICA encadrado na Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica expido o presente INFORME a petición do interesado.

Data e sinatura

**25(754).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA PARA A EXECUCIÓN DA SENDA FLUVIAL NO RÍO LAGARES, TRAMO RÚA MANUEL ALVAREZ - AVENIDA DE MADRID. EXPTE. 259/413 (RELAC. 315/403).**

Dáse conta do informe-proposta do 10/09/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión e polo xefe de Urbanización e Infraestruturas, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES E FEITOS**

I.- Con data do 14.02.2019 a Xunta de goberno local do Concello de Vigo, acordou, entre outros pronunciamentos, e no que aquí nos interesa, prestar aprobación, con carácter inicial ao presente proxecto expropiatorio, do que se extracta a continuación o seu contido íntegro, en tanto sexan coincidentes os Antecedentes e a fundamentación xurídica do informe proposta suscrito con data do 04.02.2019 pola Técnica de Admon xeral adscrita ao servizo de planeamento e xestión conxuntamente co enxeñeiro xefe da oficina de urbanización e infraestruturas, co conforme do xerente de urbanismo, e que serviron de base ao referido acordo, para unha maior comprensión do sentido do acordo adoptado.:

**“(…) ANTECEDENTES E FEITOS**

*I.- Compre traer a colación como antecedente do presente procedemento o expediente tramitado nesta administración baixo o número 315/403 no que, a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo*





## Concello de Vigo

na sesión ordinaria que tivo lugar con data do 04.10.2018 acordou, entre outros pronunciamentos "Prestar aprobación ao proxecto de obra ordinaria promovido por iniciativa pública nomeado "Proxecto da senda fluvial no río Lagares, tramo rúa Manuel Álvarez- Avenida de Madrid",- adxudicado a través dun contrato menor mediante Resolución ditada polo Xerente de urbanismo con data do 13.02.2017 á entidade "INGEBAIRES, Ingeniería civil, SL" no expediente tramitado baixo o núm. 9580/407, - e redactado con data xullo de 2017"; no mesmo acordo facíase constar expresamente que, "(..)A presente autorización refírese unicamente as obras reflectidas no proxecto técnico ao que neste intre se presta aprobación, para cuxa realización será necesario a obtención dunha serie de parcelas, polo que a tales efectos, se xunta ao presente proxecto un Anexo, nomeado "Anexo VI- Parcelario dos bens afectados" da mesma autoría- isto é INGEBAIRES, SL, Ingeniería Civil, onde se describen polo miúdo as parcelas afectadas, divididas en sete tramos, e que deu obxecto a incoación dun expediente para a súa obtención derivado do anterior, tramitado nesta administración baixo o núm. 259/413; Poren e en cumprimento da normativa de pertinente aplicación deberá procederse no seu "iter procesual" á información pública da relación de bens e dereitos afectados, por un prazo de quince (15) días mediante anuncios no Boletín oficial da provincia, nun dos xornais de maior difusión, na sede web municipal e no taboleiro de edictos, con notificación individual a todos os titulares de dereitos afectados.

Extractamos a continuación na súa literalidade os antecedentes do citado acordo, co fin de evitar reiteracións,

I.- Compre traer a colación como antecedente do presente procedemento, o expediente tramitado nesta administración baixo o número 9580/407, no que, o Xerente desta Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu con data do 13.02.2017 autorizar o contrato menor de servizos relativo á redacción do proxecto de mellora ambiental do Río Lagares (tramo rúa Manuel Álvarez- Avenida de Madrid) dispoño no mesmo acto autorizar o gasto de acordo co disposto no artigo 185 do RDL 2/2004 por un importe máximo de 17.484,50 euros, a favor de INGEBAIRES SL, pola redacción dun proxecto de mellora ambiental do ría Lagares, no tramo que vai da rúa Manuel Álvarez a Avenida de Madrid; Da antedita resolución tomou coñecemento o Consello da XMU na sesión ordinaria do día 16.02.2017.

II.- Con datas do 21.08.2017 e 22.08.2017 don Sergio Saborido Cid e/r da entidade "Ingebaires, SL" presentaba no rexistro xeral desta XMU baixo os docs. núm.170115352 e 170115802, dous exemplares – en formato papel e dixital- do proxecto nomeado "Proxecto de paseo fluvial no río Lagares"- tramo rúa Manuel Álvarez- Avenida de Madrid", de data xullo de 2017.

Visto o seu contido, con data do 25.08.2017 o Enxeñeiro técnico de obras Públicas Xefe do servizo de urbanización e infraestruturas da XMU, emite informe, a cuxo íntegro contido nos remitimos, no que conclúe que, "(...) revisada la documentación, y con el objeto de obtener la preceptiva autorización a la que se refiere el artículo 78 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico, y el artículo 15.3 de la Ley 9/2010 de Aguas de Galicia, procede remitir la misma (copia en soporte digital y en formato papel) a la delegación territorial de Aguas de Galicia Zona Hidrográfica Galicia Sur".

III.- Mediante oficio do Xerente de urbanismo de 25.08.2017, déuselle traslado dunha copia do proxecto que nos ocupa á oficina de medio ambiente do Concello de Vigo; Pola súa banda e mediante oficio suscrito pola Vicepresidenta da XMU o 28.08.2017 remitíase ao Organismo Augas de Galicia o informe técnico amentado no parágrafo anterior, así como copias en formato papel e en soporte dixital do referido proxecto.

Posteriormente, con data do 14.09.2017 e mediante oficio da Vicepresidenta da XMU (núm. de saída 20618-2017), remitíase unha copia do dito proxecto á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural aos efectos de recadar a autorización correspondente no ámbito das súas competencias, de conformidade co pautado no artigo 67 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, en relación cos artigos 45 e 47 do mesmo corpo legal; Remisión que consta debidamente notificada no expediente con data do 17.09.2017.

IV.- Con data do 12.09.2017 recibíase no rexistro de entrada desta XMU (doc. núm. 170125009) un oficio asinado con data 08.09.2017 polo Xefe Territorial do organismo Augas de Galicia, no que entre outras consideracións, e logo de examinar a solicitude de autorización instada, solicita a achega dunha serie de documentación complementaria; Neste senso, dábaselle cumprimento ao requirido mediante oficio da Vicepresidenta da XMU do 14.09.2017.

V.- Consta incorporada ao expediente o anuncio de publicación efectuado por Augas de Galicia no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, núm. 187 do 28.09.2017, da solicitude do Concello de Vigo para autorización da obra, Paseo Fluvial no Río Lagares, dando cumprimento a información pública por un prazo de vinte (20) días que prescribe o artigo 52 do Regulamento do dominio público hidráulico, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado.

VI.- Neste estado da tramitación, con data do 14.03.2018 tiña entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. núm.180038648) a Resolución ditada pola Dirección de Augas de Galicia con data do 09.03.2018 pola que de conformidade co artigo 15.3 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, se resolver outorgar **autorización ao Concello de Vigo para a execución das obras de paseo fluvial no lugar da rúa Manuel Álvarez e Avda. Madrid no Concello de Vigo**, establecéndose unha serie de condicionantes xerais e particulares, resolución que se incorpora ao presente expediente, e a cuxo íntegro contido nos remitimos.

VII.- Mediante oficio do Xerente de urbanismo do 03.08.2018 remitíbaselle un exemplar do dito proxecto ao servizo de Patrimonio do Concello de Vigo para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Asemade, e dado o tempo transcorrido (11 meses), mediante oficio da Vicepresidenta da XMU do 07.08.2018 (núm. de saída 14084-2018) **reiterábaselle á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a continuación da tramitación procedimental correspondente aos efectos da obtención, no seu caso, da autorización no ámbito das súas competencias, de conformidade co pautado no artigo 67 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, en relación cos artigos 45 e 47 do mesmo texto legal; Sen que conste na data actual a achega de dita autorización.**

VIII.- Con data do 04.09.2018 o Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Xefe do servizo de urbanización e Infraestruturas da XMU, emite informe ao presente expediente, co seguinte teor literal:

#### **“ANTECEDENTES.-**

Por resolución de la Vicepresidenta de la Gerencia Municipal de Urbanismo de Febrero de 2017, se incoa expediente para la redacción del Proyecto de Paseo Fluvial del río Lagares ( tramo r/ Manuel Alvarez . Avenida de Madrid ).

Resuelta la contratación a favor de la sociedad INGEBAIRES S.L., la misma presentó dicho proyecto el 22/08/2017. A continuación se remitió el mismo para alcanzar las correspondientes autorizaciones, a Aguas de Galicia y a la Dirección General de Patrimonio Cultural de la Xunta de Galicia.

El Consejo de la Gerencia Municipal de Urbanismo tomó conocimiento de la solicitud a Aguas de Galicia en sesión del 07/09/2017.

Asi mismo se remitió copia para informe al departamento municipal de Medio Ambiente.

Con fecha 12/03/2018 se notificó al Concello de Vigo la autorización del ente autonómico Aguas de Galicia.

Hasta la fecha el resto de informes solicitados no han recibido respuesta.

Llegados a este punto, y por resolución de la Vicepresidenta de la Gerencia Municipal de Urbanismo de fecha 23/03/2018, se encarga la redacción por los Servicios Técnicos de la Gerencia, del Proyecto



## Concello de Vigo

259/413 para la obtención de los terrenos afectados para la ejecución del Proyecto de Paseo Fluvial en el río Lagares ( tramo r/ Manuel Alvarez - Avenida de Madrid ).

### **OBJETO Y DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS.-**

Procurar la continuidad de las sendas que en la actualidad acompañan el curso del río Lagares, es el objetivo de este proyecto. En la actualidad en el curso alto del río, a partir de la rúa Manuel Alvarez, la Comunidad de Montes en Mano Común de la parroquia de Santa Marina de Cabral tiene en ejecución un paseo lineal que hasta la fecha ha sido construido hasta sobrepasar en unos 150 metros aguas arriba, el Mercado Municipal de Cabral.

En el resto del curso medio y bajo del río ya existen esas sendas, solo interrumpidas en el Polígono Industrial de Miraflores pero sobre el que también se trabaja en estos momentos para acordar con sus propietarios la materialización de un corredor por terrenos afectos al mismo, y que recientemente se han duplicado entre el estadio de Balaidos y la rúa Muiños como uno de los resultados de la obra de la Acometida Eléctrica a la nueva EDAR del Lagares.

Es por tanto de primera importancia completar estas vías peatonales con la ejecución de este proyecto que a continuación se describe.

A efectos prácticos el trazado se ha dividido en siete tramos, a saber:

#### 1.- Tramo rúa Manuel Alvarez – Rúa Coutada Nova.

Arranca en el puente que sobre la rúa Manuel Alvarez cruza el río, es por tanto continuidad del recientemente construido aguas arriba de dicho puente, y lo hace por la margen izquierda.

El tratamiento es a base de una senda en pavimento blando de 2,50m de ancho como mínimo.

Al terminar este tramo en el puente que cruza la rúa Coutada Nova, está previsto pasar bajo el mismo, cruzando a la margen derecha ( estructura nº 1 ), y utilizando una estructura de madera, cuestión que se revisará en el momento de su ejecución.

#### 2.- Tramo rúa Coutada Nova - Rúa Severino Cobas.

Este tramo es quizás el más comprometido habida cuenta la existencia de edificaciones en ambas márgenes, y la posición del colector de margen del río. Para materializar la senda, se recurre a una plataforma de madera pilotada ( estructura nº 1 ) en los casi 230 metros de longitud del tramo, salvo un pequeño tramo de 50 metros que discurre por la margen izquierda, entre dos cruces del cauce ( estructuras nº 1 y 2 ), y que permite la observación del rebose en lamina de agua del canal que abastece una pequeña central eléctrica cercana.

#### 3.- Tramo rúa Severino Cobas – Rúa Severino Cobas.

Con seguridad el inicio de este tramo reserva una de las singularidades mayores de todo el paseo fluvial, cual es la presencia de la Fervenza da Poza da Serpe. El trazado del paseo se hace especialmente sinuoso para poder ser lo más accesible posible habida cuenta el desnivel que hay que salvar, y su pavimento blando habrá de ser sustituido por otro menos flexible y evitar de esta manera los arrastres que su pendiente conllevaría.

El proyecto no lo define pero si apunta la conveniencia de instalar una plataforma – mirador que permita la observación del salto antes citado, cuestión que se incorporará como una mejora en las ofertas que se presenten para la ejecución de las obras.

Estos primeros metros del paseo han precisado de unas labores previas de limpieza y desbroce bastante contundentes, pues el estado de esta ladera no permitía comprobar la viabilidad del trazado previsto, tarea que ha asumido el Concello con la correspondiente autorización de Aguas de Galicia obtenida en fecha 09/07/2018.

*El paseo una vez superado este inicio escarpado por el margen izquierdo, cambia a la margen derecha mediante una estructura de madera ( estructura nº 3 ) ( como todas las que se emplean a lo largo de esta obra cuando se trata de puentes sobre el cuace o adosadas a las estructuras que emplean los diferentes caminos y/o ruas que cruzan el rio Lagares ). Termina en el otro puente que la rua Severino Cobas tiene sobre el rio.*

*Hay que señalar que este inicio junto al puente de la rua Severino Cobas podría ser planteado de otro manera, pero el estado que presenta el muro que sostiene la calle no lo hace aconsejable, y así se contempla en el proyecto, pero lo cual no quiere decir que por quien corresponda, deberían acometerse las correspondiente obras de consolidación del citado muro.*

#### *4.- Tramo Rúa Severino Cobas – Rúa Naia.*

*El paseo abandona el margen derecha del rio, cruza en superficie la rua Severino Cobas y comienza este tramo por el margen izquierdo con otra pasarela volada ( estructura nº 4 ) junto a una nave industrial existente, para a continuación volver al modelo de senda en pavimento blando.*

*Aproximadamente a mitad del tramo ( estructura nº 5 ), volvemos a cambiar de margen y se sigue empleando la misma tipología de paseo.*

#### *5.- Tramo Rúa Naia – Rúa Alcalde Lavadores.*

*Un tramo corto de unos 280,- metros de longitud, a mitad del cual ( estructura nº 6 ) se cambia de margen para terminar pasando adosado al puente que soporta la Avenida Alcalde Lavadores ( estructura nº 7 ). Es un tramo como el anterior de escasa pendiente longitudinal y con tipología idéntica.*

#### *6.- Tramo Rúa Alcalde Lavadores – Rúa Gandarón.*

*Penúltimo tramo del paseo fluvial en el que se concentra tres estructuras, la primera ( estructura nº 8 ) para un cruce de margen, y las otras dos ( estructuras nº 9 y 10 ) para salvar desniveles del terreno y la excesiva proximidad de una nave existente. Ambas cuestiones se valorarán convenientemente en la ejecución de las obras.*

#### *7.- Tramo Rúa Gandarón – Avenida de Madrid.*

*Este último tramo que comienza cruzando en superficie la rua Gandarón, termina el trazado del paseo fluvial que lo conecta con el ya existente una vez rebasada la Avenida de Madrid, para lo cual utilizamos el paso bajo la misma del rio ( estructura nº 11 ).*

*En total y como resumen numérico, el proyecto abarca una longitud de 3.261,- metros lineales lo que supone el 18,4% de los 17,7 Km del curso del rio Lagares. De estos 400,- metros lineales aproximadamente están constituidos por las 11 estructuras de madera citadas anteriormente.*

*Como complemento, pero no por ello menos importante ni mucho menos, este Proyecto de Paseo Fluvial en el rio Lagares incorpora un estudio exhaustivo medio ambiental de todo el trazado ( Anejos I “ Caracterización Ambiental”, IX “ Repercusiones ambientales y medidas correctoras”, y planos “6 Disposición de las tipologías de plantación “ ), basado en varios trabajos que le han precedido en el tiempo como son el “ Estudio de trazado del sendero en el rio Lagares desde la Avenida del Aeropuerto hasta el tramo existente” ( 2006 ) y el “Plan Especial de Regeneración del Corredor Natural del rio Lagares” ( 1997 ) del cual se deducen las operaciones de restauración ambientales que contiene.*

*Estas labores se dirigen por un lado a la plantación de 140 arboles de gran porte ( robles y fresnos ), y a la recuperación de la biodiversidad de márgenes y espacios fluviales con la plantación arbustos y pequeños arboles en número que alcanza los 640.*

*Sobre el Patrimonio Cultural ( Memoria apartado 2.2, Anexo I “Caracterización ambiental”, y Anexo VII “Mapas temáticos 2. Trazado y Patrimonio Cultural” ), queda perfectamente recogidos los elementos más reseñables y su estado actual, señalando la no afección a los mismos.*



## Concello de Vigo

*Cabe señalar en este apartado, que hasta la fecha y desde el 15/09/2017, no se ha recibido de la Dirección General de Patrimonio Cultural de la Xunta de Galicia contestación al escrito remitido.*

*El espacio total que se tratará, quedará fijado en el expediente de obtención de los terrenos citado en los antecedentes, por lo que el contenido del Anejo VI "Parcelario de Bienes Afectados" y los planos "4.Parcelario de los bienes afectados" lo son solo a efectos informativos y no vinculantes, pues será dentro del Expediente 259/413 "Obtención de los terrenos afectados para la ejecución del Proyecto de Paseo Fluvial en el río Lagares ( tramo r/ Manuel Alvarez - Avenida de Madrid )" en el que se sustanciará este cometido.*

*Desde el punto de vista del planeamiento urbanístico, este Proyecto de paseo Fluvial del río Lagares, se ajusta tanto a las determinaciones del PGOU '93 actualmente vigente, como al "Plan Especial de Regeneración del Corredor Natural del río Lagares" ( PERCNL ).*

*Este último documento está recogido íntegramente, e incluso de manera más ambiciosa desde el punto de vista ambiental, en los documentos que han iniciado la revisión del planeamiento general ( DIE y Borrador del Plan General ).*

*Por tanto el Proyecto que se informa, se ajusta a las determinaciones urbanísticas vigentes.*

### **ESTUDIO ECONOMICO.-**

*Aplicando los precios del Cuadro de Precios nº 1 a las mediciones, resulta un Presupuesto de Ejecución Material que asciende a la cantidad de QUINIENTOS CUARENTA Y CINCO MIL QUINIENTOS SETENTA Y TRES EUROS CON VEINTITRES CENTIMOS ( 545.573,23€ ).*

*Una vez incorporados los costes de Gastos Generales ( 13% ) y Beneficio Industrial ( 6% ), el Presupuesto de Ejecución por Contrata asciende a SEISCIENTOS CUARENTA Y NUEVE MIL DOSCIENTOS TREINTA Y DOS EUROS CON CATORCE CENTIMOS ( 649.232,14€ ).*

*El IVA ( 21% ) suponen CIENTO TREINTA Y SEIS MIL TRESCIENTOS TREINTA Y OCHO EUROS CON SETENTA Y CINCO CENTIMOS ( 136.338,75€ ).*

*Por lo tanto el Presupuesto Líquido es de SETECIENTOS OCHENTA Y CINCO MIL QUINIENTOS SETENTA EUROS CON OCHENTA Y NUEVE CENTIMOS ( 785.570,89€ ).*

### **CONCLUSIÓN.-**

*El Proyecto de Paseo Fluvial en el río Lagares ( tramo r/ Manuel Alvarez – Avenida de Madrid ), contiene todos los documentos que le son exigibles conforme a la legislación vigente, se ajusta al planeamiento municipal, dispone de la autorización del organismo autonómico Aguas de Galicia, por lo que se propone su aprobación.*

*Por último indicar que con fecha 07/08/2018 se ha reiterado a la Dirección General de Patrimonio Cultural de la Xunta de Galicia la solicitud de informe, notificando al departamento municipal de Patrimonio al mismo tiempo. (..)"*

*II.- En cumplimiento do antedito, con data do 23.03.2018 a Vicepresidenta da XMU ditou Resolución pola que se ordeaba incoar o expediente para a obtención dos terreos afectados para a execución do "Proxecto de paseo fluvial no río Lagares, Tramo Rúa Manuel Álvarez- Avenida de Madrid" nos seguintes termos:*

*(..) Primeiro.- Incoar o expediente para a obtención dos terreos afectados para a execución do "Proxecto de paseo fluvial no río Lagares, Tramo Rúa Manuel Álvarez- Avenida de Madrid", parcelas cuxa descrición se reflicten no apartado 11 da Memoria e no Anexo VI do presente proxecto, baixo o epígrafe "Parcelario dos bens afectados", onde se detalla polo miúdo a súa superficie e caracterización urbanística.*

*Segundo.- Encomendar ao Departamento de Urbanización e Infraestruturas conxuntamente coa Oficina de Planeamento e Xestión a tramitación do presente expediente.*

*Terceiro.- Notificar esta resolución ao departamento de Servizos Centrais desta XMU aos efectos oportunos.*

*Cuarto.- Someter a presente resolución a toma de coñecemento da XMU, aos efectos do exercicio das súas labores de control, consonte ao disposto no artigo 10.3 dos seus Estatutos.(...).*

*Da antedita Resolución tomou coñecemento o Consello da XMU na sesión ordinaria que tivo o 23.03.2018.*

*III.- Dita Resolución de incoación foi notificada ás persoas que figuran como titulares catastrais na documentación preparatoria do presente expediente, as que se lles solicitou a remisión dos correspondentes títulos de propiedade e cantos documentos acreditasen a existencia de toda clase de dereitos sobre as parcelas afectadas polo presente procedemento expropiatorio.*

*Asemade, durante a realización dos traballos preparatorios mediante oficio do Xerente de urbanismo do 01.10.2018 (núm. de saída 53106-2018) interesouse do rexistro da propiedade núm. 2 de Vigo a emisión das certificacións rexistras das parcelas que catastralmente figuran comprendidas dentro dos terreos a expropiar; documentación que foi posteriormente completada mediante os títulos de propiedade achegados polos particulares afectados no presente expediente, e que foi remitida ao rexistro da propiedade nº 2 de Vigo mediante oficio do xerente de urbanismo do 10.01.2019 (núm. de saída150-2019) reiterando a solicitude instada, sen que consten emitidas a data actual.*

*IV.- Consta incorporado ao presente expediente, a emisión do correspondente certificado de retención de crédito (RC) de data 15.10.2018 núm. de operación 201800002871, polo importe de 428.813,77 euros, cantidade estimada inicialmente como suficiente para facer fronte ao pagamento dos prezos xustos dos bens e dereitos afectados pola expropiación e que acredita a existencia do crédito adecuado e suficiente para acometer dito gasto, sen prexuízo das posibles variacións derivadas das alegacións que de ser o caso se presenten polos interesados durante a tramitación do presente procedemento.*

*V.- Finalmente e de conformidade co pautado no artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, mediante oficio da Vicepresidenta da XMU do 29.01.2019 (núm. de saída 958/2019) púxose en coñecemento do Ministerio fiscal que, con data do 23 de novembro de 2018 foron notificados tódolos propietarios afectados polo proxecto de expropiación, dándolle traslado dos predios afectados dos cales resultan descoñecidos os propietarios ou os seus enderezos, xuntándolle a mesma, a publicación efectuada no BOE de data 28.01.2019 do edicto por falta de notificación nas parcelas antes relacionadas, así como as fichas individualizadas das mesmas.*

## **II.- NORMATIVA EXAMINADA E DEREITO**

- *Plan Xeral de Ordenación urbana de Vigo de Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á Lei 11/1985 de adaptación do solo de Galicia, aprobado definitivamente pola COTOP o 29 de abril de 1993 DOG do 10.05.1993 e BOP núm. 133, do 14.07.1993,*
- *O Plan especial de rexeneración do corredor natural do río Lagares (PERCNL), aprobado definitivamente o 03 de xullo de 1997, BOP núm. 178 do 16.09.1997, corrección de erros publicada no DOG do 14 de outubro de 1997,*
- *O Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana ,*
- *A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e o seu Regulamento de desenvolvemento, Decreto 143/2016, do 22 de setembro,*
- *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público,*
- *A Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia,*
- *Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia,*



## Concello de Vigo

- O Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico,
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas,
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,
- Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

### **III.- FUNDAMENTOS DE DEREITO E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

#### **III.1.- O Procedemento de taxación conxunta. Declaración de utilidade pública e urxente ocupación**

O presente procedemento expropiatorio, tal e como se reflectiu no relato de feitos trae causa do expediente tramitado nesta administración baixo o número 315/403; De conformidade co PXOU vixente, aprobado definitivamente o 29.03.1993 (DOG 10.05.1993), os terreos nos que se implantará a senda peonil obxecto do presente expediente, discorre por solos con distintas clasificacións- solos urbanos, solos non urbanizables e solos urbanizables non programados, e dentro do ámbito do Plan especial de Rexeneración do corredor natural do río Lagares, aprobado definitivamente o 03.07.1997, recollido integramente no PXOU de 1993, que inclúe o ámbito de intervención deste proxecto dentro da denominada "Área de Protección" en concreto na zona de ribeiras e marxes na súa meirande parte, na zona de aptitude recreativa (ZAR), na zona de interese natural "Freixas", e na zona de ribeiras e marxes/Espazo industrial directo.

Pola súa banda, o propio Plan especial de Rexeneración do corredor natural do río Lagares, aprobado definitivamente o 03.07.1997 (en diante PERCNL), recollido integramente no PXOU de 1993, confire e leva aparellada a declaración de utilidade pública dos terreos que nos ocupan, ao incluír o ámbito de intervención deste proxecto dentro da nomeada "Área de Protección" en concreto na zona de ribeiras e marxes na súa meirande parte, na zona de aptitude recreativa (ZAR), na zona de interese natural "Freixas", e na zona de ribeiras e marxes/Espazo industrial directo;

Neste senso o apartado 13 do PERCNL refírese aos "Programas de actuación", e concretamente o subapartado 13.6 ao programa de adquisición de bens inventariables, a cuxo íntegro contido nos remitimos, contemplándose a adquisición de terreos para a rexeneración de ribeiras e marxes, aos efectos de dispor de espazos de titularidade pública nas ribeiras co obxecto de garantir o funcionamento do corredor natural nun espazo fluvial caracterizado pola súa degradación ambiental, recollendo que, as zonas de interese natural deben ser os obxectivos básicos a hora de adquirir terreos para garantir, no só a súa conservación, senón tamén levar a cabo a súa reformulación e manexo adecuado, delimitando dentro das ZIN unha serie de enclaves nos que é urxente unha política de conservación, aconsellando a adquisición de terreos.

De conformidade co establecido no artigo 290.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (en diante RLSG) a administración expropiante poderá aplicar o procedemento de taxación conxunta ou seguir o procedemento de expropiación individual previsto na lexislación vixente en materia de expropiación forzosa; Sendo así unha elección do procedemento unha opción para a administración expropiante, estímase que o procedemento de taxación conxunta é o máis axeitado para a tramitación do presente expediente, permitindo a urxente ocupación duns terreos necesarios para acometer o amentado proxecto da senda fluvial no río Lagares, tramo rúa Manuel Álvarez- Avenida de Madrid, aprobado pola Xunta de goberno local na sesión ordinaria que tivo lugar en data 4 de outubro de 2018, para cuxa realización será necesario a obtención dunha serie de parcelas, que se refiren no "Anexo VI- Parcelario dos bens afectados" do antedito proxecto de obra, e que se describen polo miúdo no proxecto expropiatorio, ao que neste intre se presta aprobación inicial.

### *III.2.- Tramitación do procedemento de taxación conxunta*

*Tal e como se reflicte no proxecto expropiatorio elaborado conxuntamente polo servizo de urbanización e infraestruturas e o servizo de cartografía da XMU de data agosto de 2018 e asinado dixitalmente con data do 05.09.2018, o documento ten o contido mínimo material dos proxectos expropiatorios por taxación conxunta, dando cumprimento ao previsto no artigo 118 da LSG: obxecto e antecedentes, situación actual da zona, condicións de planeamento, criterios e métodos de valoración, fichas individualizadas por parcelas, planos, resume de valoración e anexos.*

*No que atinxe ao procedemento para a aprobación do proxecto expropiatorio por taxación conxunta, a Lei do solo de Galicia nos artigos 118 e seguintes, e en similares termos os artigos 293 e seguintes do seu Regulamento de desenvolvemento, prevén que o proxecto de expropiación, cos documentos indicados no parágrafo anterior, será aprobado inicialmente polo órgano competente e exposto ao público polo prazo dun mes, a fin de que as persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, en particular no tocante á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.*

*A información pública, realizarase por medio da inserción de anuncios no Diario oficial de Galicia e nun dos diarios de maior circulación da provincia; así mesmo, as follas de aprecio e a proposta de fixación dos criterios de valoración notificaranse individualmente ás persoas que aparezan como titulares de bens ou dereitos no expediente, a fin de que formulen as alegacións que estimen oportunas no prazo dun mes, a contar a partir da data de notificación.*

*Informadas as alegacións recibidas, o expediente expropiatorio elevarase ao órgano competente para a súa aprobación definitiva, e a resolución aprobatoria notificarase ás persoas interesadas, conferíndolles un prazo de 20 días a fin de que manifesten a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado, dando traslado do expediente e da folla de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia para a fixación definitiva do prezo xusto en vía administrativa; no caso de que non formulen oposición á valoración no prazo indicado, o prezo xusto quedará fixado definitivamente en vía administrativa, entendéndose que de conformidade.*

*Os erros non denunciados e xustificados durante o período de exposición pública non darán lugar á nulidade ou reposición de actuacións, sen prexuízo de que as persoas interesadas conserven o seu dereito a ser indemnizadas na forma que corresponda.*

*O acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta, implica de conformidade co disposto no artigo 118 apartado 10 da LSG e no artigo 293 apartado 10 do RLSG, a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados. O pagamento ou depósito do importe da valoración terá os efectos previstos nos números 6, 7, e 8 do art. 52 da LEF, sen prexuízo da continuación do procedemento para definitiva fixación do prezo xusto.*

*O pagamento do prezo xusto só se fará efectivo na forma determinada pola lexislación básica do estado ( LEF e RLEF), consignándose como depósito legal sen xuros en caso contrario na Caixa xeral de depósitos a disposición dos seus titulares, que deberán instar o seu rescate desta administración acreditando o seu dereito.*

*No caso de que por acto administrativo ou resolución xudicial houberen de ser incluídos bens ou dereitos que non fosen tidos en conta na aprobación do expediente, retrotraeranse as actuacións até o momento de elaborarse a relación de bens e dereitos afectados, aos únicos efectos de engadir nesta os novos bens e dereitos, conservándose o resto de trámites e manténdose, en todo caso, os efectos da aprobación do expediente sinalados no art. 118 da LSG.*

### *III.3.- Competencia*

*Resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta de goberno local (artigo 127.1.d) da LBRL), a proposta do Consello da XMU (arts. 10.1 d, 10.1.j) e 2.4.A.12 dos Estatutos da XMU)*

*En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo ditame do Consello da XMU a adopción do seguinte,*





## Concello de Vigo

### **Acordo**

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o Proxecto expropiatorio por taxación conxunta para a obtención dos terreos afectados para a execución do proxecto do paseo fluvial no río Lagares, treito rúa Manuel Álvarez- Avda de Madrid, segundo o documento de data agosto de 2018, elaborado conxuntamente polo servizo de urbanización e infraestruturas e o servizo de cartografía da XMU, e asinado dixitalmente con data do 05.09.2018.

**Segundo.-** Ordenar a apertura do trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante a inserción de anuncios no Diario oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación da provincia, para que aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, en particular no relativo á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

**Terceiro.-** Notificar as taxacións de forma individual a aquelas persoas que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, mediante traslado literal das correspondentes follas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que formulen as alegacións que teñan por conveniente no prazo dun mes a partir da data da notificación.

**Cuarto.-** Solicitar do Rexistro da propiedade núm. 2 de Vigo a práctica da nota marxinal de incoación do procedemento expropiatorio por taxación conxunta naqueles predios afectados polo mesmo que figuren inscritos, consonte o disposto no art. 22 do Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo.

**II.-** En cumprimento do nel disposto, someteuse o expediente de razón, con toda a documentación que o integra, ao preceptivo trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes, mediante a inserción dos cadanseus correspondentes anuncios, no DOG núm. 66 do 4 de abril de 2019, e no Faro de Vigo do 08.03.2019, así como no Taboleiro de anuncios da XMU e na sede electrónica do Concello de Vigo ; sendo habilitado a tales efectos un enlace web para a consulta do dito expediente.

Pola súa banda, procedeuse debidamente a notificación individualizada a todos os titulares do bens e dereitos afectados no expediente, mediante traslado literal das cadansúas correspondentes follas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, conferíndolles a tales efectos o correspondente trámite polo prazo dun (1) mes, para que formulen as alegacións ou exposicións que estimen procedentes en defensa dos seus dereitos e intereses, do xeito e co resultado que resulta acreditado no expediente, e que de seguida se exporá, dun xeito pormenorizado.

Asemade, procedeuse a solicitar ao Rexistro da propiedade núm. 2 de Vigo (Not. núm 53106/2018) a emisión das correspondentes certificacións de dominio e cargas das parcelas afectas polo presente procedemento expropiatorio, coa correspondente práctica de anotación marxinal de inicio da tramitación do presente expediente expropiatorio.

**III.-** Neste estado da tramitación, e dentro dos referidos prazos de información pública e de audiencia conferido aos que figuran como titulares dos predios afectados, e tal e como se reflicte na certificación expedida polo secretario desta XMU co visto e prace da Concelleira delegada desta área de urbanismo con data do 05.09.2019, cuxo teor literal se reproduce a continuación, constan presentadas as seguintes alegación,

"(...) D. JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO

**CERTIFICO:**

Que o expediente tramitado nesta Xerencia municipal de urbanismo baixo o núm. 259/413 relativo ao "Proxecto de expropiación para a execución da senda fluvial do río Lagares" foi sometido de conformidade coa normativa de aplicación, ao trámite de información pública legalmente establecido, durante un prazo dun (1) mes, mediante a publicación de senllos anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo do 08.03.2019), no Diario Oficial de Galicia núm. 66 do 04.04.2019, así como no Taboleiro de anuncios da XMU e na sede electrónica do Concello de Vigo. Así mesmo, foron practicadas as notificacións individualizadas en cumprimento do disposto no acordo da Xunta de Goberno Local do día 14 de febreiro de 2019 e publicado edicto no BOE núm. 103 do 30.04.2019.

Durante o referido prazo de información pública dun (1) mes así como durante o prazo conferido nas notificacións individualizadas practicadas, presentáronse os escritos de alegacións que se sinalan a continuación cos núm. 1 a 23 (inclusive), e fóra do prazo conferido a ditos efectos presentáronse os escritos de alegacións identificados co número 24:

Nº	Nº documento de entrada	Alegante	Data rexistro de entrada
1	Cod sol. W329391-5904 Doc. 190032906	M. <sup>a</sup> del Mar Nieto Molares	05/03/2019
2	Doc. 190033191	Valentín Molares Lago	06/03/2019
3	Doc. 190038958	Dolores Santos Caride	15/03/2019
4	Doc. 190040828	Carlos Edelmiro Trillo Viéitez	20/03/2019
5	Doc. 190043300	Manuel Simón Balado	25/03/2019
6	Doc. 190043318	Marcos Antonio Santos Pérez	25/03/2019
7	Doc. 190045510	Alfonso Rodríguez Adrio	29/03/2019
8	Doc. 190045508	María Luisa Román Caride	29/03/2019
9	Doc. 190046318	Jose Ramón Lago Martínez	01/04/2019
10	Doc. 190047465	Dolores Lago Caride	02/04/2019
11	Doc. 190047491	M. <sup>a</sup> Visitación Moa Cerdeira	02/04/2019
12	Doc. 190047494	María Cerdeira Viéitez	02/04/2019
13	Doc. 190047488	M. <sup>a</sup> Visitación Moa Cerdeira	02/04/2019
14	Doc. 190047131	M. <sup>a</sup> Nieves Bastos Boubeta	02/04/2019
15	Doc. 190047127	Miguel Anxo Bastos Boubeta	02/04/2019
16	Doc. 190047117	M. <sup>a</sup> Nieves Boubeta Rodríguez	02/04/2019
17	Doc. 190048870	M. <sup>a</sup> Carmen Cameselle Costas	04/04/2019
18	Doc. 190049636	Carmen Carleus Romero	05/04/2019
19	Doc. 190049821	Elena Molares Lago	05/04/2019
20	Doc. 190051220	Pilar Angeles Dominguez Valderrama	09/04/2019
21	Doc. 190052905	Pilar GonzálezCostas	10/04/2019
22	Doc. 190058444	Copelo Inversiones, SL	22/04/2019
23	Doc. 190065034	José Juan Lago Lamas	03/05/2019
24	Doc. 190068843	José Saa Giráldez	09/05/2019

IV.- A vista do contido das alegacións achegadas durante o devandito período de información pública,- dun carácter maioritariamente técnico-procedeuse a dar traslados das mesma, aos técnicos desta XMU adscritos a oficina de urbanización e infraestruturas e



## Concello de Vigo

topografía, cuxo estudo e conclusión, se incorpora e forma parte da presente proposta, en aras da debida acumulación de trámites nos expedientes administrativos, co contido que de seguido se exporá.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

#### I.- Normativa examinada

- Plan Xeral de Ordenación urbana de Vigo de Subsanción de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á Lei 11/1985 de adaptación do solo de Galicia, aprobado definitivamente pola COTOP o 29 de abril de 1993 DOG do 10.05.1993 e BOP núm. 133, do 14.07.1993;
- O Plan especial de rexeneración do corredor natural do río Lagares (PERCNL), aprobado definitivamente o 03 de xullo de 1997, BOP núm. 178 do 16.09.1997, corrección de erros publicada no DOG do 14 de outubro de 1997;
- O Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana ;
- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e o seu Regulamento de desenvolvemento, Decreto 143/2016, do 22 de setembro, e a súa modificación operada pola Decreto 92/2019, do 11 de xullo;
- A Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa; BOE n.º 351, de 17.12.1954 (LEF);
- Decreto de 26 de abril de 1957, polo que se aproba o regulamento da Lei de expropiación forzosa: BOE n.º 160, de 20.06.1957 (RLEF);
- Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE n.º 175, de 23.07.1997 (RLHU);
- A Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia;
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia;
- O Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico;
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas;
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local;
- Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; BOE n.º 96, de 22.04.1986 (TRRL);
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; BOE n.º 305, de 22.12.1986 (ROF) ;
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA);
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa; BOE n.º 167, de 14.07.1998 (LXCA);

- Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010);

- O resto de disposicións que poidan afectar;

II- O Procedemento de taxación conxunta. Declaración de utilidade pública e urxente ocupación

O presente procedemento expropiatorio, tal e como se ten indicado, trae causa do expediente tramitado nesta administración baixo o número 315/403; Deste xeito, e de conformidade co PXOU/93 vixente, aprobado definitivamente o 29.03.1993 (DOG 10.05.1993), os terreos nos que se implantará a senda peonil obxecto do presente expediente, discorre por solos con distintas clasificacións- solos urbanos, solos non urbanizables e solos urbanizables non programados, e dentro do ámbito do Plan especial de Rexeneración do corredor natural do río Lagares, aprobado definitivamente o 03.07.1997, recollido integramente no PXOU de 1993, que inclúe o ámbito de intervención deste proxecto dentro da denominada “Área de Protección” en concreto na zona de ribeiras e marxes na súa meirande parte, na zona de aptitude recreativa (ZAR), na zona de interese natural “Freixas”, e na zona de ribeiras e marxes/Espazo industrial directo.

O propio Plan especial de Rexeneración do corredor natural do río Lagares, aprobado definitivamente o 03.07.1997 (en diante PERCNL), recollido integramente no PXOU de 1993, confire e leva aparelada a declaración de utilidade pública dos terreos que nos ocupan, ao incluír o ámbito de intervención do presente proxecto dentro da nomeada “Área de Protección” en concreto na zona de ribeiras e marxes na súa meirande parte, na zona de aptitude recreativa (ZAR), na zona de interese natural “Freixas”, e na zona de ribeiras e marxes/Espazo industrial directo;

Neste senso, o apartado 13 do PERCNL refírese aos “Programas de actuación”, e concretamente o subapartado 13.6 ao *programa de adquisición de bens inventariables*, a cuxo íntegro contido nos remitimos, contemplándose a adquisición de terreos para a rexeneración de ribeiras e marxes, aos efectos de dispor de espazos de titularidade pública nas ribeiras co obxecto de garantir o funcionamento do corredor natural nun espazo fluvial caracterizado pola súa degradación ambiental, recollendo que, as zonas de interese natural deben ser os obxectivos básicos a hora de adquirir terreos para garantir, no só a súa conservación, senón tamén levar a cabo a súa reformulación e manexo adecuado, **delimitando dentro das ZIN unha serie de enclaves nos que é urxente unha política de conservación, aconsellando a adquisición de terreos.**

Deste xeito, e de conformidade co establecido no artigo 290.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (en diante RLSG) a administración expropiante poderá aplicar o procedemento de taxación conxunta ou seguir o procedemento de expropiación individual previsto na lexislación vixente en materia de expropiación forzosa; Sendo así unha elección do procedemento unha opción para a administración expropiante, estímase que o procedemento de taxación conxunta (tal e como xa se indicou no acordo de aprobación inicial) resulta o máis axeitado para a tramitación do presente expediente, permitindo a urxente ocupación duns terreos necesarios para acometer as obras reflectidas no nomeado proxecto da senda fluvial no río Lagares, tramo rúa Manuel Álvarez- Avenida de Madrid, aprobado pola Xunta de goberno local na sesión ordinaria que tivo lugar en data 4 de outubro de 2018, para cuxa realización será necesario a obtención dunha serie de parcelas, que se refiren no “Anexo VI- Parcelario dos bens



## Concello de Vigo

afectados” do antedito proxecto de obra, e que se describen polo miúdo no proxecto expropiatorio, ao que neste intre se presta aprobación definitiva.

### III.-Tramitación do procedemento de taxación conxunta

Tal e como se reflicte no proxecto expropiatorio elaborado conxuntamente polo servizo de urbanización e infraestruturas e o servizo de cartografía da XMU de data agosto de 2018 e asinado dixitalmente con data do 05.09.2018, o documento ten o contido mínimo material dos proxectos expropiatorios por taxación conxunta, dando cumprimento ao previsto no artigo 118 da LSG: Obxecto e antecedentes, situación actual da zona, condicións de planeamento, criterios e métodos de valoración, fichas individualizadas por parcelas , planos, resume de valoración e anexos.

No que atinxe ao procedemento para a aprobación do proxecto expropiatorio por taxación conxunta, a Lei do solo de Galicia 2/2016, do 10 de outubro, nos artigos 118 e seguintes, e en similares termos os artigos 293 e seguintes do seu vixente Regulamento de desenvolvemento, prevén que o proxecto de expropiación, cos documentos indicados no parágrafo anterior, será aprobado inicialmente polo órgano competente e exposto ao público polo prazo dun mes, a fin de que as persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, en particular no tocante á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos, do xeito e co resultado que se indicou nos antecedentes de feitos da presente.

Unha vez informadas as alegacións recibidas- tal e como de seguido se expoñerá, o expediente expropiatorio elevarase ao órgano competente para a súa aprobación definitiva, e a resolución aprobatoria notificarase ás persoas interesadas, conferíndolles un prazo de Vinte (20) días, co fin de que manifesten a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado, dando traslado do expediente e da folla de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia para a fixación definitiva do prezo xusto en vía administrativa; no caso de que non formulen oposición á valoración no prazo indicado, o prezo xusto quedará fixado definitivamente en vía administrativa, entendéndose que de conformidade.

Os erros non denunciados e xustificados durante o período de exposición pública non darán lugar á nulidade ou reposición de actuacións, sen prexuízo de que as persoas interesadas conserven o seu dereito a ser indemnizadas na forma que corresponda.

O presente acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta, implica de conformidade co disposto no artigo 118 apartado 10 da LSG e no artigo 293 apartado 10 do RLSG, a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados. O pagamento ou depósito do importe da valoración terá os efectos previstos nos números 6, 7, e 8 do art. 52 da LEF, sen prexuízo da continuación do procedemento para a definitiva fixación do prezo xusto.

O pagamento do prezo xusto só se fará efectivo na forma determinada pola lexislación básica do estado ( LEF e RLEF), consignándose como depósito legal sen xuros en caso contrario na Caixa xeral de depósitos a disposición dos seus titulares, que deberán instar o seu rescate desta administración acreditando o seu dereito.

No caso de que por acto administrativo ou resolución xudicial tivesen que ser incluídos bens ou dereitos que non fosen tidos en conta na aprobación do expediente, retrotraeranse as actuacións até o momento de elaborarse a relación de bens e dereitos afectados, aos únicos efectos de engadir nesta os novos bens e dereitos, conservándose o resto de trámites e manténdose, en todo caso, os efectos da aprobación do expediente sinalados no art. 118 da LSG.

IV.- Resultado da información pública: Axuizamento e estudo das Alegacións achegadas: Estimación, estimación parcial ou Desestimación.

No referido período de información pública, e tal e como así se indica no certificado suscrito polo secretario desta XMU con data do 05.09.2019, foron presentados 23 escritos alegacións, que se informan de seguido, formando parte da presente proposta, do xeito que se exporá a continuación; Non obstante faise constar que ata a data actual e fora do dito prazo de información pública, recibíronse nesta área outros once (11) escritos de alegacións/consideracións aos presente expediente, que se incorporan e forman parte do mesmo, e cuxo estudo e axuizamento se engade á presente, revestindo ao expediente da maior transparencia, e en aras da maior garantía dos dereitos da cidadanía, estudadas e resoltas polos técnicos que subscriben, do xeito que segue:

**ALEGACIÓN NÚM. 1 (DOC. 190032906); COD. SOL.: W329391-5904  
PARCELA NÚM. 41**

RESUMO : A titular que figura no expediente da parcela identificada co número 41 , presenta escrito de alegacións, na que amosa a súa desconformidade coa valoración/ prezo fixado de 4,21 €/m<sup>2</sup> para os predios coa dita cualificación urbanística a expropiar, a este respecto compre indicar que,

A parcela está clasificada no PXOU vixente do ano 1993 – SUNP – PAU CURROS 2B – ordenanzas 3.1.A. a, e incluída no PLAN ESPECIAL de rexeneración do corredor natural do río lagares- zona de interese natural.

O criterio e método de valoración do solo rústico establececese de conformidade coa Lei do solo de Galicia e en situación básica do Solo Rural de conformidade coa lexislación estatal (RDL 7/2015, do 30 de outubro), e de conformidade co informe de valoración que obra unido e forma parte do expediente de razón, suscrito polo enxeñeiro don Roberto Ocampo Cardalda (colexiado núm. 626 do colexio oficial de enxeñeiros técnicos e peritos agrícolas da Coruña), cuxo contido, método e conclusión da valoración, se reiteran.

Proposta: **Desestimar** a alegación presentada

**ALEGACIÓN NÚM. 2 (DOC. 190033191)  
PARCELA NÚM. 38**

RESUMO: O titular que figura no expediente da parcela identificada co núm. 38 do expediente expropiatorio alega a súa desconformidade co prezo fixado de 4,21 €/m<sup>2</sup> para os ditos predios, coa dita cualificación urbanística; asemade manifesta que se proceda a cualificar a parcela como labradío (de monte a labradio), a este respecto compre indicar que, A parcela está clasificada no PXOU vixente do ano 1993 – SUNP – PAU CURROS 2B – ordenanzas 3.1.A. , e incluída no PLAN ESPECIAL de rexeneración do corredor natural do río lagares- zona de interese natural.

O criterio e método de valoración do solo rústico establececese de conformidade coa Lei do solo de Galicia e en situación básica do Solo Rural de conformidade coa lexislación estatal (RDL 7/2015, do 30 de outubro), e de conformidade co informe de valoración que obra unido e forma parte do expediente de razón, suscrito polo enxeñeiro don Roberto Ocampo Cardalda (colexiado núm. 626 do colexio oficial de enxeñeiros técnicos e peritos agrícolas da Coruña), cuxo contido, método e conclusión da valoración, se reiteran.



## Concello de Vigo

Proposta: **Desestimar** a alegación presentada

### **ALEGACIÓN NÚM. 3 (DOC. 190038958)**

#### **PARCELA NÚM. 22**

##### RESUMO:

Os titulares que figuran no expediente da parcela identificada co número 22 no expediente expropiatorio, presentan escrito de alegacións no que manifestan que se valoren os voos existentes na zona expropiada.

Proposta: **Estimar** a alegación presentada, incluíndo na súa correspondente folla de prezo xusto, os elementos indicados na súa alegación e a correspondente valoración dos voos existentes e que non constaban na folla de prezo xusto.

### **ALEGACIÓN NÚM. 4 (DOC. 190024331 e 190040828)**

#### **PARCELAS NÚM. 51 e 53**

##### RESUMO:

Os titulares que figuran no expediente das parcelas identificadas cos números 51 e 53, alegan que se lle compute o camiño existente entre as fincas números 51 e 53; Asemade manifestan a súa desconformidade coa categorización de monte, e coa valoración anexada ao expediente, a este respecto compre indicar que,

Na superficie reflectida de 132 m<sup>2</sup> na folla de prezo xusto xa se atopa incluído o dito camiño existente e que divide ambas parcelas da súa propiedade, e se incorpora na folla de prezo xusto, a indemnización das árbores de ribeira existentes.

A parcela está clasificada no PXOU vixente do ano 1993 – SUNP – PAU CURROS 2B – ordenanzas 3.1.A.a e incluída no PLAN ESPECIAL de rexeneración do corredor natural do río lagares -zona de interese natural.

O criterio e método de valoración do solo rústico establececese de conformidade coa Lei do solo de Galicia e en situación básica do Solo Rural de conformidade coa lexislación estatal (RDL 7/2015, do 30 de outubro), e de conformidade co informe de valoración que obra unido e forma parte do expediente de razón, subscrito polo enxeñeiro don Roberto Ocampo Cardalda (colexiado núm. 626 do colexio oficial de enxeñeiros técnicos e peritos agrícolas da coruña), cuxo contido, método e conclusión da valoración, se reiteran.

Proposta: Proponse **estimar parcialmente** a alegación presentada.

### **ALEGACIÓN NÚM. 5 (DOC. 190043300)**

#### **PARCELA NÚM. 6**

RESUMO: O titular que figura no expediente expropiatorio da parcela identificada co número 6, achega diversa documentación aos efectos de acreditar a titularidade da mesma.

Proposta: Proponse **estimar** o referido escrito de alegación, segundo a documentación presentada neste intre do procedemento, sen prexuízo – e de ser o caso- de abordar e adiar o seu estudo, nunha fase posterior do expediente, no caso da aparición a posteriori -e con carácter previo a que se materialice o correspondente acto de pagamento, de documentación que desvirtúe o agora invocado, e con comunicación de conformidade coa lexislación de aplicación ao Ministerio fiscal, ou a declaración da súa litioxidade.

### **ALEGACIÓN NÚM. 6 (DOC. 190043318)**

#### **PARCELA NÚM. 21**

##### **RESUMO:**

O titular que figura no expediente expropiatorio da parcela identificada co número 21, presenta escrito de alegacións, no que manifesta que se valoren os voos existentes na zona expropiada, así como a porta de acceso ao río existente na actualidade.

Proposta: Proponse **estimar** a alegación presentada, incluíndo na súa correspondente folla de prezo xusto, os elementos indicados na súa alegación e a correspondente valoración dos voos existentes e que non constaban na folla de prezo xusto.

### **ALEGACIÓN NÚM. 7 E NÚM. 8 (DOC. 190045510 e 190045508)**

#### **PARCELA NÚM 13/14**

##### **RESUMO:**

Os titulares que figuran no expediente expropiatorio da parcela identificada co número 13/14, achegan 2 escritos de alegacións, nos que manifestan que coa indemnización que lle corresponde, se lle repoña o peche e o galiñeiro afectado pola expropiación.

Proposta: Proponse **estimar parcialmente** a alegación presentada no senso da reposición do peche de acordo co reflectido no proxecto.

### **ALEGACIÓN NÚM. 9 (DOC. 190000070 e 190046318 )**

#### **PARCELA NÚM. 73**

##### **RESUMO:**

O titular que figura no expediente expropiatorio da parcela identificada co número 73, achega senllos escritos de alegacións, no que manifesta que, se proceda a revisar a superficie a expropiar e a titularidade da mesma.

Proposta: **Estimar** a alegación presentada, logo de comprobar que a superficie a expropiar acada 108 m<sup>2</sup> e non os 222 m<sup>2</sup>; Pola súa banda, e no que atinxe a propiedade, e segundo os títulos controvertidos existentes no expediente, proponse estimar a alegación presentada neste intre do procedemento, sen prexuízo – e de ser o caso- de abordar e adiar o seu estudo, nunha fase posterior do expediente, no caso da aparición a posteriori -e con carácter previo a que se materialice o correspondente acto de pagamento, de documentación que desvirtúe o agora invocado, e con comunicación de conformidade coa lexislación de aplicación ao Ministerio fiscal, ou a declaración da súa litioxidade.

### **ALEGACIÓN NÚM. 10 ( DOC. 190047465)**

#### **PARCELA NÚM.23**

**RESUMO:** O escrito presentado invoca a titularidade e propiedade da parcela número 23 do expediente expropiatorio, achegando documentación que acredita a xuízo dos que subscriben o alegado.

Proposta: Proponse **estimar** a alegación presentada neste intre do procedemento, sen prexuízo – e de ser o caso- de abordar e adiar o seu estudo, nunha fase posterior do expediente, no caso da aparición a posteriori -e con carácter previo a que se materialice o correspondente acto de pagamento, de documentación que desvirtúe o agora invocado, e





## Concello de Vigo

con comunicación de conformidade coa lexislación de aplicación ao Ministerio fiscal, ou a declaración da súa litioxidade.

### **ALEGACIÓN NÚM. 11 (DOC. 190047491)**

#### **PARCELA 61**

RESUMO: A alegante manifesta no seu escrito, que a parcela identificada co número 61 no expediente expropiatorio non é da súa titularidade, expresando que os titulares son os seus irmáns, xuntando documentación aos efectos de acreditar o invocado.

Proposta: Segundo a documentación achegada **proponse estimar** a alegación presentada neste intre do procedemento, sen prexuízo – e de ser o caso- de abordar e adiar o seu estudo, nunha fase posterior do expediente, no caso da aparición a posteriori -e con carácter previo a que se materialice o correspondente acto de pagamento, de documentación que desvirtúe o agora invocado, e con comunicación de conformidade coa lexislación que resulta de aplicación ao Ministerio fiscal, ou a declaración da súa litioxidade.

### **ALEGACIÓN NÚM. 12 ( DOC. 190047494)**

#### **PARCELA 62**

RESUMO: A titular que figura no expediente da parcela identificada co número 62, manifesta a súa desconformidade coa valoración conferida no expediente a súa parcela de 37,91 €/m<sup>2</sup>.

Proposta:

A parcela está clasificada no PXOU vixente do ano 1993 – SU – PERI 2 CURROS – ordenanza 3.1.A. a, e incluída no PLAN ESPECIAL de rexeneración do corredor natural do río lagares -zona de Ribeiras e Marxes,e valorado en 37,91 €/m<sup>2</sup> de conformidade co informe de valoración que obra no expediente de razón.

O criterio e método de valoración do solo rústico estableceuse de conformidade coa Lei do solo de Galicia e en situación básica do Solo Rural de conformidade coa lexislación estatal (RDL 7/2015, do 30 de outubro), e de conformidade co informe de valoración que obra unido e forma parte do expediente de razón, suscrito polo enxeñeiro don Roberto Ocampo Cardalda (colexiado núm. 626 do colexio oficial de enxeñeiros técnicos e peritos agrícolas da coruña), cuxo contido, método e conclusión da valoración, se reiteran.

Deste xeito, proponse **desestimar** a alegación presentada.

### **ALEGACIÓN NÚM. 13 ( DOC. 190047488)**

#### **PARCELA 62-A**

RESUMO: A titular que figura no expediente expropiatorio da parcela identificada co número 62-A, presenta escrito de alegacións, no que solicita unha aclaración pormenorizada do expediente expropiatorio, manifestando que a valoración recibida afecta a totalidade da parcela, incluíndo a edificación, entendendo que do mesmo xeito a mesma se atopa afectada.

Proposta:

Deste xeito, e consultado a documentación obrante no expediente, concretamente a documentación gráfica, compróbase que non se inclúe a totalidade das parcelas nin a vivenda. A expropiación queda afectada por un ancho de 5 mts lindando co río Lagares, polo que e deste xeito, se procede a corrixir a folia de prezo xusto.

Proponse **estimar** a alegación presentada.

#### **ALEGACIÓN NÚM. 14 (DOC. 190047127)**

##### **PARCELA NÚM. 31**

RESUMO: O alegante manifesta no seu escrito de alegación, ser o titular da parcela número 31 do expediente expropiatorio- xuntando documentación a dito respecto; manifesta asemade, a súa desconformidade co prezo fixado para a expropiación. Pola súa banda, solicita a expropiación total da parcela de referencia.

Proposta: Proponse **estimar parcialmente** a alegación presentada no senso que se indica a continuación.

No que atinxe a propiedade e cambio na titularidade da parcela de referencia, e segundo a documentación achegada proponse estimar a alegación presentada neste intre do procedemento, –sen prexuízo – e de ser o caso- de abordar e adiar o seu estudo, nunha fase posterior do expediente, no caso da aparición a posteriori -e con carácter previo a que se materialice o correspondente acto de pagamento, de documentación que desvirtúe o agora invocado, e con comunicación de conformidade coa lexislación que resulta de aplicación ao Ministerio fiscal, ou a declaración da súa litioxidade.

Pola súa banda, proponse **desestimar**, tanto a solicitude de expropiación total, así como a valoración atribuída, no senso de que, a valoración efectúase consonte ao informe de valoración que obra no expediente de razón e cuxos argumentos se fan propios,subscrito polo enxeñeiro don Roberto Ocampo Cardalda (colexiado núm. 626 do colexio oficial de enxeñeiros técnicos e peritos agrícolas da coruña), cuxo contido, método e conclusión da valoración, se reiteran; desestimándose pola súa banda a expropiación total, por non afectar a expropiación a máis do 50% da súa propiedade.

#### **ALEGACIÓN NÚM. 15 (DOC. 190047127)**

##### **PARCELA NÚM. 34**

RESUMO:

O alegante invoca no seu escrito a titularidade da parcela número 34 do expediente expropiatorio e pola súa banda a súa desconformidade co prezo fixado para a expropiación. Asemade, solicita a expropiación total da parcela .

Proposta: Proponse **estimar parcialmente** a alegación presentada no que atinxe ao cambio na titularidade da parcela de referencia, e segundo a documentación presentada neste intre do procedemento, sen prexuízo – e de ser o caso- de abordar e adiar o seu estudo, nunha fase posterior do expediente, no caso da aparición a posteriori -e con carácter previo a que se materialice o correspondente acto de pagamento, de documentación que desvirtúe o agora invocado, e con comunicación de conformidade coa lexislación que resulta de aplicación ao Ministerio fiscal, ou a declaración da súa litioxidade.

Pola súa banda, proponse **desestimar**, tanto a solicitude de expropiación total, como o manifestado no que respecta ao método de valoración, xa que a mesma, se fundamenta, no informe que sobre a mesma se incorpora e obra no expediente de razón, subscrito polo enxeñeiro don Roberto Ocampo Cardalda (colexiado núm. 626 do colexio oficial de enxeñeiros técnicos e peritos agrícolas da coruña), cuxo contido, método e conclusión da



## Concello de Vigo

valoración, se reiteran. No que atinxe, a expropiación total **desestímase** por non afectar a expropiación a máis do 50% da súa propiedade.

### **ALEGACIÓN NÚM. 16 (DOC. 190047117)**

#### **PARCELA NÚM. 32**

RESUMO: A titular que figura no expediente da parcela identificada co número 32, manifesta a súa desconformidade co método de valoración empregado, e subsecuentemente co prezo fixado para a expropiación. Pola súa banda, solicita a expropiación total da parcela da súa titularidade.

Proposta: Proponse **desestimar** na súa integridade a alegación presentada; no senso de que, a valoración se efectúa consonte aos criterios de valoración e ao informe de valoración que obra no expediente de razón, subscrito polo enxeñeiro don Roberto Ocampo Cardalda (colexiado núm. 626 do colexio oficial de enxeñeiros técnicos e peritos agrícolas da Coruña), cuxo contido, método e conclusión da valoración, se reiteran; Pola súa banda e no que atinxe a expropiación total **desestímase** o invocado por non afectar a expropiación a máis do 50% da superficie da súa propiedade.

### **ALEGACIÓN NÚM. 17 (DOC. 190048870)**

#### **PARCELA NÚM. 95**

RESUMO: A titular que figura no expediente da parcela identificada co número 95 manifesta a súa desconformidade coa valoración efectuada a parcela da súa propiedade; Pola súa banda, solicita a construción dun muro que evite as inundacións que se producen cando existan enchentes, e que se manteña o acceso actual a parcela da súa propiedade.

Proposta: Proponse **desestimar** na súa totalidade a alegación presentada no senso de que, a valoración se efectúa consonte aos criterios de valoración e ao informe de valoración que obra no expediente de razón, subscrito polo enxeñeiro don Roberto Ocampo Cardalda (colexiado núm. 626 do colexio oficial de enxeñeiros técnicos e peritos agrícolas da Coruña), cuxo contido, método e conclusión da valoración, se reiteran.

### **ALEGACIÓN NÚM. 18 (DOC. 190049636)**

#### **PARCELA NÚM. 93**

RESUMO: O titular que figura no expediente da parcela identificada co número 93, manifesta a súa desconformidade coa valoración da parcela da súa propiedade; Pola súa banda, advirte da existencia dun contrato de alugamento para depósito dun taller de vehículos na nave colindante.

Proposta: Proponse **desestimar** a alegación presentada, dado que a valoración é conforme á incluída no informe de valoración que consta incorporado ao expediente de razón, subscrito polo enxeñeiro don Roberto Ocampo Cardalda (colexiado núm. 626 do colexio oficial de enxeñeiros técnicos e peritos agrícolas da Coruña), cuxo contido, método e conclusión da valoración, se reiteran; no que atinxe ao lucro cesante ao que se alude no escrito, sobre o terreo obxecto da presente expropiación, sito na zona de servidume do río, faise constar, aos efectos que correspondan, que se trataría dun uso prohibido de conformidade coa Lei do solo de Galicia, o que se fai constar.

**ALEGACIÓN NÚM. 19 (DOC. 190049821)**

**PARCELA NÚM. 38**

RESUMO: A alegante achega escrito no que invoca a titularidade da parcela número 38 do expediente expropiatorio e achega documentación aos efectos de acreditar tal extremo.

Proposta: Proponse **estimar** a alegación presentada no que atinxe ao cambio na titularidade da parcela de referencia, e segundo a documentación presentada neste intre do procedemento, sen prexuízo – e de ser o caso- de abordar e adiar o seu estudo, nunha fase posterior do expediente, no caso da aparición a posteriori -e con carácter previo a que se materialice o correspondente acto de pagamento, de documentación que desvirtúe o agora invocado, e con comunicación de conformidade coa lexislación que resulta de aplicación ao Ministerio fiscal, ou a declaración da súa litioxidade.

**ALEGACIÓN NÚM. 20 (DOC. 190051220)**

**PARCELA NÚM. 68**

RESUMO: A alegante achega escrito no que invoca a titularidade da parcela número 68 do expediente expropiatorio, xuntando documentación aos efectos de acreditar a titularidade da parcela expropiada; Pola súa banda, solicita a expropiación total da parcela de 828 m<sup>2</sup>.

Proposta: Proponse **estimar parcialmente** a alegación presentada no que atinxe ao cambio na titularidade da parcela de referencia, e segundo a documentación presentada neste intre do procedemento, sen prexuízo – e de ser o caso- de abordar e adiar o seu estudo, nunha fase posterior do expediente, no caso da aparición a posteriori -e con carácter previo a que se materialice o correspondente acto de pagamento, de documentación que desvirtúe o agora invocado, e con comunicación de conformidade coa lexislación que resulta de aplicación ao Ministerio fiscal, ou a declaración da súa litioxidade.

Pola súa banda, **desestimase** o pedimento da expropiación total, por non afectar a expropiación a máis do 50% da superficie da referida parcela.

**ALEGACIÓN NÚM. 21 ( DOC. 190052905)**

**PARCELA NÚM. 66**

RESUMO: A alegante achega escrito no que invoca a titularidade da parcela número 66 do expediente expropiatorio, xuntando documentación aos efectos de acreditar a titularidade da parcela expropiada.

PROPOSTA: Proponse **estimar** a alegación presentada no que atinxe ao cambio na titularidade da parcela de referencia, e segundo a documentación presentada neste intre do procedemento, sen prexuízo – e de ser o caso- de abordar e adiar o seu estudo, nunha fase posterior do expediente, no caso da aparición a posteriori -e con carácter previo a que se materialice o correspondente acto de pagamento, de documentación que desvirtúe o agora invocado, e con comunicación de conformidade coa lexislación que resulta de aplicación ao Ministerio fiscal, ou a declaración da súa litioxidade.

**ALEGACIÓN NÚM. 22 ( DOC. 190058444)**

**PARCELA NÚM. 26**

RESUMO: O alegante presenta escrito no que invoca un erro na titularidade da parcela número 26 do expediente expropiatorio, asemade manifesta no seu escrito a súa desconformidade co proxecto, así como co prezo fixado e a valoración que obra no expediente, e solicita unha revisión da clasificación da parcela e que se inclúan na súa valoración os muros existentes.



## Concello de Vigo

A parcela está clasificada no PXOU vixente do ano 1993 –SNU-2 e incluída no Plan Especial de rexeneración do corredor natural do río lagares-zona de interese natural, e actualmente destinada a monte (bosque de ribeira). O criterio e método de valoración do solo rústico é de conformidade coa Lei do solo de Galicia e en situación básica do Solo Rural de conformidade coa lexislación estatal (RDL 7/2015, do 30 de outubro). A valoración se efectúa consonte aos criterios de valoración e ao informe de valoración que obra no expediente de razón, subscrito polo enxeñeiro don Roberto Ocampo Cardalda (colexiado núm. 626 do colexio oficial de enxeñeiros técnicos e peritos agrícolas da Coruña), cuxo contido, método e conclusión da valoración, se reiteran.

Compre indicar que, o documento do título de propiedade aportado non se axusta á referencia catastral da parcela de referencia, ao tratarse de fincas sitas á outra marxe do río lagares, e con outras cualificacións urbanísticas.

Proposta: proponse **desestimar** a alegación presentada

### **ALEGACIÓN NÚM. 23 (DOC. 190065034)**

#### **PARCELA NÚM. 91**

##### **RESUMO:**

O titular que figura no expediente da parcela identificada co número 91 manifesta no seu escrito de alegacións, que se proceda a valorar os voos existentes na zona expropiada.

Proposta: Proponse **estimar** a alegación presentada, incluíndo a valoración dos voos existentes e que non constaban na folla de prezo xusto, e que se proceda a súa modificación no senso exposto.

### **ALEGACIÓN NÚM. 24 ( DOC. 190068843)**

#### **PARCELA NÚM. 10**

RESUMO: O titular que figura no expediente da parcela identificada co número 10, alega e solicita no seu escrito que se proceda ao peche da parcela e se lle dea un acceso ao río.

Indicar, en resposta do manifestado, que, no proxecto de construción do paseo fluvial contéplase un peche para separar a zona de paseo dos terreos da propiedade privada.

Proposta: Proponse **estimar** a alegación presentada.

### **ALEGACIÓN NÚM. 25 (DOC. 190100804)**

#### **PARCELA NÚM. 45**

RESUMO: Achegase escrito de alegación no que se invoca a titularidade da parcela identificada co número 45 no expediente expropiatorio, xuntando documentación aos efectos de acreditar a titularidade da parcela expropiada; Pola súa banda, solicítase o cambio do uso existente de horta e non de monte.

PROPOSTA: Proponse **estimar parcialmente** a alegación presentada no que atinxe ao cambio na titularidade da parcela de referencia, e segundo a documentación presentada neste intre do procedemento, sen prexuízo – e de ser o caso- de abordar e adiar o seu estudo, nunha fase posterior do expediente, no caso da aparición a posteriori -e con carácter previo a que se materialice o correspondente acto de pagamento, de documentación que desvirtúe o agora invocado, e con comunicación de conformidade coa lexislación que resulta de aplicación ao Ministerio fiscal, ou a declaración da súa litioxidade.

**ALEGACIÓN NÚM. 26 ( DOC. 190104436, 190104438, 190104439)**

**PARCELAS 86 E 87**

RESUMO: Achegase escrito de alegacións, no que se invoca a titularidade das parcelas identificadas cos números 86 e 87 no expediente expropiatorio, xuntando diversa documentación aos efectos de acreditar a titularidade da parcela expropiada; Pola súa banda, manifesta a súa desconformidade co prezo e a valoración establecida.

Proposta: Proponse **estimar parcialmente** a alegación presentada no que atinxe ao cambio na titularidade da parcela de referencia, e segundo a documentación presentada neste intre do procedemento, sen prexuízo – e de ser o caso- de abordar e adiar o seu estudo, nunha fase posterior do expediente, no caso da aparición a posteriori -e con carácter previo a que se materialice o correspondente acto de pagamento, de documentación que desvirtúe o agora invocado, e con comunicación de conformidade coa lexislación que resulta de aplicación ao Ministerio fiscal, ou a declaración da súa litioxidade.

**Desestimase** o alegado no que atinxe á valoración da súa parcela, dado que a valoración é conforme á incluída no informe de valoración que consta incorporado no expediente de razón, subscrito polo enxeñeiro don Roberto Ocampo Cardalda (colexiado núm. 626 do colexio oficial de enxeñeiros técnicos e peritos agrícolas da Coruña), cuxo contido, método e conclusión da valoración, se reiteran.

**ALEGACIÓN NÚM. 27 ( DOC. 190106533)**

**PARCELA 44**

RESUMO: A alegante invoca a titularidade da parcela identificada co número 44 no expediente expropiatorio , xuntando diversa documentación aos efectos de acreditar a titularidade da parcela expropiada

Proposta: Proponse **estimar parcialmente** a alegación presentada no que atinxe á titularidade da parcela de referencia, e segundo a documentación presentada neste intre do procedemento, sen prexuízo – e de ser o caso- de abordar e adiar o seu estudo, nunha fase posterior do expediente, no caso da aparición a posteriori -e con carácter previo a que se materialice o correspondente acto de pagamento, de documentación que desvirtúe o agora invocado, e con comunicación de conformidade coa lexislación que resulta de aplicación ao Ministerio fiscal, ou a declaración da súa litioxidade.

**ALEGACIÓN NÚM. 28 (SEN NUMERO)**

RESUMO: O titular que figura no expediente da parcela identificada co número 37, manifesta verbalmente, que a súa parcela contén un arborado e solicita a súa incorporación á ficha de prezo xusto.

Proposta: Proponse **estimar** a alegación presentada, logo da comprobación polos técnicos municipais de dito extremo.



## Concello de Vigo

### **ALEGACIÓN NÚM. 29 (DOC. 190129038)**

#### **Parcela 42**

RESUMO: As alegantes achegan documentación aos efectos de acreditar a titularidade da parcela expropiada, invocando a súa titularidade.

Proposta: Proponse **estimar** a alegación presentada no que atinxe á titularidade da parcela de referencia, e segundo a documentación presentada neste intre do procedemento, sen prexuízo – e de ser o caso- de abordar e adiar o seu estudo, nunha fase posterior do expediente, no caso da aparición a posteriori -e con carácter previo a que se materialice o correspondente acto de pagamento, de documentación que desvirtúe o agora invocado, e con comunicación de conformidade coa lexislación que resulta de aplicación ao Ministerio fiscal, ou a declaración da súa litioxidade.

### **ALEGACIÓN NÚM. 30 (DOC. 190131560)**

#### **Parcela 48**

RESUMO: A alegante achega documentación aos efectos de acreditar a titularidade da parcela expropiada, e invoca a súa titularidade.

Proposta: Proponse **estimar** a alegación presentada no que atinxe ao cambio na titularidade da parcela de referencia, e segundo a documentación presentada neste intre do procedemento, sen prexuízo – e de ser o caso- de abordar e adiar o seu estudo, nunha fase posterior do expediente, no caso da aparición a posteriori -e con carácter previo a que se materialice o correspondente acto de pagamento, de documentación que desvirtúe o agora invocado, e con comunicación de conformidade coa lexislación que resulta de aplicación ao Ministerio fiscal, ou a declaración da súa litioxidade.

### **ALEGACIÓN NÚM. 31 (DOC. 190131763)**

#### **Parcela 77**

RESUMO: A alegante achega documentación aos efectos de acreditar a titularidade da parcela expropiada, e invoca a súa titularidade.

Proposta: Proponse **estimar** a alegación presentada, no que atinxe a acreditación da titularidade das ditas parcelas, segundo a documentación presentada neste intre do procedemento, sen prexuízo – e de ser o caso- de abordar e adiar o seu estudo, nunha fase posterior do expediente, no caso da aparición a posteriori -e con carácter previo a que se materialice o correspondente acto de pagamento, de documentación que desvirtúe o agora invocado, e con comunicación de conformidade coa lexislación que resulta de aplicación ao Ministerio fiscal, ou a declaración da súa litioxidade.

### **ALEGACIÓN NÚM. 32 (DOC. 190149770)**

#### **Parcela 49-50**

RESUMO: A alegante achega documentación aos efectos de acreditar que non é titular das ditas parcelas; Xunta a tales efectos resolución da xerencia territorial do catastro.

Proposta: Proponse **estimar** o referido escrito de alegación, segundo a documentación presentada neste intre do procedemento, sen prexuízo – e de ser isto o caso- de abordar e adiar o seu estudo, nunha fase posterior do expediente, no caso da aparición a posteriori -e con carácter previo a que se materialice o acto de pagamento, de documentación que desvirtúe o agora invocado, e con comunicación de conformidade coa lexislación de aplicación ao Ministerio fiscal.

### **ALEGACIÓN NÚM. 33 (DOC. 200008853)**

#### **Parcelas 82-83**

RESUMO: O alegante achega documentación aos efectos de acreditar a titularidade das ditas parcelas, das que reclama a súa propiedade; Xunta a tales efectos diversa documentación.

Proposta: Proponse **estimar** o referido escrito de alegación, segundo a documentación presentada neste intre do procedemento, sen prexuízo – e de ser o caso- de abordar e adiar o seu estudo, nunha fase posterior do expediente, no caso da aparición a posteriori -e con carácter previo a que se materialice o correspondente acto de pagamento, de documentación que desvirtúe o agora invocado, e con comunicación de conformidade coa lexislación de aplicación ao Ministerio fiscal, ou a declaración da súa litioxidade.

### **ALEGACIÓN NÚM. 34 (DOCS. 200102223; 200102224; 200111422;200111423; 200119402; 200119403;**

#### **Parcela 41**

RESUMO: A alegante reproduce o contido da alegación achegada con data do 05.03.2019 (COD. SOL:: w329391-5904), cuxo contido, estudo e resolución, se expresou e concluíu nas alíneas anteriores, ao corresponderse e reiterase o contido da alegación núm.1 (DOC. 190032906), da que se reitera o xa esgrimido.

O que informan os técnicos que subscriben ao respecto das alegacións achegadas no correspondente período de información pública e ata a data actual, no senso indicado nas alíneas precedentes, incorporándose á presente proposta, e servíndolle de fundamentación, ao abeiro do previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,segundo xa se expuxo e sometendo o concluído a calquera outro mellor fundado técnica/ e xurídicamente.

Compre sinalar, como conclusión e tendo en conta o estudo e resposta as anteditas alegacións que, a superficie total a expropiar acada uns 21.131,00 m<sup>2</sup> (incluídas as parcelas municipais existentes ao longo do río) e que o importe estimado da expropiación dos bens e dereitos afectados acada un estimado de 430.478,72 euros, á vista das alegacións achegadas no antedito período de información pública, e das que se propón a súa estimación total ou parcial, poren, elevarase o expediente ao departamento dos servizos centrais desta XMU, aos efectos de que se practiquen as variacións/modificacións que se consideren suficientes no certificado de retención de crédito unido ao presente expediente





## Concello de Vigo

con data do 15.10.2018 (núm. de operación 201800002871), no senso indicado, e facer fronte ao seu libramento, no seu correspondente “iter procedimental”.

### V- Competencia

Resulta competente para a adopción do acordo que de seguido se propondrá a Xunta de goberno local (artigo 127.1.d) da LBRL), a proposta do Consello da XMU (arts. 10.1 d, 10.1.j) e 2.4.A.12 dos Estatutos da XMU)

### PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo ditame do Consello da XMU a adopción do seguinte,

### ACORDO:

**Primeiro.-** Estimar/ Estimar parcialmente, e desestimar as alegacións interpostas durante o correspondente trámite de información pública e ata a data actual, con base ao informado polos técnicos que subscriben na parte expositiva da presente proposta, e polos motivos e fundamentación sinalados.

**Segundo.-** Aprobar definitivamente o Proxecto expropiatorio tramitado polo procedemento de taxación conxunta para a obtención dos terreos afectados para a execución do proxecto do paseo fluvial no río Lagares, treito rúa Manuel Álvarez- Avda de Madrid, segundo o documento de data agosto de 2018, elaborado conxuntamente polo servizo de urbanización e infraestruturas e o servizo de cartografía da XMU, e asinado dixitalmente con data do 05.09.2018, cun orzamento estimado de 430.478,72 euros.

A dita aprobación definitiva leva aparelada a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados, de conformidade co disposto no artigo 118.10 da LSG 2/2016, do 10 de febreiro, e en similares termos o artigo 293.10 do seu Regulamento de desenvolvemento, que preceptúan que, o pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7, e 8 do artigo 52 da LEF.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo de aprobación definitiva de xeito individualizado a todos os interesados no expediente, e aos titulares de bens e dereitos afectados, conferíndolles un prazo de vinte (20) días hábiles, a contar dende o seguinte ao de recepción da cadansúa correspondente notificación, a fin de que manifesten por escrito ante esta Administración expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado definitivamente, con indicación de que, en tal caso, darase traslado do expediente e da folla de prezo xusto impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia, aos efectos da fixación do prezo xusto que, en todo caso, se fará de acordo cos criterios de valoración establecidos na lexislación vixente. De conformidade co art. 118.8 da vixente LSG, no caso de que non formulen oposición á valoración no dito prazo de vinte (20) días, entenderase aceptada e que se fixou no acto aprobatorio do expediente, entendéndose determinado o prezo xusto definitivamente e de conformidade.

**Cuarto.-** Comunicar e facerlle constar, aos interesados e persoas titulares de bens e dereitos afectados que o presente acordo -a excepción da parte relativa á valoración dos bens e dereitos a expropiar- por fin á vía administrativa, e que contra esa parte do mesmo

poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ao abeiro do previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, consonte ao disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdición contenciosa administrativa, a contar ambos prazos dende o día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que consideren procedentes.

O presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ao seu superior criterio.”

O Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 15/09/2020, acorda elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Recepción das obras de urbanización (prolongación da rúa) na Barxa de Covelo. Conexión da rúa Barxa do Covelo coa rúa Gardarón, en execución do convenio urbanístico suscrito entre o Concello de Vigo e a Mercantil “Alvariño Inversiones S.L.” Expte. 325/403.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.



## Concello de Vigo

### **26(755).- RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN (PROLONGACIÓN DA RÚA) NA BARXA DE COVELO. CONEXIÓN DA RÚA BARXA DO COVELO COA RÚA GARDARÓN, EN EXECUCIÓN DO CONVENIO URBANÍSTICO SUBSCRITO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A MERCANTIL “ALVARIÑO INVERSIONES S.L.” EXPTE. 325/403.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta do 18/09/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, o enxeñeiro civil e o xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

I.- Con data do 22 de marzo de 2019, a Xunta de goberno local do Concello de Vigo, acordou, entre outros pronunciamentos, e no que aquí nos interesa, prestar aprobación ao texto inicial do Convenio urbanístico nomeado na cabeceira, do que se extracta a continuación o seu íntegro contido, para unha mellor comprensión do sentido do acordo nel adoptado,

**“(…) APROBACIÓN DO TEXTO INICIAL DO CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A MERCANTIL ALVARIÑO INVERSIONES S.L. PARA A REALIZACIÓN DE OBRA DE URBANIZACIÓN (PROLONGACIÓN DA RÚA) NA RÚA BARXA DE COVELO (CONEXIÓN DA RÚA BARXA DO COVELO COA RÚA GANDARÓN). EXPTE. 325/403.**

*Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 13/03/19, asinado polo xerente de Urbanismo, o interventor Xeral, e pola vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:*

#### **1.- Antecedentes.**

*Presentada proposta de convenio urbanístico nesta Xerencia Municipal de Urbanismo para a terminación da rúa Barxa do Covelo, de conformidade co previsto nos artigos 400 e seguintes do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo o que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG) e o informe xurídico do Secretario desta Xerencia Municipal de Urbanismo de 6.11.2018 (trámite 28 de expediente de referencia), procedeuse a tramitación do mesmo, seguindo os fitos recollidos neste informe.*

*A sinatura do texto do convenio o 4 de decembro de 2018, debe entenderse realizada como parte do trámite de audiencia, na súa opción de manifestación de adhesión.*

*De acordo co informe xurídico emitido polo Secretario e o artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procede a aprobación pola Xunta de Goberno Local, do texto inicial do convenio (dita proposta xa foi aprobada polo Consello o 20.12.2018).*

*Na estipulación Terceira B), “Obrigas do Concello de Vigo”, figura unha achega do Concello de Vigo por importe máximo de 150.000,00 euros ou do 43,14 % do custo de execución da urbanización do viario Barxa do Covelo (sempre o importe máis baixo dos dous).*

*Toda vez que esta obriga económica para o Concello de Vigo “realizarse tras a recepción da obra” e esta está prevista para 2020, dito compromiso de aportación quedará condicionado a existencia de consignación adecuada e suficiente no Orzamento de dito exercicio. A tal efecto, dita previsión deberase incluír no correspondente proxecto ozamentario.*

*En base a dita previsión de imputación a exercicio futuro, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“PRIMEIRO: Aprobar o texto inicial (achégase como ANEXO) do Convenio urbanístico de execución do planeamento a subscribir entre o Concello de Vigo e a mercantil ALVARIÑO INVERSIONES S.L. para a realización de obra de urbanización (prolongación da rúa) na rúa Barxa de Covelo (conexión da rúa Barxa do Covelo coa rúa Gandarón), achegando o Concello de Vigo -trala súa recepción- o importe máximo de 150.000 euros con cargo ó seu Orzamento de 2020.*

*SEGUNDA: Notificar o presente acordo á mercantil INVERSIONES ALVARIÑO S.L. ao obxecto de que no prazo dos quince días seguintes a súa notificación se persoe na Xerencia Municipal de Urbanismo para a sinatura do texto inicial aprobado; transcorrido este prazo sen que o Convenio sexa asinado, quedará sen efecto.*

*TERCEIRO. Facultar á concelleira delegada de Urbanismo e vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo para a sinatura do Convenio; da súa subscrición dará conta individualizada o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e á Xunta de Goberno Local*

*CUARTO. Asinado o Convenio, someterase ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, por un período dun mes. O anuncio indicará o lugar ou punto de acceso electrónico a un enderezo en que se poida consultar o seu contido íntegro; no anuncio constará a identidade das partes.*

*QUINTO. Tras a información pública, de non presentarse alegacións, o texto inicial aprobado e o documento administrativo asinado entenderase definitivo sen necesidade de nova sinatura nin da súa ratificación pola Xunta de Goberno Local, producindo esta aprobación e a formalización acadada plenos efectos xurídicos. Calquera das partes poderá solicitar a elevación do documento administrativo a escritura pública. O texto íntegro do Convenio publicarase no Diario Oficial de Galicia, anotarse no Rexistro de Convenios e remitirase copia o Arquivo de Convenios.”*

### **Acordo**

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

### ANEXO

### CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A MERCANTIL “ALVARIÑO INVERSIONES S.L.” PARA A REALIZACIÓN DE OBRA DE URBANIZACIÓN (PROLONGACIÓN DA RÚA) NA RÚA BARXA DE COVELO. CONEXIÓN DA RÚA BARXA DO COVELO COA RÚA GANDARÓN

*En Vigo, a -- de ----- de dous mil dezanove.*

### REUNIDOS

*Dunha parte, D<sup>a</sup> MARÍA JOSÉ CARIDE ESTEVEZ, concelleira delegada de Urbanismo do Concello de Vigo e vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo asistida polo secretario da XMU, José Riesgo Boluda os efectos de asesoramento e dacción de fé do presente negocio xurídico.*



## Concello de Vigo

Doutra parte, D. LUIS BLANCO RODRIGUEZ, DNI nº 35.257.153 Q, en nome e representación da entidade ALVARIÑO INVERSIONES S.L. con domicilio social na Avenida de Madrid nº 197, XXXXX Vigo, e C.I.F. Número B-36995553; constituída por tempo indefinido en escritura autorizada polo Notario de XXXX, o día 15.06.2004, baixo o número XXXX do seu protocolo. Inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra, ao Tomo XXXX; Libro XXXX; Folio XX; Folla XX XXXX, inscrición XX.

Exerce a súa representación en virtude da súa condición de Administrador único da sociedade mencionada segundo consta nos Estatutos.

As partes, na condición na que interveñen, recoñécense capacidade necesaria e representación suficiente para formalizar o presente Convenio urbanístico a cuxo fin,

### EXPOÑEN

Primeiro. A terminación dá rúa Barxa do Covello, entre a Avenida de Madrid e a rúa Gandaron, prevista no Plan Xeral vixente, é moi necesaria para lograr o establecemento de sentidos únicos nas rúas da contorna dado que a reducida sección de cálelas Estrada Vilar e Camiño Fonte fai perigosa a circulación e o estacionamento dos veciños, o que melloraría a fluidez e a seguridade vial da contorna.

É, por tanto, necesaria, unha solución que consiga a conexión entre a Avda. de Madrid e o barrio de Vilar, xerando mellor mobilidade e mais estacionamento.

Segundo. A rúa Barxa do Covello nace como viario lateral de servizo entre dous concesionarios de automóviles, construídos nos anos 60, con fronte á Avda. de Madrid. Posteriormente este viario empezou a tomar importancia co desenvolvemento de máis edificacións industriais tamén ligadas ao automóbil. Xa o Plan Xeral de 1988 recoñeceu a debilidade estrutural viaria dos crecementos industriais máis fortes do municipio, os apoiados na Avd. de Madrid.

O Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente (PXOU 93) traza este viario cun ancho de 12 m que se prolonga ata a rúa Gandarón e cun "ramal" cara ao norte que conecta con camiño Vilar.



Terceiro. No ano 2000 subscribiuse un convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia (CPTOPV), no cal esta última comprometéase ao financiamento, contratación, execución e dirección de varias obras de apertura e ampliación de viario nos barrios periféricos de Vigo, entre os

que se atopaba o ensanche e mellora de de a rúa Gandarón (Lavadores), do mesmo xeito, na cláusula terceira do convenio, establecía a obrigación do Concello de poñer a disposición da CPTOPV, libre de cargas e gravames, todos os terreos necesarios para a normal realización das obras para executar.

No ano 2003 aprobáronse definitivamente os proxectos de urbanización (4415/401) e de expropiación (152/413) da rúa Gandarón, en ambos os proxectos inclúese o tramos de conexión da rúa Barxa do Covelo coa rúa Gandarón.

O 27 de outubro de 2004 asináronse, entre outras, as actas de ocupación das parcelas P-017, P-018, P-049, P-049 bis, P-050, e P-051 que, xunto cos terreos de titularidade municipal, constitúen o tramo de conexión da rúa Barxa do Covelo coa rúa Gandarón. Na actualidade, nin a mellora da rúa Gandarón nin o tramo de viario en cuestión executáronse e nin este convenio prorrogouse nin se contemplou esta rúa en posteriores convenios coa Xunta de Galicia.

A rúa Barxa do Covelo executouse en distintas fases, estando pendente a última:

1. O primeiro tramo, no seu arranque desde a avenida de Madrid, e dunha lonxitude duns 50 m, executouse no ano 1960 como viario lateral de locais comerciais do sector do automóbil (antigamente Salfer, agora Pérez Rumbao, Seat, Audi y Volkswagen).

2. O segundo tramo, foi executado no ano 2000 como urbanización da fronte da nave de Troncalva (concesionario Toyota), en base ao proxecto aprobado baseado no PGOU 1993, de uns 120 m de lonxitude..

3. O terceiro tramo, foi executado en 2011-2012 como ramal desta rúa que entronca co camiño Vilar, dunha lonxitude duns 215 m., e promovidas por Alvariño Inwestimentos, como urbanización da fronte de nave industrial (expediente 48908/421)

4. O cuarto tramo, aínda sen executar e duns 90 m. de lonxitude, sería a conexión deste viario coa rúa Gandarón, atópase expropiado, segundo proxecto de expropiación 152/413, e a súa definición está contida no proxecto de urbanización da rúa Gandarón exp 4415/401 aprobado en 2003.

Cuarto. Na actualidade e dado o importante grao de implantación de industrias neste viario, faise necesario dar saída de Barxa do Covelo, pois a alternativa sempre transcorre polo viario de servizo da avenida de Madrid, cun tráfico moi saturado; saír por Gandarón implica poder contactar con estrada vella de Madrid e estrada de Madrid sen contactar con este viario de servizo.

A actuación resulta acorde cos obxectivos xerais do Plan de Mobilidade Urbana Sustentable de Vigo, que xa prevé a reordenación da Avd. de Madrid, concretados, neste caso, na redución de custos asociados á mobilidade, a promoción da actividade económica optimizando a loxística, coa redución dos efectos negativos da presenza de tráfico pesado na cidade, incrementando a seguridade nas viaxes intra urbanos, tanto para vehículos como para peóns e mellorando as condicións de seguridade en cruces e interseccións. Ademais, visto o informe emitido pola Xefa do Servizo de Transportes, a urbanización referida tería un potencial efecto sobre o obxectivo xeral relativo a facilitar o uso do transporte público a futuros usuarios.

A empresa "Alvariño Inwestimentos S. L." propietaria de numerosas industrias no ámbito lindeiro ha manifestado o seu interese en que se execute este último tramo do viario, comprometéndose a realizar e cofinanciar parte das obras.



## Concello de Vigo

Quinto. "Alvariño Inversiones S. L." redactou un proxecto de apertura do viario e a súa conexión con Gandarón, baseándose no proxecto municipal aprobado o 8.05.2003 e dos terreos expropiados mediante o proxecto expropiatorio aprobado polo pleno do concello o 6.06.2003 (cuxas actas de ocupación constan no expediente), pero dotándoo das instalacións e nivel de urbanización esixidos na actualidade.

Sexto. De acordo co proxecto presentado e os informes técnicos municipais, os prezos de mercado de materiais, man de obra e maquinaria necesaria, o custo estimado de execución da obra, impostos incluídos, é de TRESCENTOS CORENTA E SETE MIL SEISCENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (347.697,09 €.-)

En virtude do exposto e como conclusión do proceso de negociación e colaboración na busca de solucións axeitadas as partes consideran conveniente para o interese público a firma do presente Convenio Urbanístico para a execución de obras de urbanización en base ás seguintes,

### ESTIPULACIÓNS

#### **Primeira. Efectos e obxecto do Convenio.**

O artigo 398.3.b) do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo o que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, posibilita a celebración de convenios para a execución do Plan e, con el, a execución do sistema viario previsto ao afectar á unha urbanización aprobada.

O presente Convenio Urbanístico formalízase para a execución do vixente PXOU 1993 ao ter por obxecto a terminación da rúa Barxa do Covello, entre a Avenida de Madrid e a rúa Gandaron.

Por tanto, trátase dun Convenio Urbanístico para a execución do planeamento cuxa finalidade é:

1. Definir os termos de colaboración entre o Concello de Vigo e "Alvariño Inversiones S.L." para a execución do tramo viario colidante co ámbito desenvolvido por esta empresa e a súa conexión coa rúa Gandaron.
2. Establecer os compromisos para o financiamento das actuacións necesarias para a execución desta obra e conseguir así a finalidade do tramo viario xa executado coa súa conexión á rede viaria circundante.

#### **Segunda. Acordo para a execución do vial.**

Como queira que o planeamento de aplicación non determina as obrigas de financiamento para a finalización do novo tramo viario mediante o correspondente sistema de actuación, e cuxa superficie xa foi expropiada polo Concello; tendo en conta o especial interese da asinante en abrir un novo acceso viario á súa industria e o interese público na execución dun tramo viario longamente demandado e necesario para a mobilidade nese ámbito urbano e a dotación de novas prazas de aparcadoiro, as partes alcanzaron un acordo para a súa execución e financiamento nos termos expostos na Estipulación Terceira do presente documento.

#### **Terceira. Obrigas das partes.**

A) Obrigas da "ALVARIÑO INVERSIONES S.L."

"ALVARIÑO INVERSIONES S.L." asume os seguintes compromisos:

1. Abonar integramente os custos de redacción do “Proyecto de Urbanización de vial Barxa do Covelo-Gandaron” redactado polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo presentado no Concello con data 21 de febreiro de 2018 (nº Rexistro 180027932)

2. Contratar as obras de execución do citado Proxecto de Urbanización e a dirección técnica necesaria para a súa execución; no suposto de modificacións propostas pola dirección facultativa da obra na execución das mesmas que supoñan maior custe, tal importe será asumido na súa integridade por “ALVARIÑO INVERSIONES S.L.”.

3. Realizar ditas obras conforme ao proxecto aprobado e conforme aos prazos de execución nel previstos cos axustes necesarios no caso de que aparezan partidas non definidas no proxecto ou imprevistos.

4. Garantir ao Concello de Vigo a idoneidade das partes do viario aínda non recibidas, para proceder á súa recepción libres de cargas e gravames.

5. Garantir ao Concello de Vigo a non utilizar para a execución da obra terreos distintos aos que xa fosen propiedade do Concello por ser expropiados para a súa execución. No seu caso, calquera outra ocupación temporal que considerase necesaria ou conveniente para a súa execución será pola súa conta exclusiva, tanto ás autorizacións que foren necesarias para iso, como aos seus eventuais custos.

B) Obrigas do Concello de Vigo.

O Concello de Vigo asume os seguintes compromisos:

1. O Concello asumirá, supervisará e, no seu caso, aprobará o “Proxecto de Urbanización de viaria Barxa do Covelo- Gandaron” redactado polo arquitecto D. Pedro da Ponte Crespo presentado ante o Concello con data 21 de febreiro de 2018.

2. Poñer a disposición de “ALVARIÑO INVERSIONES S.L.” os terreos xa expropiados para a execución deste tramo viario.

3. Na medida que as obras a executar son públicas o Concello de Vigo fiscalizará e inspeccionará a execución das mesmas o obxecto da súa execución conforme o proxecto aprobado.

4. Recibir a obra executada conforme al proxecto técnico aprobado.

5. Abonar a “ALVARIÑO INVERSIONES S.L.” a cantidade de CENTO CINCUENTA MIL EUROS (150.000 €) para a cofinanciación da execución da obra conforme ao proxecto aprobado que forma parte deste Convenio. A entrega desta cantidade realizarase tras a recepción da obra.

6. A recepción da obra nova, unha vez finalizada a execución do proxecto, producirase mediante a subscripción polo técnico municipal designado para o efecto da Acta de Recepción.

7. A cantidade de 150.000,00 euros a abonar polo Concello de Vigo correspóndese co 43,14 % do custe estimado de execución por contrata, 347.697,09 euros; no suposto de que esta cantidade, segundo a certificación final de obra, sexa obxecto de minoración a achega municipal diminuirá na mesma proporción.





## Concello de Vigo

### **Cuarta. Garantía das obras.**

*“ALVARIÑO INVERSIONES SL.” garante a correcta execución das obras, establecendo a favor do Concello o prazo de garantía de un ano desde a súa recepción formal.*

### **Quinta. Cesión dos efectos derivados do Convenio.**

*“ALVARIÑO INVERSIONES S.L.” non poderá ceder os dereitos nin as obrigacións que para ela derivan do presente Convenio, sen autorización previa e por escrito do órgano competente do Concello.*

*Con independencia de que a empresa poida contratar total ou parcialmente a execución do Proxecto, ela asume exclusivamente a súa correcta execución fronte ao Concello, sendo da súa exclusiva conta calquera gasto que puidese ocasionar a súa contratación total ou parcial.*

### **Sexta. Tramitación do Convenio.**

*O presente Convenio, ten carácter administrativo, carecerá de efectos en tanto en canto non sexa aprobado definitivamente polo órgano municipal competente e asinado posteriormente. Tramitarase conforme ao procedemento previsto nos artigos 167 da Lei do Solo e 401 e concordantes do Regulamento.*

### **Sétima. Documentación que conforma o Convenio.**

*Forma parte integrante deste Convenio e, por tanto, do réxime de reciprocidade, o “Proyecto de Urbanización de vial Barxa do Covelo-Gandaron” redactado polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo presentado no Concello con data 21 de febreiro de 2018 así como as actas de ocupación definitiva dos bens e dereitos afectados pola súa execución levantadas polo Concello de Vigo.*

### **Oitava. Xurisdición competente.**

*Os litixios que puideran xurdir como consecuencia da formalización, cumprimento, interpretación e extinción do presente Convenio someteranse á orde xurisdicional contencioso-administrativo.*

II.-De conformidade co disposto no acordo adoptado, a antedita proposta foi asinada conxuntamente pola Vicepresidenta da XMU e pola mercantil “Alvariño Inversiones S.L.” con data do 14 de decembro de 2018, e ratificada con data do 11 de abril de 2019, segundo consta incorporado no expediente de razón.

III.- Pola súa banda, e en cumprimento do nel disposto, someteuse o presente expediente, con toda a documentación que o integra, ao preceptivo trámite de información pública, mediante a inserción de anuncios no DOG núm. 90 do 13.05.2019, e no Faro de Vigo do 19.04.2019, estando a disposición do público en xeral na páxina web do Concello de Vigo [http://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo\\_infra.php?lang=gal#/](http://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_infra.php?lang=gal#/), no Portal de transparencia, así como no Departamento municipal de urbanización e infraestruturas desta XMU.

Deste xeito consta incorporado ao expediente, a certificación expedida con data do 14.06.2019 polo secretario desta XMU, co visto e prace da Concelleira delegada da área de urbanismo, do seguinte teor literal,

“(…) Que o expediente núm. 325/403 relativo ao “CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO A SUBSCRIBIR ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A MERCANTIL ALVARIÑO INVERSIONES S.L. PARA A REALIZACIÓN DE OBRA DE URBANIZACIÓN (PROLONGACIÓN DA RÚA) NA RÚA BARXA DE COVELO (CONEXIÓN DA RÚA BARXA DO COVELO COA RÚA GANDARÓN)” foi sometido ao trámite de información pública, por prazo de un mes, mediante publicación de anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo do 19.04.2019) e no Diario Oficial de Galicia núm. 90 do 13.05.2019, e exposición na páxina web do Concello de Vigo, no Portal de transparencia, así como no Departamento Municipal de Urbanización e Infraestruturas da Xerencia de Urbanismo (sito na planta segunda do Edificio da Xerencia de Urbanismo).

Durante o referido prazo de información pública non se presentaron escritos de alegacións.(…)”.

V.- A vista da antedita certificación e en cumprimento do disposto no apartado quinto do nomeado acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do Concello de Vigo con data do 22.03.2019 , e unha vez finalizado o trámite de información pública (DOG núm. 90, do 13 de maio) e emitido o correspondente certificado de exposición con data do 14 de xuño de 2019 sen terse recibido ningún escrito de alegación, o texto inicial aprobado e o documento administrativo asinado enténdese definitivo, de conformidade coa lexislación que resulta de aplicación, sen necesidade de nova sinatura nin da súa ratificación pola Xunta de Goberno Local, producindo a aprobación e a formalización acadada plenos efectos xurídicos, polo que se procedeu á publicación do texto íntegro do Convenio no DOG núm. 151 do 09.08.2019.

VI.- De conformidade co alcance das obras a acometer con data do 09.08.2019 (Not. Núm. 8548-2019) notificouse ao organismo Augas de Galicia a comunicación do inicio das ditas obras, dándolle traslado do informe subscrito con data do 09.08.2019 polo enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas, onde se describen as actuacións a acometer,( cuxo teor literal se extracta a continuación) e xuntando a tales efectos a autorización concedida no seu día para a súa execución na zona de policía de leitos, no Concello de Vigo ( A súa Clave: DH.W36.8052),

#### “(…) ANTECEDENTES

*El proyecto de urbanización de la calle Gandarón, redactado por el ICCP Alberto Moreno García, Expediente 4415/401, fue aprobado definitivamente en consejo de Gerencia el 08/05/2003 y publicado en el D.O.G. n.º 120 el 23/06/2003.*

*Para la obtención de los terrenos necesarios para ejecutar estas obras se redactó el proyecto de expropiación de la calle Gandarón, Expediente 152/413, que también fue aprobado definitivamente en consejo de Gerencia el 08/05/2003. Las parcelas expropiadas fueron pagadas y ocupadas como constan en las correspondientes actas contenidas en el expediente.*



## Concello de Vigo

*Una parte de las obras de urbanización contemplaba un ramal que unía la calle Gandarón con el vial transversal a la Av. de Madrid (hoy Barxa do Covelo), tramo que discurre paralelo al río Lagares.*

*Consta en el expediente del proyecto de urbanización la **autorización de obras en zona de policía de leitos no Concello de Vigo, clave DH.W36.8052 de fecha 26/08/2004.***

*En la actualidad no se han ejecutado las obras de urbanización de la calle Gandarón, pero el Concello de Vigo a suscrito un convenio urbanístico de colaboración con la empresa Alvariño inversiones para acometer las obras de urbanización del tramo del proyecto aprobado que prolonga la calle Barxa do Covelo con la calle Gandarón, dicho convenio se ha publicado en el D.O.G. n.º 151 el 09/08/2019.(..)"*

VII.- Con data do 09.09.2019 a Vicepresidenta desta XMU, ditou resolución, pola que se dispuxo nomear ao enxeñeiro técnico desta XMU, don Juan Hansen García, funcionario de carreira adscrito ao servizo de urbanización e infraestruturas, como Técnico encargado da dirección facultativa das ditas obras, correspondéndolle as competencias e ás obrigacións establecidas polas disposicións legais e reglamentarias vixentes, en especial consideración ao disposto pola Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, (artigos 12 e 13), polo RD 1627/ 1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (artigos 62, 237 a 246).

VIII.- Así as cousas, con data do 31.08.2020 (COD. SOL.: W467689-1439) a entidade Alvariño Inversiones SL, presentaba a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo, diversa documentación, aos efectos de acreditar o remate da ditas obras e aos efectos de proceder a súa recepción, consistente en: Planos do estado final das obras, certificado final de obra asinado polo técnico director da obra con data 24.08.2020, acta de entrega das obras de urbanización asinada con data do 24.08.2020, resume dos controles de calidade realizados, e reportaxe fotográfico.

Deste xeito queda acredita no expediente que o funcionario técnico designado por esta administración, acorda recibir as mesmas, de conformidade co disposto no Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, iniciándose así o prazo de garantía.

IX.- Polo exposto, procede neste intre proceder á recepción da obra que nos ocupa-urbanización do vial Gandaron Fase I, Tramo Barxa de Covelo- Rúa Gandarón , e deste xeito con data do 16.09.2020 o enxeñeiro xefe da oficina de urbanización e infraestruturas desta XMU, emite informe FAVORABLE á recepción as obras que nos ocupan, do xeito que segue,

*“/..) Según consta en la documentación remitida por el solicitante en fecha 31/08/2020 ( Doc. 200155329 ), las obras recogidas en el Convenio firmado entre el mismo y el Concello de Vigo ( Junta de Gobierno Local de fecha 22/03/2019 ), han sido finalizadas, cuentan con la conformidad municipal ( Acta de Entrega de fecha 24/08/2020 ) y han sido puestas al uso público.*

*Procede por tanto proseguir con el contenido del clausulado del citado Convenio, así como con el procedimiento administrativo que concluya con la aceptación de dichas obras de urbanización por el órgano competente.*

Se adjunta Acta de Entrega.(...)”.

## FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### I. Normativa examinada.

- RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana;
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia ;
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG;
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas;
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia;
- R.D.2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais;
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na súa versión consolidada;
- R.D.1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Admóns. Públicas;
- R.D.817/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento parcial da LCSP;
- Instrución 1/2015 pola que se modifica a Instrución 2/2012 e se aproba o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización do Concello de Vigo (aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22.10.2015, B.O.P nº 223, do 18.11.2015);
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P nº 133, o 14 de xullo de 1993.
- Instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno 24.07.2019 e publicado no DOG num. 26.08.2019 ;BOP do 20.09.2019;
- Estatutos da XMU (A.D. versión refundida e consolidada Pleno do Concello de día 06.09.2010, BOP nº. 193, de día 06.10.2010)
- O resto de disposicións que poidan afectar,

### II. Recepción das obras de urbanización.

De conformidade co disposto no artigo 96 da LSG, os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidos no planeamento e non poderán modificar as previsións do planeamento que desenrolan, sen prexuízo de que podan efectuar as adaptacións exixidas pola execución material das obras, respectando, en todo caso, as condicións de accesibilidade.

No mesmo senso, o artigo 7.4, segundo parágrafo, do TRLS, establece que a terminación das actuacións de urbanización producírase cando conclúan as obras urbanizadoras de conformidade cos instrumentos que as lexitiman, téndose cumpridos os deberes e levantado as cargas correspondentes. No presente caso, as obras urbanizadoras foron executadas do xeito e co resultado que se reflicte no relato de feitos, así como no informe do enxeñeiro xefe do servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU de data 16.09.2020 no que se propón a Recepción das devanditas obras, en atención a



## Concello de Vigo

documentación xuntada e obrante no expediente de razón.

Como xa consta en reiterados informes da Oficina de Planeamento – Xestión, a decisión de recibir as obras de urbanización é marcadamente técnica, pois a verificación da súa conformidade co proxecto aprobado corresponde á OSPIO e ao Servizo de Urbanización e Infraestruturas e, no senso exposto, corresponde aos ditos servizos técnicos acreditar que consta a total execución do proxecto de urbanización e que as obras se atopan en estado de ser recibidas. Así as cousas, o técnico propoñente deberá constatar que as obras están rematadas e en bo estado e que son conformes co proxecto aprobado, sen que proceda formular proposta xurídica ningunha.

III. Órgano competente para resolver.

De acordo co disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, LRBRL, a competencia correspóndelle á Xunta de Goberno Local a proposta do Consello da XMU.

### PROPOSTA

Por canto antecede, dando cumprimento ao disposto no artigo 172 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, propónse a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Declarar a recepción das obras de urbanización (prolongación da rúa) na Barxa de Covelo. Conexión da rúa Barxa do Covelo coa rúa Gandarón, en execución do Convenio urbanístico suscrito entre o Concello de Vigo e a mercantil “Alvariño Inversiones S.L.”, de conformidade cos feitos e fundamentación técnica e xurídica exposta.

**SEGUNDO:** Notificar a presente, á todos os interesados no expediente, co ofrecemento dos recursos que resulten precedentes consonte a dereito, facéndolles constar que o presente acordo pon fin a vía administrativa, significándolles que contra o mesmo, cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun (1) mes ao abeiro do previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, consonte ao disposto nos artigos 8- 1 e 46-1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdición contenciosa administrativa, a contar ambos prazos dende o día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que consideren precedentes. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

**TERCEIRO:** Dar traslado do presente acordo á oficina de Urbanización e Infraestruturas da XMU, Patrimonio e Contratación, Estadística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Servizo de Limpeza, Mobilidade, Transporte e Seguridade, Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, Licenza de Obras e ás empresas: Aqualia, Unión Fenosa Distribución, S.A., Telefónica, R Cable e Gas Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante, esta proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

O Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 22/09/2020 acordou elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**27(756).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez